



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 59

Sesión plenaria
7 de febreiro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 20231 (10/PNP-001503)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións laborais dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 215, do 22.11.2017

4.2 22214 (10/PNP-001649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que deber realizar a Xunta de Galicia en relación coa xestión da AP 9 perante o Goberno de España, a defensa dos intereses das persoas usuarias dela e o cumprimento dos acordos parlamentarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

4.3 22251 (10/PNP-001652)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas sondaxes mineiras que se están a realizar nos concellos de Touro e O Pino en tanto non se garanta a viabilidade dos recursos hídricos que abastecen a zona e se obteña a correspondente autorización de Augas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

4.4 22581 (10/PNP-001664)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas na última campaña polas inclemencias meteorolóxicas e a avespiña do castiñeiro na produción, transformación e comercialización da castaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

4.5 22892 (10/PNP-001683)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da realización de eventuais modificacións na rede pública de centros de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

4.6 22988 (10/PNP-001685)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre a pena de cadea permanente revisable introducida no ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

4.7 23160 (10/PNP-001691)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

4.8 23560 (10/PNP-001707)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José e cinco deputados/as máis**

Sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da aplicación, nos casos de herdanzas ou doazóns con residentes en países terceiros (que non pertencen á UE nin ao EEE) nos que resida o causante, o herdeiro ou o donatario, ou no que se atope un inmovible obxecto de doazón, do mesmo criterio que para o caso de residentes na Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

Punto 5. Interpelacións**5.1 8083 (10/INT-000342)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 26.04.2017

5.2 15770 (10/INT-000551)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

5.3 22234 (10/INT-000756)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración que realiza o Goberno galego do investimento en Galicia previsto no Proxecto de orzamentos do Estado para 2017, os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado e a estratexia negociadora que vai seguir co Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 24290 (10/POPX-000070)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da cidadanía referidas ás consecuencias dos recortes e privatizacións dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

6.2 24319 (10/POPX-000071)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da súa política en materia laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

6.3 24337 (10/POPX-000072)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación na que se atopan os servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 24307 (10/PUP-000141)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e sete deputados/as máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe institucional a Israel que vai iniciar o presidente da Xunta de Galicia o día 30 de xaneiro de 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

7.2 24336 (10/PUP-000142)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns do Goberno galego para non aceptar as reivindicacións do persoal da Administración de xustiza asumidas de xeito unánime polo Parlamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 251, do 01.02.2018

7.3 22060 (10/POP-002624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e tres deputados/as máis

Sobre a existencia dunha avaliación feita pola Xunta de Galicia do impacto que tería no naval galego a proposta de renovar a frota pesqueira de altura nos estaleiros galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

7.4 21820 (10/POP-002561)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis

Sobre a política da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de fomento e dinamización da lectura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

7.5 22095 (10/POP-002631)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto de se a proposta de zonificación para a admisión do alumnado, nos centros docentes sostidos con fondos públicos da cidade de Vigo, responde ás necesidades de escolarización existentes
Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

7.6 23502 (10/POP-002861)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia encamiñadas a incluír na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como materia troncal, segundo o acordo adoptado polo Pleno do Parlamento do 18 de outubro de 2017
Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.7 23405 (10/POP-002799)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a normativa en que se basea a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de non incluír o alumnado repetidor no cómputo das ratios de alumnos por aula
Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.8 21875 (10/POP-002586)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e seis deputados/as máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia verbo das axudas a proxectos de transformación de produtos agrarios concedidas nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

7.9 23397 (10/POP-002797)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para non adoptar medidas co fin de manter en uso, en réxime de arrendamento a través do Bantegal, as terras que están a abandonar a actividade agrogandeira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.10 22591 (10/POP-002707)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a realización pola Consellería do Mar dalgunha valoración da posible afección na ría de Arousa da reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino
Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica a ausencia xustificada do señor Sánchez García e do señor López Crespo. (Páx. 13.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da cidadanía referidas ás consecuencias dos recortes e privatizacións dos servizos públicos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 14.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 18.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da súa política en materia laboral. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 20.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 22.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 23.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 24.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación na que se atopan os servizos públicos (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 26.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 27.)

Réplica do autor: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 29.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 30.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a palabra con base nos artigos 13 e 76 do Regulamento e expón unha queixa respecto da intervención do señor presidente da Xunta. (Páx. 31.)

O señor presidente considera que non hai tal vulneración dos devanditos artigos e que, polo tanto, non procede a petición da deputada. (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas na última campaña polas inclemencias meteorolóxicas e a avespiña do castiñeiro na produción, transformación e comercialización da castaña. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 35.), *Sr. Quiroga Díaz (S)* (Páx. 36.) e *Sr. González Vázquez (P)*. (Páx. 38.)

Nova intervención do señor Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 40.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da realización de eventuais modificacións na rede pública de centros de ensino. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 41.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 43.), *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 43.) e *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 47.)

Nova intervención do señor Álvarez Martínez (S). (Páx. 49.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a pena de cadea permanente revisable introducida no ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 53.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 55.) e *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 58.)

Nova intervención da señora Prado del Río (P). (Páx. 60.)

O señor presidente pídlle á señora Prado del Río que retire determinadas expresións pronunciadas no seu discurso que considera inapropiadas. A señora Prado del Río matiza as súas palabras pero o señor presidente retíraas do Diario de Sesións en aplicación do artigo 106.3 do Regulamento. (Páx. 63.)

Piden a palabra a señora Pontón Mondelo e o señor Villares Naveira para intervir sobre este asunto.

O señor presidente denega finalmente a palabra a ambos os deputados e chama á orde á señora Pontón Mondelo. (Páx. 64.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 65.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 66.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Cuña Bóveda (EM).* (Páx. 69.)

O señor presidente, antes de continuar coa rolda de intervencións, lémbrralle á señora deputada Prado del Río que ten unha chamada á orde polas expresións utilizadas no debate anterior, advertencia que non fixo con anterioridade por esquecemento. (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 73.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 74.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da aplicación, nos casos de herdanzas ou doazóns con residentes en países terceiros (que non pertencen á UE nin ao EEE) nos que resida o causante, o herdeiro ou o donatario, ou no que se atope un inmovible obxecto de doazón, do mesmo criterio que para o caso de residentes na Unión Europea. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. González Vázquez (P).* (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 79.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 80.) e *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 82.)

Nova intervención do señor González Vázquez (P). (Páx. 84.)

Votación das proposicións non de lei

O señor Moreira Ferro (P) intervén para solicitar a votación por separado da emenda aceptada respecto da redacción orixinal da proposición non de lei, proposta que non é aceptada polo grupo proponente. (Páx. 86.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións laborais dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza de Galicia: *rexeitado por 30 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

O señor Fernández Prado (P) pide a votación por puntos na votación da seguinte proposición non de lei, proposta que é denegada polo grupo proponente. (Páx. 87.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa xestión da AP-9 perante o Goberno de España, a

defensa dos intereses das persoas usuarias dela e o cumprimento dos acordos parlamentarios: *rexeitada por 18 votos a favor, 37 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 87.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas sondaxes mineiras que se están a realizar nos concellos de Touro e o Pino en tanto non se garanta a viabilidade dos recursos hídricos que abastecen a zona e se obteña a correspondente autorización de Augas de Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Pax. 87.)

Votación da Proposición non de lei do G. P de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas na última campaña polas inclemencias meteorolóxicas e a avespiña do castiñeiro na produción, transformación e comercialización da castaña: *rexeitada por 31 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da realización de eventuais modificacións na rede pública de centros de ensino: *rexeitada por 31 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a pena de cadea permanente revisable introducida no ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal: *aprobada por 37 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para dar lectura ao texto transaccionado sobre a proposición non de lei que se vai votar de seguido. (Páx. 89.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña: *aprobado por 68 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da aplicación, nos casos de herdanzas ou doazóns con residentes en países terceiros (que non pertencen á UE nin ao EEE) nos que resida o causante, o herdeiro ou o donatario, ou no que se atope un inmovible obxecto de doazón, do mesmo criterio que para o caso de residentes na Unión Europea: *aprobada por 55 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións.* (Páx. 89.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre a celebración do día 7 de febreiro como Día dos Medios en Galego, declaración que se aproba por asentimento. (Páx. 90.)

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 91.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 94.)

Réplica da autora: Sra. Blanco Rodríguez (S). (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 98.)

Interpelación de D. Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 100.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 103.)

Réplica da autora: Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 107.)

Suspéndese a sesión ás tres e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que realiza o Goberno galego do investimento en Galicia previsto no proxecto de orzamentos do Estado para 2017, os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado e a estratexia negociadora que vai seguir co Goberno central. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 109.)

Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 112.)

Réplica da autora: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 117.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a política da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de fomento e dinamización da lectura. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 120.)

Contestación da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González). (Páx. 121.)

Réplica da autora: Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 123.)

Pregunta de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto de se a proposta de zonificación para a admisión do alumnado, nos centros docentes sostidos con fondos públicos da cidade de Vigo, responde ás necesidades de escolarización existentes. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 125.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións da Xunta de Galicia encamiñadas a incluír na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como materia troncal, segundo o acordo adoptado polo Pleno do Parlamento do 18 de outubro de 2017. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 131.)

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a normativa en que se basea a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de non incluír o alumnado repetidor no cómputo das ratios de alumnos por aula. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 134.)

Réplica da autora: *Sra. Chao Pérez (EM)*. (Páx. 135.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 136.)

O señor presidente pídelo á señora Chao Pérez (EM) que retire unha expresión referida á señora Prado del Río. Logo da contestación da señora deputada ao señor presidente, este retira a expresión do Diario de Sesións e chámala á orde. (Páx. 137.)

Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia verbo das axudas a proxectos de transformación de produtos agrarios concedidas nos últimos anos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 138.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 139.)

Réplica do autor: *Sr. Vega Pérez (P)*. (Páx. 140.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 140.)

Pregunta de D. José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para non adoptar medidas co fin de manter en uso, en réxime de arrendamento a través do Bantegal, as terras que están a abandonar a actividade agrogandeira. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 143.)

Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 145.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a realización pola Consellería do Mar dalgunha valoración da posible afección na ría de Arousa da reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 146.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 147.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 148.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 149.)

Remata a sesión ás seis e trinta minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión.

Antes de iniciar a sesión, xustificar a inasistencia do deputado señor Sánchez, do Grupo Parlamentario de En Marea, e do señor López Crespo, do Grupo Parlamentario Popular.

Seguimos co punto sexto da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas da cidadanía referidas ás consecuencias dos recortes e privatizacións dos servizos públicos

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Señor Feijóo, o BNG leva meses reclamándolle que poña en marcha unha axenda a favor de Galiza, pero vostede o único que ten é unha axenda en contra de Galiza e que ademais executa con prepotencia e con soberbia. Está vostede dinamitando Galiza e usando a súa maioría como unha patente de curso para xustificar a voadura programada dos servizos públicos. Pero os galegos e galegas xa están fartas, como o demostra unha onda crecente de malestar social que cada vez é máis grande, un malestar social que vimos o domingo nunha multitudinaria manifestación en defensa da sanidade pública. A súa reacción: facer ouvidos xordos e acelerar unha contrarreforxa sanitaria que vai traer máis listas de espera, máis privatizacións e máis recortes.

Xa nos aclarou o señor Puy que vostede non goberna a golpe de manifestantes, vostede prefire gobernar a golpe de reunións clandestinas coa patronal da sanidade privada. *(Aplausos.)*

Un malestar social que tamén vimos este luns con novas manifestacións en defensa das pensións. A súa reacción: lairse porque o señor Montoro non lle vai dar premio porque foi vostede o campión dos recortes. E ten que explicar por que vostede renunciou a ter máis cartos para os servizos públicos a través do Fondo de Liquidez Autonómica, do que si se beneficiaron outras comunidades. ¡É que é vostede como xestor un fenómeno! E agora pretende presentarse como vítima.

E, de novo, malestar social hoxe cunha folga na xustiza. A súa reacción: dinamitar a mesa de negociación con esa prepotencia coa que desgoberna este país.

En conclusión, señor Feijóo, vostede ten unha axenda en contra de Galiza na sanidade, nos servizos públicos e na xustiza, que se traduce en máis recortes e privatizacións e que está creando un malestar social crecente. Deixe de lado a prepotencia e a soberbia e escoite o que

lle están pedindo os galegos e galegas nas rúas, que son sanidade pública, pensións dignas e unha xustiza moderna e eficiente.

O BNG proponse que abra un diálogo para defender os servizos públicos, un diálogo no que estean todos os sectores implicados e todos os grupos deste Parlamento, que exerza como presidente e que busque solucións. Porque está claro que vostede xa nos anunciou que ten tomada a decisión de marchar e que simplemente está agardando a ver se se lle abre a porta que lle interesa. *(Murmurios.)* Pero é que quedan dous anos de lexislatura e só hai dúas opcións: ou ben vostede dimite... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...ou ben pon as pilas para traballar na defensa dos intereses... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...deste país. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Porque o malestar social...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: ...é a maneira en que os galegos e galegas lle están dicindo na rúa que vostede é parte do problema, cando debería ser parte da solución. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: E por iso lle pregunto se vai escoitar as demandas da cidadanía galega en defensa dos servizos públicos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, di vostede que a miña decisión é marchar. Dáme a sensación de que vostede confunde os seus desexos coa realidade. *(Risos.) (Aplausos.)* A miña decisión é quedar. *(Aplausos.)* ¡A miña decisión é quedar! *(Aplausos.)*

Pero non, señoría, non quedar porque despois de perder as eleccións quero seguir sendo deputado, como lle pasa a vostede cada vez que hai unhas eleccións, senón quedar porque os

galegos me dixeron que tiña que quedar, e para min é unha honra quedar ata o último instante, ata o último momento. (*Aplausos.*)

Señoría, levamos moito tempo dialogando sobre os servizos públicos. Vostede, dende que é deputada, di que en Galicia se están deteriorando os servizos públicos, salvo —iso si— cando vostedes durante catro anos xestionaron.

Non hai ningunha dúbida de que os galegos teñen dous datos fundamentais: o primeiro, que acabamos de pasar a maior crise económica da nosa historia autonómica e que, ademais, tivemos que xestionar cun pufo de 2.000 millóns de euros que deixou o Goberno que vostede apoiaba.

O segundo dato, señoría, é que os servizos públicos —a pesar da crise, a pesar das dificultades— hoxe están blindados e hoxe son mellores dos que tiñamos nos momentos de bonanza económica. Pero os galegos non soamente queren uns servizos blindados e mellores que os dos anos anteriores, senón que queren uns servizos garantidos para hoxe e para mañá. Aí está o noso compromiso. ¿Existen problemas e existen dificultades? ¡Por suposto! Nada nos apartará de buscar solucións a cada problema.

Diga o que diga, e aínda que vostede non o recoñecerá nunca, porque ten un complexo de superioridade moral, como vostede ten ese complexo, eu non teño ningún. Pero os galegos sabemos perfectamente —diga o que diga o BNG— que hoxe a sanidade pública é mellor que nos últimos anos, que hoxe a educación pública en Galicia é mellor que en calquera outro ano, que hoxe temos máis atención nos servizos sociais que en calquera momento da historia da Comunidade Autónoma e que hoxe a xustiza ten máis infraestruturas tecnolóxicas e físicas que en ningún momento da Comunidade Autónoma. E, ademais, temos enriba da mesa unha proposta salarial para mellorar as retribucións de todos os empregados da xustiza. (*Aplausos.*) Pero, señoría, como o importante non é o que eu diga nin o que vostede opine, permítame simplemente que lle recorde cales son os datos.

No momento de maior bonanza económica —iso si, deixando o pufo de 2.000 millóns de euros— aprobouse o presuposto do ano 2008 na sanidade. Hoxe o presuposto do ano 2018 é superior nun 7 %, 252 millóns de euros máis, que o mellor ano presupostario de Galicia, o ano 2008. Hoxe a porcentaxe da sanidade pública nos presupostos de Galicia é 5 puntos máis —o 40,7 %— que cando vostedes gobernaban. Hoxe hai máis profesionais na sanidade pública que nunca; no ano 2008 había 36.506 e hoxe hai 38.050 persoas que traballan na sanidade pública; é dicir, 1.544 persoas máis. Hoxe hai máis médicos de familia que nunca, 2.601; é dicir, un 7 % máis que cando vostedes gobernaban. Hoxe en Galicia, señoría, hai un 37 % máis de quirófanos que cando vostedes gobernaban. Hoxe hai un récord de intervencións cirúrxicas programadas e de cirurxía ambulatoria; por exemplo, en cirurxía maior ambulatoria, o dobre —o dobre—; vostedes traballaban con 36.000 maiores ambulatorias e hoxe os profesionais están case superando as 74.000.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora Pontón, mire como se mire, e por moito que conte os contos aos que estamos acostumados, sería ben que por unha

vez puxera en valor os servizos públicos galegos. Vostede, que presume de galega, ¿de que presume? Está constantemente deteriorando os servizos públicos de Galicia, (*Murmurios.*) e a min correspóndeme non só defendelos, señoría, senón poñelos en valor. E dicirlle que, como galego, me sinto orgulloso dos médicos, das enfermeiras, de todo o persoal sanitario...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de todo o persoal docente e de todo o persoal de servizos sociais.

E gustaríame simplemente que me aclarara vostede unha cuestión.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Nalgún momento —dígame en que ano— os servizos públicos en Galicia estiveron mellor que hoxe? Dígame en que ano.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, non se altere. Sobre todo non se enfade porque os galegos e galegas lle están dicindo nas rúas que vostede está deteriorando os servizos públicos. Porque non é o BNG quen lle está dicindo —que tamén llo dicimos— que está deteriorando os servizos públicos, é que llo dixeron este domingo miles de persoas nas rúas en contra dos recortes e das privatizacións. (*Aplausos.*) É que lle están dicindo os pensionistas deste país tamén que non aceptan os seus recortes nas pensións. E tamén llo están dicindo hoxe os funcionarios e as funcionarias na xustiza coa primeira folga indefinida da historia deste país. Esa é a súa carta de presentación, señor Feijóo: prepotencia e soberbia e utilizar a súa maioría como patente de curso para xustificar esa voadura programada que se está producindo nos servizos públicos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, programada, unha voadura programada. (*Murmurios.*)

Eu entendo que non lles gusta a verdade, porque é algo incómoda para vostedes, (*Murmurios.*) pero a nosa función, precisamente como representantes dos cidadáns, é dicir o que non lles gusta oír.

E mire, señor Feijóo, vostede recortou 700 camas na sanidade pública deste país. Vostede leva un recorte acumulado na sanidade de máis de 1.800 millóns de euros. Explíquenos como é que, habendo máis recursos, resulta que a atención primaria ten un recorte do 15 % nos orzamentos deste ano. E, sobre todo, se a sanidade pública está nun momento tan marabilloso, ¿como é posible que as listas de espera non paren de medrar? Estes son os datos do Sergas 2014-2017 (*A señora Pontón Mondelo mostra un gráfico*): as listas de espera, señor

Feijóo, non paran de medrar. A vostede válelle dicir que todo está ben, que nunca nada es-tivo mellor, pero o certo é que hai miles de cidadáns neste país que están agardando por unha sanidade que, desde logo, o que non fai é atender adecuadamente as súas necesidades, non polos profesionais —¡se son magníficos!—, polos seus recortes, señor Feijóo, polos seus recortes, que están desmantelando o sistema sanitario público; ¿para que? Pois para favorecer a privada.

Nunca nos explicou por que quixo ocultar esta foto (*A señora Pontón Mondelo mostra unha fo-tografía*) aos galegos e ás galegas, esta foto súa coa patronal privada. (*Murmurios.*) Explíque-nos, señor Feijóo, por que oculta as súas reunións, a súa axenda coa patronal privada.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Mire, ten este país nunha situación realmente preocupante, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e hai un malestar social que padecen os cidadáns na sanidade, tamén con servizos públicos recortados e hoxe cun problema moi grave coa folga da xustiza.

¿E sabe cal é o seu problema, señor Feijóo? Que, como cre que ten..., como ten maioría ab-soluta... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

¡Silencio, por favor!

A señora PONTÓN MONDELO: Eu xa sei que os señores do PP non esperan porque van á pri- vada, pero é que hai moita xente hoxe esperando para a sanidade pública. (*Aplausos.*) (*Mur- murios.*) Claro que si, claro que si. (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, por favor. Silencio, está a señora Pontón no uso da palabra. Silencio. Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Se me deixan os deputados e deputadas do PP, pecho a miña intervención, se é posible...

O señor PRESIDENTE: Si, si, estou tratando de que poida continuar co uso da palabra.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que esta sesión de control se faga con normalidade.

O señor PRESIDENTE: Estamos dilatando moito no tempo e hai que compensalo despois; polo tanto, pido que deixen que remate a señora Pontón; se non, isto é eterno.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu escoitei o señor Feijóo sen alterarme, a pesar de que non estou de acordo con el. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non, pero se a interrompen, claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu non vou á privada, eu vou á pública, pero non teño por que dicir iso. *(Murmurios.)* Silencio.

Señora Pontón, continúe. Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Nós o que cremos é que hai unha demanda neste momento da cidadanía que lle está reclamando que poña fin aos recortes. E hai unha demanda... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...para que vostede se sente a falar cos sectores sociais preocupados polo desmantelamento dos servizos públicos.

Este domingo SOS Sanidade Pública reclamoulle unha xuntanza. ¿Vai vostede atopar un minuto para reunirse cos defensores desa plataforma que convocou miles de cidadáns? ¿Si ou non?

Hoxe ten unha folga indefinida da xustiza neste país. ¿Vai vostede sentarse e negociar? E negociar, señor Feijóo, non é que os demais acepten o seu plantexamento, senón que movan ficha e que realmente acabemos coa deterioración que se está producindo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...dos servizos públicos deste país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, de verdade non pense que é unha descortesía pero sobre a xustiza, se lle parece, falarei máis co portavoz de En Marea, simplemente por deixar algo para falar posteriormente, dada a coincidencia das preguntas. Lamento profundamente non poder contestarlle a vostede, pero seguro que ten moito interese na contestación que lle vou dar ao seu compañeiro portavoz.

Vostede di aquí o que lle peta. Estamos habituados a este tipo de cuestións... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, o que lle peta. *(Murmurios.)* *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Losada, silencio. Estamos no turno de pregunta de control do Bloque Nacionalista Galego. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Acaba de darme unha idea, vou collela posteriormente.

Dicía, señora Pontón, que recortamos —apuntei— 1.800 millóns de euros no presuposto, non sei canta xente no presuposto de primaria, temos as maiores listas de espera da nosa historia... Pero, señora Pontón, vostede xusto ao revés, ao revés, é que non dixo unha soa verdade. Mire que é difícil. Se estamos dicindo que o presuposto maior que tivo Galicia nos últimos dez anos foi no ano 2008 e tiñamos para sanidade 3.532 millóns de euros, e agora hai 3.748, é dicir, 250 millóns de euros máis que no maior momento do presuposto da sanidade pública, ¿iso que é, señoría? ¿Iso é un recorte ou é unha suma? ¿Ou é que nin sequera distingue entre sumar e restar, señora Pontón? (*Aplausos.*) ¿Como pode dicir simplemente que cando se incrementa o presuposto se reduce o presuposto?

¿Como pode dicir, señora Pontón, que estamos diminuindo a aparataxe, os quirófanos, a tecnoloxía, as capacidades tecnolóxicas dos hospitais, cando resulta que incrementamos nada máis e nada menos que un 37 % o número de quirófanos, un 37 %, en plena recesión económica, e duplicamos as intervencións cirúrxicas ambulatorias?

Señora Pontón, ¿como pode dicir que as listas de espera medran cando temos a menor lista de espera dende que hai serie histórica publicada? ¿Como pode dicir isto, señoría, cando collemos a sanidade en plena bonanza económica cunha lista media de espera de 70 día e agora está en 66,7? ¿Como o pode dicir cando as patoloxías urxentes estaban en 40 días de media e agora están en 18 días de media?

Pero, señora Pontón, ¿quen está desprestixiando os servizos públicos? ¿Por que non poñemos en valor o que facemos ben e discutimos aquilo que sexa necesario? Eu estou a favor de discutir todo o que o BNG considere necesario na sanidade, pero o que non podemos aceptar é que vostede nos diga que hoxe temos máis lista de espera —porque non é certo—, que temos menos diñeiro —porque non é certo—, que temos menos quirófanos —porque non é certo— ou que temos menos profesionais —porque non é certo—.

E por iso, señora Pontón, ¿vostede cre que nós queremos diminuír a sanidade cando o que estamos é aumentando os hospitais? ¿Cre que queremos diminuír o Hospital do Salnés cando o que estamos facendo é ampliar o Hospital do Salnés? ¿Cre que queremos facer menos intervencións cirúrxicas no Hospital da Mariña lucense cando estamos multiplicando por dous a infraestrutura do Hospital da Mariña lucense? ¿Por que non comenta co alcalde de Pontevedra que é o que estamos facendo duplicando o Hospital de Montecelo, de Pontevedra?

Señora Pontón, ¿cantas veces se dixeron nesta Cámara tantas mentiras sobre a sanidade? Vostede empezou dicindo que estabamos incrementando os concertos. O presuposto de concerto, cando chegamos ao Goberno, na sanidade pública eran 218 millóns de euros; hoxe, 205. (*Murmurios.*) En dez anos diminuímos a partida de concertos en 13 millóns de euros.

Señora Pontón, pero ¿por que quere seguir enganando a xente? Se quere falar da sanidade, aquí é o momento, aquí é o lugar; falemos, concretemos as emendas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e miremos o que podemos facer pola sanidade pública.

Pero mire, señora Pontón, hai unha das mentiras repetidas como un mantra nos últimos cinco anos. Debería vostede de coller unha sentenza do Tribunal Contencioso de Vigo, 28 de xaneiro, onde se fala da titularidade do hospital público Álvaro Cunqueiro: «*La acreditada plena titularidad pública del Sergas sobre el 100 % del inmueble*». (Murmurios.)

Señora Pontón, pero ¿de verdade que non van pedir nunca desculpas sobre esta forma de facer (*Aplausos.*) política, de mentirlle á xente, de dicir unha cousa e que sexa a contraria?

Señora Pontón,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...levo a metade da miña vida profesional traballando pola sanidade pública. Se quere falar da sanidade pública en serio, ten aquí un bo interlocutor.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se o que quere é enganar os galegos, non conte comigo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego dos resultados da súa política en materia laboral

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señor Leicega.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días. Sigamos entón con esta sesión de control da oposición.

Señor Núñez Feijóo, como sucede cos servizos públicos, vostede vive nunha Galicia de conto na cuestión do emprego; un conto feliz no que o señor Feijóo, con poderes máxicos, resolve ao final todos os problemas. Estes contos son do xénero fantástico, pero, para ser cribles,

teñen que ter un pé, unha realidade. E hoxe a realidade e a súa percepción social tamén en materia de emprego van por outro lado.

No último barómetro do CIS, que vostede seguramente coñece ben, o emprego ou os problemas económicos son unha preocupación central para o 90 % dos cidadáns, tamén en Galicia, tamén en Galicia. A xente en Galicia ten dificultades para crer o relato da recuperación. ¿E sabe por que? Porque o emprego está funcionando particularmente mal no noso país.

Calquera cidadán podía pensar, parafraseando a Ronald Reagan, que non hai saída da crise cando o seu veciño non recupera o seu emprego. É que non hai unha recuperación real se o que non ten oportunidades de emprego é el mesmo.

Comisións Obreiras acaba de publicar a súa radiografía do mercado de traballo e conclúe que o ano 2017 non foi bo en termos de emprego para Galicia. O mercado laboral encóllese, a precariedade é a norma —di este sindicato—. Pero o Servizo de Estudos do Banco Bilbao-Vizcaya díxonos onte que en 2017 Galicia foi das peores comunidades en materia de emprego, no 2018 peor e no 2019 sería a última en materia de emprego, de acordo coas súas previsións; das peores, a peor nos próximos dous anos.

A EPA xustamente constata que ao longo de 2017 só se crearon, de 31 de decembro a 31 de decembro, 6.200 postos de traballo en Galicia, o que é unha clamorosa chamada de atención á política laboral da Xunta. E na mocidade ¿díxolle o seu conselleiro que se perderon 5.000 ocupados por debaixo dos 35 anos, de acordo coa EPA? Algo grave está pasando no mercado de traballo cando obtemos estes resultados cunha expansión económica do 3 %. Algo grave está sucedendo nas políticas de emprego cando con 350 millóns de euros non somos capaces de mellorar eses resultados.

Na Axenda 20 para o emprego no orzamento falaban de 20.000 empregos netos no ano 2017. ¿Considera vostede que se cumpriu este obxectivo?

Na Axenda 20 falábase de reducir a temporalidade, pero segundo a EPA a temporalidade aumentou no ano 2017. ¿Considera vostede que está cumprindo obxectivos tamén nesta materia?

Señor Feijóo, hai 140.000 ocupados menos aínda que no último trimestre do ano 2008, 140.000. En España recuperárase a base laboral previa á crise no ano 2020, en Galicia tardariamos vinte e tres anos máis ao ritmo do ano 2017, tardariamos vinte e tres anos máis. Non imos tardar tanto, xa sei que non, pero a ese ritmo tardariamos vinte e tres anos, demasiado tempo.

O señor Reagan concluía a súa cita dicindo que a recuperación se conseguiría cando fose Carter o que perdera o seu emprego. ¿Teremos que axudalo a vostede a gañar a batalla interna da sucesión a Rajoy para que poidamos darlles oportunidades de emprego aos nosos cidadáns en Galicia?

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moi ben, señor Leiceaga, eu agradezo que traia á Cámara como un economista acreditado o señor Ronald Reagan. É evidente, señoría, que o Partido Socialista está, sen ningunha dúbida, nun tránsito ideolóxico nunca coñecido. (*Aplausos.*) (*Risos.*) Pero o certo e verdade... (*Murmurios.*) Non debe de molestalo, señoría. Vostede citou a Ronald Reagan e eu cito que o señor Leiceaga citou a Ronald Reagan. (*Risos.*) É unha cousa absolutamente correcta. Non vou citar a Comisións Obreiras, porque o economista de cabeceira de Comisións Obreiras é deputado nesta Cámara; por certo, non do seu grupo; polo tanto, corresponderalle a el facer as valoracións que considere oportuno sobre a EPA.

Pero o certo e verdade, señoría, é que me sorprende que vostede, que é economista, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) diga que a recuperación en Galicia é simplemente un conto do señor Feijóo. Levar un incremento do produto interior bruto nos últimos tres anos superior ao 3 % é un conto; non teñen nada que ver os traballadores, non teñen nada que ver as empresas, non ten nada que ver o tecido produtivo. Ter o récord de exportación da economía galega non ten nada que ver nin coa competitividade da nosa economía nin coa mellora da nosa economía no seu conxunto. Ter un turismo histórico de máis de 5 millóns, iso non, iso é un conto do señor Feijóo. Estar neste momento producindo máis de 400.000 vehículos na factoría de PSA-Peugeot-Citroën-Opel en Vigo iso tamén é un conto do conselleiro de Industria. Ou ter neste momento o naval con carga de traballo máis que nunca nos últimos dez anos, iso pois tampouco ten ningún interese.

Mire, señoría, no mes de novembro vostede preguntoume polo paro e agora en xaneiro volvemos falar disto. Quero dicirlle que dende a última pregunta ata o de agora todas as noticias foron positivas. Mírese como se mire, tanto o paro rexistrado como as afiliacións á Seguridade Social, como a Enquisa de poboación activa, no ano 2017 din todas que o emprego creceu e que o paro baixou por cuarto ano consecutivo. Se me di vostede se estou plenamente satisfeito, direille que non, pero se me di vostede se estamos no sendeiro clarísimo, catro anos consecutivos de creación de emprego e de baixada de paro, creo que iso non deberíamos de discutilo.

¿Que lle parece se, en vez de coller un mes, collemos a media de cada ano? Parécelle máis axeitado probablemente. Mire, se vostede colle a media dende o ano 2013, que foi o ano onde marcamos o récord de paro e destrución de emprego, en Galicia dende o ano 2013 ata o de agora, o ano 2017, de acordo coa Seguridade Social, temos 60.400 afiliacións novas —é dicir, máis— e, de acordo coa EPA, máis de 46.000 afiliacións novas.

Se collemos, señoría, o paro, como evoluciona o paro, se collemos o rexistro do paro, nos últimos catro anos o paro baixou en Galicia case 82.000 persoas. E se collemos a EPA —esa que lle gusta a vostede—, a EPA di que o paro baixou en Galicia máis de 88.000 persoas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non é un tema menor, señoría, sobre todo porque, cando cheguei ao Goberno, vostede e o seu grupo deixaran Galicia cun incremento de paro

de 50.000 persoas no último ano e cunha diminución de cotizantes á Seguridade Social doutras 50.000. Non é un tema menor, señoría.

E se me di, ¿e como vai o ano 2018? No ano 2018, acabamos de coñecer o primeiro dato de xaneiro. Pois no último ano, de xaneiro a xaneiro, do 2017 ao 2018, levamos 22.700 afiliados máis á Seguridade Social. É un paro rexistrado de -22.192 parados. É dicir, no último ano en Galicia o paro rexistro baixou un 10,5 %, tres puntos máis que a media de España.

Señoría, se vostede quere falar do avellentamento da poboación, eu estou de acordo con vostede. Se vostede quere falar de como evoluciona a poboación, vostede sabe igual ca min que cada vez perdemos máis franxa de idade de 16 anos cara arriba e temos máis franxa de idade de 65 cara arriba.

Pero, colla o que colla, a EPA, a Seguridade Social e o paro rexistrado, vostede non pode dicir que o esforzo dos traballadores, o esforzo das empresas, o esforzo na competitividade da nosa economía é un conto, señoría. Parece que o Partido Socialista se alegra cada vez que hai unha mala noticia e que lle preocupan as noticias boas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, hoxe Galicia está moito mellor que cando o Partido Socialista gobernaba.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, xa me dou conta de que o señor presidente quere falar de calquera outra cousa menos do que eu lle preguntaba, que era a cuestión do emprego, como fixen en novembro, e da cuestión do emprego medida a través da EPA, que é como se mide en toda Europa. E na EPA di que o ano pasado creamos 6.200 empregos de 1 de xaneiro a 1 de xaneiro, de 31 de decembro a 31 de decembro. *(Aplausos.)* Esa é a realidade; o demais poden ser contos.

Temos que cambiar as políticas de emprego. Eu non quero castigar o seu conselleiro Conde mandándoo a disputar a alcaldía de Monforte. Perderíaa, pero non se trata diso, *(Risos.)* porque non se trata dun problema de persoas, trátase dun problema de estruturas, de prioridades e de políticas; de estruturas e de prioridades. Porque algo falla na Consellería de Emprego cando resulta que ano tras ano son incapaces de executar os créditos que teñen vixentes no orzamento.

O último dato que temos do 30 de setembro dinos que estaban executando, a 30 de setembro de 2017, un euro de cada catro dos que tiñan vixentes no orzamento; a 30 de setembro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, son plurianuais, pero isto pasa ano tras ano.

E nas políticas, mire, vostedes aprobaron a Estratexia Autónoma 2020; 40 millóns de euros por ano, coa pretensión de crear 10.000 empregos no ano 2017. Pois ben, de acordo coa EPA, destruíuse emprego autónomo no ano 2017. E vostedes dicían que había que destinar 50 millóns ás políticas de emprego. Está ben, pero resulta que a súa pretensión de aumentar, polo menos, en 13.000 os postos de traballo, queda cando menos na metade, e nun terzo en relación co prometido no orzamento. Deben revisar as políticas de emprego na súa integridade. Claro que está habendo recuperación económica, estamos crescendo máis do 3 %. Xustamente por iso é dramático que con crecemento da economía real do 3 % non sexamos capaces máis que de presentar estas magras cifras. Por iso eu o interpelo, non para cambialo todo, senón para cambiar as políticas de emprego que non están funcionando.

E o emprego non é prioritario para vostede cando ano tras ano permite que isto suceda. A responsabilidade xa deixa de estar nas mans do seu conselleiro para pasar ás súas mans. E non se conforme con contos con final feliz. Asuma o principio de realidade e poña orde nas políticas de emprego. E se non é capaz desde dentro, pois fale cos axentes sociais, cos sindicatos, cos empresarios, utilice a expertos universitarios, utilice o Consello Económico e Social, que fai moi bos informes, utilíceos para poñer orde nas políticas de emprego, para cambiar de políticas e para conseguir darlles unha esperanza a aqueles todos —sobre todo a mocidade— que están buscando como seguir facendo a súa vida laboral, profesional, na súa vida, no noso país.

Se teñen que escoller entre facer as maletas eles ou que as faga vostede, señor Feijóo, eu creo que, ao final, a nosa sociedade terá clara a súa decisión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, creo que ten vostede algunha proposta para algún conselleiro desde o punto de vista das eleccións municipais. Podemos falala, pero eu non teño ningún interese en que vostede vaia encabezar a lista ao Partido Socialista de Santiago, dígollo con afecto... ¿Non me escoita? Digo que non teño ningún interese en que vostede vaia encabezar a lista do seu partido por Santiago. Dígollo con afecto, porque son interesantes os debates que vostede plantexa, sobre todo, señoría, porque, collendo cifras, nunca quere coller a totalidade das cifras. Colle un renglón da cifra, pero non o quere coller... É dicir, de todo o paro rexistrado, cando temos menos paro que no ano 2008, iso non ten importancia; cando temos tantas afiliacións á Seguridade Social como no ano 2011, iso non ten importancia; cando este ano, á data de hoxe, temos unha redución do paro do 10,5 %, tres puntos máis que España —e España é o país da Unión Europea con máis redución de paro—, iso tampouco ten importancia.

¡É sorprendente! É sorprendente que unha comunidade autónoma rebaixe o paro o 10,5 % no último ano e que iso lle pareza que é unha política equivocada. Pero, señor Leiceaga, ¿vostede quere, de verdade, falar en serio? Eu si, e cantidade de cousas me interesan do que

vostede di, pero, evidentemente, cóllanse como se collan, os datos da EPA sinalan que dende o ano 2013 baixou o paro en Galicia 89.000 persoas —datos da EPA, deses dos que vostede fala—. E os datos da EPA dende o ano 2013 din que en Galicia se creou emprego en 47.000 persoas. E a vostede iso pois non lle importa, porque colle o dato de decembro, e o dato de decembro elévao á categoría máxima. Non lle importan nin as medias nin os anos transcorridos; non, o dato de decembro. ¡Pero se xa temos os datos de xaneiro, señor Leiceaga!

Pero mire, di que teño que cambiar as políticas. Con todo o interese. Emprego indefinido: en Galicia, o 73 %; en Andalucía, o 64 %; en Extremadura, o 64 %; en Valencia, o 70 %, nas Illes Balears, o 70 %, e, por certo, en Castela-A Mancha, o 72 %. En todas as comunidades autónomas onde goberna o PSOE, menos emprego indefinido que en Galicia.

Por certo, cando vostede apoiaba o Goberno no Bipartito —época de bonanza económica—, o emprego indefinido era o 69,6 %, agora é o 73 %. Hoxe temos máis emprego indefinido que cando vostedes gobernaban.

Ocupados a xornada completa —EPA—: a xornada completa en Galicia, o 86,5 %, superior á media de España. Somos a cuarta comunidade autónoma coa taxa máis alta de empregados a xornada completa, superior a Valencia, superior a Andalucía, superior a Extremadura. ¿Exactamente que quere que copie de políticas, señor Leiceaga?, ¿as políticas de Extremadura, as políticas de Andalucía, as políticas de Valencia, as políticas do Bipartito? Non, señor Leiceaga, xa sei que temos que seguir traballando no emprego. Non me escoitará a min dicir que estou plenamente satisfeito coa evolución do emprego, por suposto que non. Agora, debería ser un pouco máis coidadoso cando fala dos orzamentos que se executan. Galicia é a comunidade autónoma con máis orzamentos en materia de políticas activas de emprego de España. Primeira afirmación.

Segunda afirmación: o orzamento autorizado do presuposto do 2017 é o 85 % do total do orzamento. E o orzamento comprometido, o 87 % do total do orzamento autorizado. ¿E di vostede que non executamos orzamento, sabendo perfectamente que este orzamento é plurianual porque hai programas dentro das empresas que se executan en anos posteriores?

Pero estou dando os datos do ano 2017. Cunha porcentaxe de presuposto autorizado do 85 % e de presuposto comprometido do 87 %, eu creo que non é un tema menor.

Polo tanto, señor Leiceaga, se vostede...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...quere que lle diga que estou plenamente satisfeito coa evolución do emprego en Galicia, a miña resposta é que non. Agora ben, con que Galicia teña unha evolución do emprego superior á media das comunidades autónomas, a resposta é que si.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación na que se atopan os servizos públicos

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, comezarei cunha pregunta moi clara: ¿cantos sacrificios máis temos que facer as galegas e os galegos para pagarlle a vostede a carreira en Madrid?

Desde que vostede accedeu á Presidencia de Galicia, a súa única ambición foi a sucesión de Rajoy, un sacrificio persoal seu, a súa carreira política, a súa carreira profesional, e sacrificou todo, todo o benestar das galegas e galegos para conseguilo. Para pagarlle a vostede a carreira en Madrid, as galegas e galegos botamos máis tempo enfermos, temos as peaxes máis caras do Estado, renunciámos a coller os trens de mercancías e os trens de pasaxeiros, renunciámos a un financiamento xusto e temos peor xustiza.

A pregunta é clara: ¿canto diñeiro máis nos vai custar aos galegos e ás galegas que vostede sexa importante en Madrid?

Desde que vostede chegou ao Goberno de Galicia as galegas e galegos vivimos peor, temos peor calidade de vida, temos peor sanidade, temos peor xustiza, temos as peaxes máis caras e quedamos sen trens; é dicir, con vostede como presidente as galegas e galegos vivimos peor.

Conteste: ¿cantas listas de espera nos vai custar a súa ambición?, ¿cantos colapsos máis de urxencias? ¿Cantas áreas sanitarias pechadas nos vai custar a súa xira madrileña? Soamente no día de hoxe van ser suspendidos 500 xuízos por unha folga na xustiza, por un conflito que vostede é incapaz de xestionar. ¿Canto sufrimento ás vítimas dos delitos, ás vítimas que aceden ao sistema xudicial, vai ocasionar a súa ambición madrileña e a súa incapacidade para xestionar os conflitos do seu propio país?

¿Merece a pena o sacrificio de todo un país pola carreira política dunha soa persoa? E o peor de todo non é iso, o peor de todo é que, por máis que sacrifiquemos, vostede suspende unha e outra vez en Madrid; non é capaz de aprobar a carreira que quere facer vostede en Madrid; non é capaz. É verdade, a proba está aí unha semana máis: unha xira máis infrutuosa para colocarse na *pole position* para suceder a Rajoy. Ten un duro competidor en De la Serna e non é capaz de saír diso.

¡Home!, desde logo, nós somos capaces de entendelo, de empatizar con vostede. Acumular tanto capital, acumular un capital que é un aforro a custa dos sacrificios dos galegos e das galegas, acumular todo un capital que é incapaz de rentabilizar en Madrid, que non lle vale para nada porque non lle serve para colocarse nesa carreira por esa sucesión, sacrificar o

benestar da xente, sacrificar o tren, sacrificar a sanidade, a xustiza, as peaxes, para que ningún lle faga caso... Os galegos e as galegas xa non podemos facer nada máis por vostede, non vai facer carreira porque non o queren en Madrid. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

¡Silencio, por favor!

O señor VILLARES NAVEIRA: Vostede ten un problema en Madrid, e o que queremos preguntarlle e o que queremos dicirlle é que non nolo faga pagar aos galegos e ás galegas coa deterioración dos servizos públicos, aforrando en Galicia, recortando en Galicia para a súa propia carreira en Madrid.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente, que bo sería se as preguntas se clarificasen dende o seu enunciado.

Resulta que ao señor Villares isto dos servizos públicos lle importa tanto como nada. E agora resulta que nos dá leccións da carreira en Madrid, dos temas internos do Partido Popular en Madrid, e di que levo non sei canto tempo aspirando a Madrid. ¡Pero, señor Villares, non lle queda a vostede nada que aguantarme como presidente da Xunta! (*Aplausos.*) (*Risos.*) ¡Non lle queda a vostede nada!

Señor Villares, probablemente, cando vostede non sexa deputado, eu seguirei sendo presidente da Xunta, se os galegos queren, pódollo asegurar. (*Aplausos.*)

Se cren vostedes que estas bromas de Madrid a min me preocupan..., ¡pero se xa estou acostumbrado! Dende o ano 2003, que cheguei a Galicia, me falan de Madrid. Grazas a que os galegos non os toman en serio, podo ser presidente da Xunta durante doce anos. Non está mal, señor Villares. Non sei canto vostede vai ser o portavoz do seu grupo, pero dáme a sensación de que doce anos, en ningún caso, señor Villares.

É certo que vostede agora sabe moito máis das políticas internas do Partido Popular que das políticas internas dos grupos que conforman a súa coalición, porque simplemente vostede non é invitado nin sequera ás reunións. Nin contan con vostede nin lle dan conta nin posibilidade de opinar. É dicir, fan reunións, iso si, multitudinarias, asembleas abertas de 140 persoas, e sacan os temas por unanimidade.

Mire, como eu teño respecto polos servizos públicos do meu país, vou falar, aínda que vostede non me pregunte. Voulle falar dun problema que nos preocupa ao Goberno —a vostede, non, evidentemente—, que é o problema da folga da xustiza. A min preocúpame como pre-

sidente da Xunta; xa sei que a vostede non, pero a min si. E a vostede non, probablemente porque non quere escoitar que o maior investimento en materia de xustiza o fixemos nos últimos oito anos. Vostede debería de sabelo, se non se esqueceu de todo. Que Ourense, Santiago, Ferrol e A Coruña teñan unha nova sede dos seus xulgados centrais non é un tema menor, nunca se fixera, e que neste momento esteamos construíndo a nova sede dos xulgados centrais na cidade de Pontevedra e que esteamos facendo o maior investimento da historia da xustiza nunha cidade da xustiza en Galicia na cidade de Vigo non é un tema menor. Xa sei que a vostede iso non lle importa, porque aquí vostede vén a outra cousa, a falar das políticas internas do PP.

Pero, en fin, se hai un conflito na xustiza, a resposta é que si. ¿E que queren? Máis retribucións, máis prazas e mellores condicións. Son normais esas propostas. Nós temos ofrecido —e sábeo vostede perfectamente; onte, na pregunta, o señor vicepresidente deixouno claro—... As organizacións sindicais romperon a Mesa de negociación que tiñamos porque se levantaron dela. Díxoo vostede, está no *Diario de Sesións*.

Pois ben, en relación coas maiores retribucións, nós temos enriba da mesa unha proposta de retribucións que pon a Galicia por encima da media das comunidades autónomas. Se se aceptase a proposta que ten neste momento a Xunta de Galicia diante das organizacións sindicais, habería entre 10 e 12 comunidades autónomas onde se cobraría menos que en Galicia, por exemplo, en Valencia, por exemplo, en Cataluña, e nalgunhas delas incluso que en Navarra. ¿Por iso non quería vostede falar da xustiza?

Mire, señoría, a suba salarial que estamos propoñendo é de entre 690, 660 e 900 euros ao ano, ademais do incremento que corresponde, por suposto, polas leis de presupostos.

Temos o compromiso de buscar unha equiparación para substituír os compañeiros; temos o compromiso da estabilización dos temporais —dos que levan a praza temporal— mediante unha oferta pública de emprego; temos o compromiso de incrementar en 43 as novas prazas de reforzo, e 7 delas de psicólogos; temos o compromiso de facer un plus nos xulgados de violencia de xénero de entre 1.200 e 600 euros máis cada ano.

A ampliación por maternidade é a máis grande de España, de 16 a 20 semanas, e o permiso de paternidade propoñemos ampliálo de 29 días a 5 semanas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, aquí está a táboa, nin trampa nin cartón. (*O señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, amosa unha táboa.*) A proposta que está enriba da mesa sitúa a Galicia, en materia de persoal de xestión, como a comunidade autónoma con 10 comunidades por debaixo; é dicir, con menos retribucións que as que propoñemos en Galicia; en materia de tramitadores, con 11 comunidades autónomas —en Valencia e en Cataluña con menos retribucións que as que propoñemos en Galicia—; e en auxilio, en persoal de auxilio, Valencia, Navarra, Cataluña, A Rioxa, Aragón, Murcia, Baleares, Castela e León, Castela-A Mancha, Extremadura, Ceuta e Melilla —todas as que acabo de dicir— por debaixo da proposta de Galicia.

¿Non chega esta proposta sindical? Seguiremos falando, pero, dende logo, eu non lles vou ocultar aos galegos que a proposta sitúa o persoal de xustiza por riba da media do total das comunidades autónomas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente, dixo antes o señor Santalices que hoxe xustificaron a súa ausencia nesta Cámara dous deputados, o señor López Crespo e o señor Sánchez García. ¿Verdade ou non? ¿Si ou non? (*Asentimento.*) Ben, xustificaron a súa ausencia, e, por xustificar a súa ausencia, non van sufrir ningún tipo de detrimento no seu salario durante o día de hoxe, por non vir. Os funcionarios de xustiza o primeiro día que non poden ir traballar por unha causa igual de xustificada que as dos nosos deputados sofren unha perda do 50 % do salario. Esa é a diferenza; é unha das reivindicacións salariais, unha das reivindicacións que por incapacidade temporal os traballadores de xustiza queren. Si que foi algo ao que vostedes condenaron a todo o sector público dende o ano 2012, e iso é o que queren revertir; algo revertido, por certo, noutras comunidades autónomas e que vostede podería facer xa se tivese querido.

Esa táboa de incremento salarial para o 2018, ¿sabe canto é? Cero euros, ¡cero! ¡Nada!, e este conflito xa leva enriba da mesa dende o ano 2017; co cal, vostedes poderían ter subvertido se quixesen.

Ao final, ¿que é o que pasa? Ao final, pasa que a realidade non pode contra as súas manipulacións; a realidade pódese ver por parte de toda persoa que sofre: a xente que sofre os recortes na sanidade ve; a xente que sofre listas de espera, os que van ás urxencias ve; a xente que hoxe non vai poder ser atendida na xustiza ve; o funcionariado que non ve atendidas as súas reivindicacións ve; a xente que no outono vía tamén como se queimaban as súas casas, como se queimaba todo ao seu redor vía, a pesar de que vostedes pretendían que non o visen; a xente que non pode coller o tren ve; a xente que paga as peaxes cada día ve. Toda esa xente non traga as súas mentiras. Son manipulacións que son mentiras.

Vostede equivocouse de carreira en Madrid, ese é o problema. Escolleu a carreira da submisión, que consistía en ser manso e en recibir instrucións. Fala vostede das instrucións e fala vostede das reunións internas dos partidos. É que vostede vai a Madrid ás reunións do Partido Popular a recibir instrucións, única e exclusivamente, de calar a boca no financiamento autonómico, de calar a boca nas infraestruturas e de calar a boca para que a xente aquí non viva mellor. Esa é a súa función dentro do Partido Popular: aforrar en Galicia e recortar en Galicia para facer carreira en Madrid, e iso é o que nós xa non estamos dispostas a aturar por un minuto máis, porque nos está ocasionando moita perda de benestar, de servizos esenciais para a cidadanía. Estes días é a sanidade, ou é a xustiza, pero é día a día todo aquilo que nos fai vivir peor desde que vostede é presidente da Xunta de Galicia.

Por iso non queremos que vostede siga así, por iso non queremos que vostede siga gobernando unicamente en beneficio de vostede mesmo. Non se trata de que eu o teña que aguantar a vostede, trátase de que as galegas e os galegos o teñen que aguantar a vostede, e están fartos de que lles recorten, están fartos de ter que sufrir perdas de servizos públicos, (*Aplausos.*) están fartos de que a súa ambición os leve a vivir peor, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Mire, os servizos públicos dependentes da Xunta de Galicia, os servizos sociais, a educación, a sanidade están infinitamente mellor xestionados que nos concellos onde vostedes gobernan. A súa alternativa é coñecida: non facer nunca nada. É certo que se pode ser alcalde sen facer nada, pero a nós elixíronnos xustamente para gobernar.

Di vostede que na xustiza polos primeiros días de IT hai un desconto, igual que en todos os empregados públicos de Galicia; en todos, en todos os empregados públicos da Comunidade Autónoma. ¿É que vostede está pedindo unha cousa distinta para algúns e non lles importan os outros? ¿Esa é a súa proposta? ¿A súa proposta é esa? Díga, díga, señoría. (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*) A nosa proposta é clara: os empregados públicos da xustiza teñen todo o noso respecto e toda a nosa admiración, igual que os empregados da sanidade, de educación e que os dos servizos sociais.

Di vostede, señoría, que no ano 2018 propoñemos cero euros de incremento. ¿Pero de verdade que vostede non sabe que no ano 2018 sería ilegal facer un incremento das retribucións? ¿Sabe vostede, señoría, que o Ministerio de Facenda do Goberno central acaba de notificar á Comunidade Autónoma de Madrid que deixe sen efecto o incremento da xustiza para o ano 2018? ¿Sabe vostede que o Ministerio de Facenda está notificando ás comunidades autónomas que non se pode contravir a lei? ¿E vostede, señoría, dende o seu currículo, me propón que faga un acordo en contra da lei? Nun parlamento democrático hai un deputado que me propón que salte as leis para chegar a un acordo nun servizo público. (*Murmurios.*) ¿Pero de verdade que vostede intenta falar en serio sobre estas cuestións?

Mire, señoría, acabo de darlle os datos e déixoos á disposición do presidente da Cámara. Acabo de dar os datos da proposta que está enriba da mesa dos traballadores da xustiza, e a proposta que temos enriba da mesa é que os galegos, os homes e mulleres que traballan na xustiza, en materia de xestión, teñan 10 comunidades autónomas que cobren menos ca eles; en materia de tramitadores, 11 comunidades autónomas que cobran menos ca eles, e en persoal de auxilio, 12 comunidades autónomas que cobran menos ca eles. ¿E a vostede lle parece que isto non é facer unha equiparación por arriba do que está ocorrendo cos compañeiros da xustiza de Valencia, da Rioxa, de Navarra, de Cataluña, de Aragón, de Murcia, de Baleares, de Castela e León, de Castela-A Mancha, de Extremadura, de Ceuta e Melilla...? Todos estes cobrarían menos se aceptasen os sindicatos a proposta que está enriba da mesa. ¿Parécelle que isto non é unha proposta?

Fálame vostede de recortes da xustiza, cando o que estamos é negociando unha suba salarial para o persoal da xustiza. Fálame de recortes da xustiza cando temos máis infraestruturas xudiciais que nunca.

Mire, eu comprendo que todo é lexítimo, e por suposto cobrar máis é perfectamente lexítimo, e son o primeiro que aceptei que durante a crise económica os empregados públicos galegos botaron unha man enorme, excepcional, para cadrar as nosas contas, sen dúbida, pero hai que dicirlle, señoría, que se aceptásemos a proposta que está enriba da mesa da folga da xustiza para todo o persoal da Xunta de Galicia, iso suporía un incremento de retribucións de 600 millóns de euros.

¿Vostede proponme en serio que incremente o capítulo de gastos de persoal para a Comunidade Autónoma en 600 millóns de euros? ¿Esa é a súa proposta? (*Murmurios.*) ¿A súa proposta é esta? ¿Señoría, que quere, solucionar o problema da xustiza ou incendiar o problema da xustiza?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Eu apúntome a solucionalo, estamos acostumados a negociar coas organizacións sindicais.

Onte chegamos a un acordo coa oferta pública de emprego na educación, a segunda oferta pública de emprego máis alta de toda a historia, igual que en sanidade e no conxunto das administracións públicas.

Señor Villares, equidade si, pero tomarlle o pelo á xente, non. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Continuamos co punto 4...

(*A señora Pontón Mondelo pide a palabra.*)

¿Si, señora Pontón?, ¿para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Con base nos artigos 13 e 76 do Regulamento da Cámara.

O señor PRESIDENTE: Déixeme mirar cales son. (*Risos.*)

A señora PONTÓN MONDELO: Ten que ver coa cortesía e co decoro parlamentario.

O señor PRESIDENTE: Si, pero vounos mirar; imos miralos. (*Pausa.*)

¿E en que se puideron vulnerar estes artigos, señora Pontón?

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, estou segura de que vostede, que, ademais, estivo moi atento aos debates que se produciron esta mañá, puido escoitar, igual que escoitei eu, que o

presidente da Xunta de Galiza, durante a sesión de control, me chamou mentireira. Dixo ademais... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, iso non... Non. Señora Pontón, eu entendo...

A señora PONTÓN MONDELO: Non, permítame, por favor, que creo que esta é unha cuestión importante, que ten que ver con algo que a min me parece que ten relevancia. Escoitei o outro día ao presidente da Xunta, precisamente nun acto no que vostede interviña, dicir que era importante...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que o Parlamento fora un lugar onde debateramos ideas. O presidente da Xunta hoxe dedicouse non só a insultarme a min, a insultar aos miles de galegos e galegas que protestaron polos recortes na xustiza e polos recortes na sanidade... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e, de verdade, eu creo que o insulto e a descualificación só retratan a falta...

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, está entendido. Rematou o seu tempo, señora Pontón. Non está no uso da palabra. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, señora Pontón, non, non... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, rematou o seu turno, non procede. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Pontón, non procede. *(Aplausos.)*

No debate parlamentario non observei eu ningunha cousa na que o presidente da Xunta insultara a ninguén. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Nada, non... Non, perdóeme, pero non.

Continuamos co punto da orde do día de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas na última campaña polas inclemencias meteorolóxicas e a avespiña do castiñeiro na produción, transformación e comercialización da castaña

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Bo día a todas e a todos.

O sector da castaña é un sector emerxente na Galiza, despois dun latente abandono dende os anos oitenta. Galiza é a principal comunidade autónoma de España en produción e exportación de castañas. Na campaña do ano 2016 superáronse os 20 millóns de quilos, que se traducen nun valor estimado xerado que supera con creces os 100 millóns de euros.

Estase a constatar por medio de empresas, cooperativas, produtoras e empresas comercializadoras e transformadoras a preocupación xeneralizada en toda Galiza pola última campaña de outubro do ano 2017.

A produción de castañas en Galiza a día de hoxe non está garantida despois desta nefasta campaña que mingou preto dun 70 %. Esta redución foi produto da seca, das xeadas, do pedrazo e da avespa do castiñeiro, algo que, dende de En Marea, tiñamos máis que avisado dende hai meses e, en cambio, a Consellería do Medio Rural mirou para outro lado.

Debémolo a diversas causas: á avespiña do castiñeiro —a can fraco, todas son pulgas—. A día de hoxe a avespiña do castiñeiro esténdese con velocidade e está a ocasionar serios danos económicos na produción de castaña, pero tamén no patrimonio natural dos soutos centenarios que hai na nosa comunidade.

As esperanzas do sector do castiñeiro están postas na loita biolóxica contra a praga, a través da solta do seu parasito *Torymus*; solta que, por fin, vai ser autorizada despois de que o Partido Popular aprobara unha proposición de lei súa, na Comisión 7ª, cuspidiña a unha nosa que presentamos uns meses antes que o Partido Popular e á que este votara en contra. O tempo, ao final, deunos a razón.

A avespa foi detectada en Galiza en maio do ano 2014, non no ano 2016, como dixo a señora conselleira, mentindo. E, segundo a proxección elaborada na propia publicación da Xunta de Galiza, dende o ano 2015 ao día de hoxe invadiu totalmente a nosa comunidade. Avisados e avisadas estaban. A directora xeral non se reuniu cos sectores implicados, non se tiveron en conta as recomendacións dos técnicos, dende o servizo non hai un plan de xestión serio para desfacerse das bugallas nin hai formación específica nin información e non teñen ningún plan serio de seguimento desta praga, que, por desgraza, xa cubriu a totalidade do territorio galego. A Consellería do Medio Rural ata o de agora tivo preocupación cero pola praga da avespiña e polo sector da castaña.

O proceso de infección do chancro comezou a penetrar as cortizas dos nosos castiñeiros a través das aberturas naturais ou feridas. As únicas medidas que se teñen feito ata o de agora son insuficientes inoculacións de castiñeiros con cepas hipovirulentas; e dicimos insuficientes porque a día de hoxe a totalidade da Comunidade Autónoma de Galiza está afectada co chancro dos nosos castiñeiros. ¿Que medidas efectivas fixo a Consellería do Medio Rural para atallar o problema do chancro nos nosos castiñeiros? ¿É consciente a Consellería de que o tratamento se está facendo de forma errónea e incluso contraproducente ao reciclar a broca que fura o castiñeiro, propagando así a enfermidade a árbores que están coa enfermidade en menor grao de desenvolvemento ou incluso que están sas?

Tamén puxemos en dúbida dende o primeiro momento a liña de axudas que a Xunta de Galiza estaba a sacar para paliar os danos pola seca, pola sarabia ou polas xeadas; liñas de axu-

das que fuxiron da realidade que estamos a padecer produtoras e produtores, así como gandeiros e labregas. A día de hoxe temos constancia de que solicitaron as axudas da seca, por exemplo, un 1,5 % das explotacións de toda Galiza.

Respecto doutras axudas —como subvencionar o xuro de préstamos para ter liquidez nas explotacións—, vémolas totalmente contraproducentes, e non vemos positivo que as familias labregas galegas asuman de novo endebedamentos. Sabemos que o endebedamento é un dos maiores lastres das nosas granxas, e aínda que sexa sen xuros a liquidez de agora non deixará de traducirse no momento nesa débeda e nos gastos de amortización mensuais para miles de explotacións.

Tamén temos que ter en conta que a castaña complementa as economías familiares, polo que non estamos a falar só de comercializadores e de empresas transformadoras. Por iso, a Xunta de Galiza tiña que ter xa unha liña de axudas que chegara a todos os niveis da escala de produción e venda. Pero, claro, ao Partido Popular e ao actual Goberno da Xunta de Galiza todo isto interésalle máis ben pouco. Miren, o INE publicou a finais de decembro a súa enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas correspondentes ao ano 2016, actualizando os datos do ano 2013. Iso vén demostrar o que dende de En Marea levamos denunciando durante o ano pasado. A superficie agraria en Galiza reduciuse, o número de explotacións tamén. A superficie agraria descendeu dende o ano 2007 ata hoxe en 148.000 hectáreas, un 14 %. O descenso corresponde sobre todo a terreos adicados a pastos, que diminuíron un 22 % dende o ano 2007 ata hoxe. Redúcese tamén o número total de explotacións agrícolas, dende as 101.000 que tiñamos no ano 2003 ata as 74.000 que temos actualmente. Isto carrega un descenso nos postos de traballo xerados tamén polo agro galego, desde as case 121.000 unidades de traballo do ano 2003 ata as 70.000 do ano 2016; unha redución do emprego no noso agro dun 42 %.

Aínda este luns a Administración autonómica anunciou a apertura de dúas liñas encamiñadas a facilitar o financiamento bonificado ás explotacións agrarias de Galicia afectadas pola seca do ano pasado, de xeito que lles permite aprazar ou distribuír os pagamentos co obxectivo de reforzar a estrutura financeira das explotacións. Moito titular para unha axuda que pouco vai resolver. O conselleiro de Economía, Emprego e Industria anunciou unha partida de 500.000 euros que permitirá mobilizar 3,5 millóns en financiamentos e en custos para os beneficiarios. Este organismo explicou que o programa é específico para afrontar os danos da seca, sumándose aos que xa abrira anteriormente para facer fronte aos xerados polo pedrazo e xeadas. Isto vén demostrar que aquelas axudas que tanto nós denunciámos non valían para nada, e, ao final, déronnos a razón.

Con esta axuda as interesadas poderán acollerse ata o 28 de febreiro ás liñas que bonifican os préstamos de circulante e o refinanciamento dos pasivos. Isto segue a ser propaganda. As agricultoras e as gandeiros necesitan axudas directas, como vostedes teñen dado noutras ocasións. Ninguén se vai hoxe endebedar para mercar forraxe. O que necesitan non é o diñeiro, o que necesitan é axudas directas para a merca, para mercar esas forraxes e para paliar eses danos das perdas de produción.

Reconsideren vostedes o seu voto, no caso de que sexa negativo. Fáganlle caso ao sector da castaña, non vendan fume namentres o noso medio rural esmorece.

E, por todo isto, o que dende En Marea queremos proporlles é, na parte resolutiva da proposición non de lei, manter unha xuntanza coas organizacións agrarias, así como cos representantes da IXP Castaña de Galicia —esta somos coñecedores de que xa se produciu—, con produtores e produtoras e con empresas transformadoras e comercializadoras, para avaliar os danos, fixar cantidades a indemnizar e facer un estudo real das perdas producidas este ano por mor das inclemencias meteorolóxicas, chancro e avespiña do castiñeiro.

E, debido á situación de excepcionalidade na que se atopa o sector, pedimos habilitar unha liña de axudas específicas e directas para paliar as enormes perdas sufridas na última campaña. Póñanlle remedio pronto e non esperen a que o sector agonice.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Desde o Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta iniciativa que vai na liña semellante de cuestións que levamos os últimos meses reivindicando. E desde o Bloque Nacionalista Galego non nos cansamos de insistir, aínda que o Partido Popular non queira escoitar, en que o 2017 foi un ano complicado para o sector primario, especialmente en Ourense, que tivo incidencia nunha serie de cuestións que acometeron máis forte que noutros anos; primeiro, polas consecuencias tanto da seca, como das xeadas, como do lume, sobre o sector primario; e tamén, en concreto, sobre o sector da castaña, que nos ocupa hoxe. Pero é que tamén máis que nunca vimos un goberno absolutamente irresponsable que se dedicou ao abandono absoluto tanto desta provincia como do resto do país e do sector primario. Moita lexislatura do rural, pero despois vimos que iso non eran máis que titulares e que non o puñan en práctica.

Ao desleixo permanente que houbo cun produto que cada vez é máis valorizado e máis recoñecido internacionalmente e que tamén no noso país vai avanzando —e proba diso, por exemplo, é a reincorporación á cociña, tanto á tradicional como á nova cociña—sumouse agora un desatendemento por parte do Goberno galego, primeiro, por unha falta absoluta de previsión, que se pode ver en todas as cuestións, por exemplo, na da avespiña. Levan máis de tres anos co problema enriba da mesa e mirando para outro lado. Non apostaron pola investigación, chegaron tarde, e agora pretenden conformarse cunha solta que o sector xa está dicindo que é insuficiente. As soltas tamén eran estupideces ata que foi o Grupo do Partido Popular —como dicía o señor Rodríguez— quen o defendeu nesta Cámara. Ata o momento eran disparates de catro tolos que propuñan este tipo de soltas.

Canto á xeadas, tamén chegaron tarde, e ás súas consecuencias. Xa inmediatamente despois de que se produciran esas xeadas as e os produtores alertaron de que isto ía pasar. Foi moi evidente cando apareceron todas as árbores importantes queimadas, cando non daba rebrotado esa flor que había en abril e que estaba adiantada por causa dunha primavera moi quente e moi seca. Pois xa nese momento alertaron todos e todas de que isto ía acontecer,

de que ía haber perdas importantes. Pero novamente o Goberno galego quixo mirar para outro lado.

E, ademais, en Ourense, danse dúas circunstancias: dunha banda, que impactou esa xeada de forma máis drástica que noutros lados, especialmente no oriente ourensán, que ademais é a zona do país onde máis se produce. Pero é que, ademais, sempre insisto en que Ourense é a única provincia das catro galegas na que todos os seus concellos —e son 92— están dentro da Indicación Xeográfica Protexida da Castaña. E iso é por algo; iso é porque abonda e porque en moitos territorios hai unha produción tamén cada vez máis especializada.

Pasados os meses, as circunstancias certificaron que estabamos diante dunha traxedia importante. Concellos como Viana do Bolo, que é o maior produtor do país, certificaron perdas superiores ao 80 %; nalgúns concellos son un pouco menores, pero sempre por riba do 70 %. O cal é unha dificultade moi grande, e que ademais —como digo— non collía de sorpresa. Polo tanto, hai que ter en conta que nestas localidades tamén é un complemento específico para moitas familias que non se dedican profesionalmente a iso, pero que teñen un importante beneficio económico que axuda a subsistir cando hai perdas noutras partes do sector primario ou cando os ingresos que chegan pola vía salarial non son suficientes.

E tamén algo que nos parece importante é que o drama non vai ser só para este ano. Os tempos de produción, os tempos de desenvolvemento dun castiñeiro non son os dunha vide, non son os doutros tipos de cultivos e, polo tanto, a recuperación será longa. Por iso somos partidarias tanto das axudas directas que axuden neste momento a saír desta situación de crise como de plans de recuperación a medio e longo prazo. Vai haber que facelo se non queremos quedar a atrás e se non queremos que pase coa produción da castaña como pasou coa produción de leite na provincia de Ourense, que a día de hoxe case ver unha vaca leiteira na nosa circunscrición electoral é como unha especie en perigo de extinción.

Polo tanto, nós entendemos que a indicación xeográfica protexida non pode ser un mero titular, unha mera marca para presumir de que temos unha marca máis, senón que temos que ter unha aposta rigorosa e un compromiso desde a Administración pública para que esa indicación xeográfica protexida non pase á extinción, para que se conserve, para que se mellore e para que as inclemencias do tempo que tiveron lugar este ano a medio prazo —que vai ser longo— se poidan recuperar e todos estes concellos volvan poder ser libres en produción de castaña e atopar nese produto unha vía de desenvolvemento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Bos días, deputados, deputadas, invitados.

Se o Goberno galego e a bancada Popular que o sustenta fosen un chisco sensibles coa problemática do campo e do mundo rural non teríamos dúbidas de que unha iniciativa como

esta tería o respaldo de todos os grupos da Cámara. Non acreditamos que a petición dun estudo actualizado do impacto da seca e da avespiña nos soutos e castiñeiros se poida denegar. Do mesmo xeito, tampouco dubidamos de que propiciar xuntanzas entre produtores, Goberno e transformadores se poida rexeitar. Pero aludo á experiencia comprobada coas distintas iniciativas de paliar os danos nas diversas producións do rural, e estamos convencidos de que o terceiro punto, onde se piden as axudas directas para os danos, non vai ter o respaldo e a sensibilidade do Partido Popular.

Coa de hoxe, acádanse doce iniciativas que levamos presentado os tres grupos da oposición no último ano sobre distintas producións e aspectos produtivos no mundo rural que resultaron afectados no 2017 polas inclemencias meteorolóxicas e outros factores, e todas denegadas. Ás incidencias naturais viñéronse sumar os danos provocados pola fauna salvaxe, nuns casos coa tardanza excesiva na reparación dos danos causados polo lobo, e noutros casos, como nos do xabaril, pola ausencia total de reparación de danos, a pesar de que no outono de 2016 séguense recollendo e abrindo expedientes por danos desta especie, superando a día de hoxe os 1.100 expedientes, sen que haxa perspectiva de que se abra esta orde polo menos ata o ano electoral de 2019, e sendo este o mellor exemplo de como se utiliza a Administración para crear falsas expectativas de paliar danos nas colleitas e de como utilízalas como arma electoral.

Pero o relatorio dos infortunios non queda aquí. Ao igual que nos anterigos relatos, faltan as pragas que de diversa procedencia e incidencia afectan a nosa produción. A couza guatemalteca ten en xaque a importante e tradicional produción da pataca, a avéspera *velutina* non só afecta de xeito dramático os apiarios, senón que a súa proliferación, en progresión xeométrica, amaga con pór en perigo froitos e polinización. Destas pragas globalizadoras tampouco se salvan os cultivos silvícolas, como os piñeirais, ou frutícolas, como o dos cítricos. As pragas e desgrazas sobre a produción agropecuaria galega iguálanse ás de referencia bíblica, céntranse na produción da pataca, mel, castañas, froiteiras, madeira, cereais, viñedos, etc.; en definitiva, un amplo abano que incide na cerna produtiva do rural.

En ningún dos casos o Goberno galego aprobou algunha desas doce iniciativas presentadas polos tres grupos da oposición, co denominador común de reclamar axudas directas para as producións afectadas e para un sector tan castigado e olvidado como o rural galego. Todo isto acredita que a lexislatura do rural non deixa de ser un slogan mediático.

Ao desamparo que sofren as diversas producións e produtores das nosas terras por parte do Goberno galego, chega a iniciativa de hoxe, centrada nos produtores de castañas. Os soutos de castiñeiros en xeral están a converterse no fundamento dunha produción que vén sendo referencia para unha industria que vai máis aló do mercado interior. Na última campaña, con parámetros de certa normalidade, a produción de castañas superou os 20 millóns de quilogramos e o seu valor situouse en torno aos 40 millóns de euros, afectando catro importantes industrias ubicadas fundamentalmente en Lugo e Ourense e implicando a unhas 20.000 persoas ou recolectores na comunidade galega. Polo tanto, non estamos a falar dunha cuestión menor.

Esta importante produción tivo no ano 2017 un forte descenso. En primeiro lugar, está a crecente ameaza da avespiña do castiñeiro; microbichería que ten amosado efectos devas-

tadores noutros países do noso contorno. Recentemente comprobamos nesta Cámara como a proposición de solta masiva do competidor natural se negaba por parte do Partido Popular, sendo esta a única arma para frear unha ameaza tan potente como a da avespiña.

Os datos do impacto desta nova praga son ben elocuentes. A día de hoxe afecta o 70 % dos nosos soutos e castiñeiros e a campaña pasada estaba testada a súa presenza e impacto no 60 % dos concellos da nosa comunidade. Por se esta circunstancia fose pouca desgraza para os castiñeiros, no 2017 houbo que engadirlle o forte impacto da sarabia e seca. Se a primavera, coas sarabias tardías, marcou un inquietante arranque de tempada, a situación dos castiñeiros, lonxe de endereitarse, torceuse definitivamente nun marco de seca extrema que no verán xa deixou claro que a colleita ía ser baixa non só pola menor produción, senón tamén pola baixa calidade e escaso desenvolvemento do froito. Cando no outono tocou recoller o froito, confirmáronse as peores expectativas: un 50 % menos de produción e un 50 % menos de valor por quilo de castaña. Realmente, se se quere salvar, se se quere botarlles unha man aos castiñeiros, aos soutos, non vai quedar máis remedio, por un lado, que incrementar a solta do *Torymus*, soltas masivas e concertadas, e, por outro lado, dar orzamento suficiente para a investigación e para producir o *Torymus* na nosa comunidade, dado que o prezo desta praga é moi elevada, 1 euro por *Torymus*, e neses parámetros vai ser difícil poder encontrar orzamento suficiente. Por outro lado...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...as axudas directas, que ademais van para produtores que están na montaña, na montaña de Ourense, na montaña de Lugo, que son zonas desfavorecidas, zonas despoboadas e que necesitan como auga de maio estas axudas directas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Bos días, señor presidente.

Señorías, prégolles desculpas, antes de nada, pola miña voz, pero a gripe atácanos a todos.

Falamos hoxe dunha PNL relativa ao sector da castaña que —por suposto, o Grupo Parlamentario Popular entende que é un sector importante dentro do noso sector primario— é unha iniciativa de En Marea na que se mesturan todas as pragas e fenómenos meteorolóxicos que acaeceron este ano para, en definitiva, acabar co de sempre, pedindo algo que é ilegal, que son as axudas directas. Aínda que se fale de exemplos, que podemos falar, é ilegal. Se hoxe non se vende roupa porque non hai as condicións climatolóxicas para iso, tamén lles teremos que comprar nós a roupa e darlles axudas directas aos comercios. Se hoxe nos restaurantes non se come, tamén lles teremos que pagar os pratos polas axudas directas.

Nós defendemos o sector, pero defendemos o fortalecemento do sector para que sexa quen de soportar estas circunstancias, e, mentres tanto, podemos facer o que podemos facer no ámbito da legalidade.

A avespiña do castiñeiro. Isto xa se debateu en múltiples ocasións na Comisión 7ª. Todos os grupos parlamentarios concordamos en que é necesaria unha acción decidida por parte da Xunta de Galicia na loita biolóxica contra a avespiña. ¿E que temos que facer? A única posibilidade —se hai algunha máis, prégolles aos grupos da oposición que nola trasladen para podela estudar, e estamos todos a favor diso— é a solta, como ben dicía o señor Quiroga e o señor Rodríguez, do *Torymus sinensis*, que é o seu depredador natural.

Falaba o señor Rodríguez de que se fixo tarde a solta e de que non se fai en condicións para poder loitar. Miren, a presenza da avespiña comunícase ao Magrama en maio do 2014. No 2015 sóltanse 1.500 exemplares de *Torymus*. No 2016, 68.500, cun gasto de 213.000 euros. No 2017 soltáronse 84.000 femias e 49.000 machos, cun gasto de case 300.000 euros. Na loita —aínda que hoxe non se falaba dela— contra o cancro do castiñeiro gastáronse no ano 2017, señor Rodríguez, 400.000 euros. É dicir, case 700.000 euros para loitar contra as pragas que afectan os castiñeiros de Galicia. ¡Iso de que non se está facendo o suficiente...! Ademais, na Comisión 7ª, do 15 de decembro de 2017 —por certo, señor Quiroga, algunha vez falta, e non sei se faltou a esta—, aprobamos unha PNL o 15 de decembro na que o Parlamento de Galicia pedía ao Ministerio de Agricultura, que é o único que o pode facer, un incremento substancial das soltas experimentais de *Torymus sinensis* de cara ao ano 2018, e ademais a liberalización das soltas e a produción do *Torymus*. Isto xa está aprobado; votárono vostedes a favor. Claro que queremos a liberalización todos os grupos. Por certo, esta PNL era a proposta do Partido Popular.

Falan tamén de que poñen en dúbida as liñas de axudas que a Xunta de Galicia está a sacar para paliar os danos pola seca, sarabia ou xeadas. Señor Rodríguez, vólvolle dicir, nós estamos a facer un traballo serio, rigoroso e constante, facemos o traballo pensando nos produtores, nos comercializadores e nas empresas transformadoras, dentro das posibilidades legais e no ámbito das nosas competencias.

Miren, aquí non podemos facer axudas directas, pero podemos facer axudas de apoio financeiro, de apoio aos investimentos destinados a paliar os danos da seca, tamén podemos actuar na mellora da fiscalidade do sector ou apoiar decididamente; e nisto si que deberíamos estar todos os grupos parlamentarios de acordo e traballando, dando información aos nosos agricultores, para unha maior contratación dos seguros agrarios, como, por certo, está a facer a Consellería, con charlas, sobre todo no ámbito dos viticultores, pero que tamén se pode facer no ámbito da castaña e se fai no ámbito da castaña. Falo simplemente da mellora da fiscalidade dos produtores. Miren, xa no mes de xaneiro de 2018 pedimos unha redución dos módulos do IRPF destes produtores que vai ter efectos no propio ano 2018. Recóllese todo o sector produtor da castaña.

Axudas ao financiamento. O 6 de outubro de 2017 publicouse unha liña de axudas ao financiamento que trae os xuros a cero por cento. É certo que ao mellor hai moita xente que non se endebeda, é certo que ao mellor non chega aos produtores de castaña. Fagan as súas pro-

postas sobre como podemos adecuar estas medidas. Nós estamos a traballar para que estas liñas cheguen máis aos produtores, se é necesario.

En canto aos danos pola seca, tamén se aprobaron liñas de financiamento e, como dicía antes, ordes para garantir a subministración de auga ás explotacións agrarias. Chegamos aquí a unha dotación orzamentaria dun millón euros neste ámbito.

No Plan de seguros agrarios lémbrolle que a Xunta destina cada ano 4,7 millóns de euros para apoiar as primas dos seguros agrarios. Se non se contratan máis, quizais é por falta de información, e temos que chegar aí e estamos traballando. Ao mesmo tempo, tamén a Consellería está a traballar con Agroseguro para conseguir que a cobertura sexa máis ampla no sector da castaña.

En definitiva, estanse a tomar as iniciativas que, dentro da legalidade, podemos utilizar para sacar adiante o sector.

E eu remato xa, señorías, dicíndolle o que lle digo moitas veces tamén na comisión: que necesitamos que o sector agrario fortaleza a súa estrutura como un mecanismo que lle permita loitar contra estes fenómenos climatolóxicos adversos. Necesitamos un sector agrogandeiro máis profesionalizado, co fin de que as explotacións poidan ter unha rendibilidade que lles permita asegurar o seu futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Distintas organizacións reclaman axudas para os produtores de castaña. Un total despropósito para estas organizacións é a decisión da Consellería do Medio Rural de inxectar 166.000 euros ao Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós, un proxecto fallido que a día de hoxe está todo cheo de silvas.

A castaña vive momentos críticos. A produción de castaña en Galicia a curto e a medio prazo non está garantida, e tampouco o cumprimento dos compromisos internacionais das industrias despois da experiencia da última campaña, que mermou un 69 % como consecuencia da seca, as xeadas de maio e os ataques da avespiña. O presidente da IXP de Galicia, Jesús Quintá, entrevistárase coa conselleira do Medio Rural para expoñerlle as necesidades que plantexa o sector, entre as que está, entre as que advirte, a caída de produción, que repercute nos produtores e nas produtoras. Para a maioría os ingresos deste produto complementan as economías familiares, que a día de hoxe están mermadas.

Señores do Partido Popular, as axudas da seca. Chegaron ao 1,5 % do total das explotacións de toda Galiza. ¡Se iso para vostedes é dar unha axuda ao sector, non sei que ten que pasar!

Aquí o que pasa co tema da *velutina* é que hai 21.000 niños de *Vespa velutina* en Galicia: «a Xunta de Galicia está facendo o que pode». As perdas de explotacións: perdemos 15.000 en dez anos, «non é culpa da Xunta de Galicia». A couza da pataca: «ata agora fixemos o que puidemos, temos 33 concellos afectados». A seca: «non podemos facer nada». As xeadas: «non podemos facer nada». As sarabias: «non é culpa nosa». O lume: «é unha trama incendiaria»; que, por certo, temos que dar unha moi mala nova: onte comezaron os lumes en Galicia. Non saíu en ningún medio porque non se publicou na páxina web da Consellería do Medio Rural porque tiñan menos de 2 hectáreas, pero onte ardeu no distrito 12 do Ribeiro e onte ardeu no distrito 13 de Valdeorras-Trives. ¿Que fixo a Xunta? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿E non é lume?

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Si, ¿e non é lume? Onte houbo... (*Murmurios.*) Ten razón o señor Pazos. Perdón, ten razón o señor Pazos. Rectifico, onte houbo dous conatos que puideron ser lumes. O conato, cando pasa de hectáreas, faise lume.

¿Que fixo a Xunta? Desas 30 medidas que ía aplicar, máxicas, ¿que medidas aplicou xa para que o día de mañá non teña...? ¿Empezou a implementarse algunha destas medidas? Pois onte xa tivemos os dous primeiros lumes.

Miren, poden vostedes pechar o chiringo e marchar para a casa. Poucas veces tivemos unha consellería tan pouco operativa e tan ineficaz. Están a traballar para desmantelar a Consellería do Medio Rural, e para iso é mellor que non fagan nada.

E, señor González, a legalidade, cando queren vostedes, ben que a saltan, porque no concello de Sober vimos o que pasou coas axudas directas que deron á perda de produción. Entón, se agora o Partido imputado... —perdón—, o partido que ten membros imputados en todas as esquinas, non queren dar unha axuda directa porque é ilegal e acaban de dar unha fai exactamente tres anos en período electoral... Non sei, pero isto a min paréceme bastante pouco serio.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da realización de eventuais modificacións na rede pública de centros de ensino

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moi ben, bo día.

Grazas, señor presidente. E dobremente pola flexibilidade de admitir a retirada da petición de aprazamento desta proposición non de lei en función da noticia do día, que son as inclemencias meteorolóxicas e as dificultades para circular polas estradas da comunidade autónoma.

Presentamos esta proposición non de lei porque durante o período de nadal, como unha especie de regalo, me chamou a atención poderosamente unha pregunta que presentou o propio Partido Popular, que rexistrou o día 27 de decembro, na que, con base no remate das previsións das matrículas dos centros educativos da comunidade autónoma, este grupo parlamentario lle pedía unha valoración sobre esa revisión de matrícula e as posibles modificacións ou non que sería necesario introducir.

E é certo que a Consellería de Educación, a través dos servizos de inspección educativa, realiza cada curso esa supervisión dos datos de matrícula na totalidade dos centros escolares e na totalidade das ensinanzas, pero non é menos certo que eses datos tamén serven —como é lóxico, por outro lado— para levar a cabo unha previsión das modificacións que vai ser necesario introducir con base nas previsións de unidades de cada un dos centros educativos e en cada unha das etapas. E proba diso —e cítanse simplemente a modo de recordatorio— son unhas cantas ordes que se publican anualmente por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para adecuar fundamentalmente as unidades no ensino infantil e primario en todos os centros desta comunidade autónoma.

¿Que supón esa modificación, na maior parte dos casos, evidentemente, necesaria, por mor de adecuar as unidades ao número efectivo de alumnos que hai? Pois significa que os catálogos de profesorado desas ensinanzas sofren modificacións, todos os anos, é unha constante, e esas modificacións afectan a persoas e afectan a profesoras e profesores, que ven como os seus destinos son suprimidos e ademais ven como os seus destinos son suprimidos durante os meses de xullo e agosto, con pouco tempo ou ningún nalgún caso para facer as modificacións necesarias nos propios centros e tamén, loxicamente, na vida ordinaria deses profesores e profesoras.

Polo tanto, unha parte da nosa proposición non de lei vai encamiñada a que unha vez que é certo que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dispón da totalidade dos datos, non é menos certo que tamén é posible facer as modificacións con tempo suficiente como para que aqueles centros e profesorado afectado poidan coñecerlas coa antelación suficiente. Polo tanto, insisto, pedimos que se adiante esa publicación desas ordes anuais.

Pero tamén pedimos, loxicamente, que a Consellería de Educación explique que criterios vai empregar para modificar esa rede de centros para levar a cabo esa análise e publicación da orde correspondente. E todo isto, porque, sendo como é unha constante histórica, non é menos certo que nos sorprendeu no remate do curso pasado unha extraordinaria sensibilidade por parte dos responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, toda vez que, para non alterar os alumnos, as súas familias e o profesorado nos últimos días de curso —días de por si, xa estresantes—, decidiu que non ía facer pública a modificación que todos coñecemos e que afectou catro concellos desta comunidade autónoma —máis seriamente a uns que a outros, pero, en todo caso, afectounos a todos—. En

aras de pacificar e de non alterar innecesariamente estas comunidades escolares, a Consellería de Educación decidiu non facer pública esa modificación ata os últimos días do curso 2016-2017. Todos lembramos aquela situación que se produciu no mes de xullo do ano pasado.

Polo tanto, o que pedimos é que a Consellería de Educación explique cales van ser os criterios que van empregar para facer as modificacións que se consideren pertinentes na rede de centros, que as explique neste Parlamento, que as debata neste Parlamento e que cheguemos a un consenso.

Tamén pedimos, como vén sendo algo tradicional, que se faga unha discriminación positiva cos centros dos contornos máis rurais afectados, polo tanto, por unha redución importante de alumnado, pero unha vez máis dicimos que esa perda de servizos, neste caso do servizo educativo, supón un atranco máis para que esas zonas, eses contornos rurais, non perdan máis poboación.

E, por último, tamén recordarán os deputados e deputadas desta Cámara a curiosa discusión semántica que se produciu sobre se os centros deixaban ou non deixaban de funcionar, se eran suprimidos, se eran segregados, se eran transformados, se se trasladaban ensinanzas, etc., das catro ou cinco formas que hai previstas no decreto de reordenación, en definitiva, de centros e ensinanzas.

E, polo tanto, o que vimos pedir tamén nesta proposición non de lei é que calquera modificación que a Consellería poida estar pensando en introducir como consecuencia dunha desagregación, dun desdoblamento, dunha transformación, dunha integración ou dun cambio de ensinanzas — todos estes nomes teñen as distintas posibilidades que se poden poñer en funcionamento — sexan consensuados coas comunidades educativas. Xa dicimos neste mesmo Parlamento, a finais do curso pasado, que as comunidades educativas son, en principio, capaces de entender as modificacións que se poidan introducir, máis alá de localismos e de defensas a ultranza do mantemento de determinadas ofertas, e incluso de asumir, se se lles explica con tempo e con datos comparativamente, que se teñen que levar a cabo determinadas decisións.

E, polo tanto, o que pedimos tamén é que esa explicación que se deba dar neste Parlamento tamén se lles dea ás comunidades educativas, que tamén se consensúe, na medida do posible, toda transformación de ensinanzas que sexa necesario levar a cabo e que se faga con tempo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG xa avanzamos que imos apoiar esta iniciativa. É un tema sobre o que xa se ten debatido tamén na Comisión 4ª. Parécenos acaída, e ademais concordamos coa parte resolutiva por distintas razóns; centrareime en dúas fundamentalmente.

A primeira —xa o comentaba o señor Álvarez na súa intervención—, nós cremos desde o BNG que é absolutamente inadmisíbel que poida volver producirse o que vivimos con motivo da fin de curso pasada, o ano 2017, na que se pecharon centros de ensino —caso do CEIP Emilio Navasqués— e se suprimiu a ESO noutros, e fíxose con premeditación, fíxose con aleivosía, fíxose con nocturnidade e, por suposto, sen ningún tipo de diálogo previo nin coa comunidade educativa, nin coas familias, nin co profesorado que ía ser ou estar atinxido por esa decisión e, por suposto, tampouco con ningún tipo de diálogo nin aviso previo a esta Cámara, a pesar, como lembrarán, de que o conselleiro o día antes, se non me lembro mal, comparecera neste Parlamento.

Nós entendemos que calquera tipo de modificación no Mapa de centros —xa o temos defendido noutras ocasións— debe vir precedida dun diálogo, dun debate, sobre todo nunha realidade como a que temos no noso país demográfica e poboacional que exige da adopción de medidas excepcionais, entendemos nós. E con isto abordo a segunda razón pola que dende o BNG cremos moi acaída esta iniciativa e pola que concordamos, xa digo, coa parte resolutiva da mesma.

Hai un punto —tamén o explicaba o señor Álvarez— no que se chama ou apela a adoptar criterios de discriminación positiva para o mantemento dos centros de ensino que se atopan nas localidades e nas comarcas do rural. Esta é unha cuestión sobre a que temos debatido en moitas ocasións, sobre a que, ademais, chama ao diálogo a Consellería e a Rede galega de ensino e desenvolvemento rural. En non poucas ocasións teñen instado a unha xuntanza, que, polo que me consta a min, aínda non se produciu, na que se pide precisamente tamén que se adopten medidas excepcionais para o mantemento deses centros de ensino nas comarcas das localidades, nas comarcas do rural e sobre todo da montaña do noso país, porque calquera política que desde o Goberno se queira poñer en marcha encamiñada a fixar poboación e paliar as consecuencias do despoboamento rural que levamos padecendo no noso país durante décadas ten que pasar tamén polo mantemento e polo reforzo dos servizos públicos, entre eles o ensino, como un servizo fundamental e un dereito básico para que se poida desenvolver unha vida profesional e unha persoal en localidades e comarcas do noso país que a día de hoxe se atopan, xa digo, inmersas nun proceso de despoboamento moi grave.

Eu traía un exemplo concreto, que ademais foi saíndo nos medios de comunicación nas últimas semanas, que se refire ao centro rural agrupado de Narón e que ten a ver co máis que probable peche da escola unitaria, dunha das escolas unitarias que fai parte dese crack, que é a escola unitaria de Pedroso, porque para o ano que vén, para o curso 2018-2019, non cumpriría coa cifra mínima imposta pola Consellería para o mantemento desa escola unitaria, pero no ano seguinte, no 2019-2020, si que se prevé unha matrícula de nove crianzas.

O que se pide por parte desas familias —que vai na liña do que se reclama, precisamente, nesta iniciativa— é que se adopten as medidas necesarias para garantir o mantemento, a

apertura desa escola unitaria, durante o ano no que non vai ter a matrícula suficiente para poder manter vivo ese servizo e impedir así que as familias vaian a outras localidades ou a outras comarcas.

Nós entendemos que se necesitan medidas excepcionais ante situacións que son excepcionais como as que se viven en termos demográficos en boa parte do noso país, nomeadamente nas provincias de Lugo e de Ourense. Parécenos moi interesante a iniciativa que propón o Partido Socialista, e imos apoiala. E insistimos en que non se pode adoptar ningunha decisión a respecto do mapa de centros, que non se pode introducir ningunha modificación, como vivimos o pasado ano, sen ningún tipo de diálogo, insisto, con premeditación, con aleivosía, con absoluto escurantismo, con absoluta nocturnidade, sabendo, como xa se expuña antes, das consecuencias non só laborais senón tamén sociais que carrexan os peches de centro ou da súa modificación para levalos a outras zonas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Bo día.

En primeiro lugar, quero dicir que dende o Grupo Parlamentario de En Marea imos apoiar esta proposición non de lei, e imos apoiala porque coincide con moitas das reivindicacións xa feitas polo noso propio grupo e porque afecta, precisamente, un dos asuntos fundamentais, cando falamos do dereito ao ensino: o peche das aulas públicas e centros; esa lacra que aumenta ano tras ano coa aplicación sistemática do proceso privatizador do Partido Popular.

Interésanos tamén porque esta proposición non de lei diríxese aos elocuentes silencios do Partido Popular, á falta de diálogo, ao menosprezo constante que teñen cara á comunidade educativa. Como dixen noutras ocasións, é abraiante a capacidade do Partido Popular para non falar daquilo que pensa facer. Falan así moito máis os seus silencios que as súas palabras, e, dende logo, falan moito máis os feitos consumados sempre a prol das minorías que as boas intencións que se manifestan en documentos oficiais.

Como xa se dixo na pregunta que o Partido Popular rexistrou o 27 de decembro, fálase da revisión que se fixo nos centros escolares de titularidade pública; esa revisión que, como vimos, tiña como finalidade reorganizar as unidades dentro dos propios centros, ben para crear novas unidades ou para suprimilas.

Curiosamente, en ningún momento se mencionou que a reorganización pode afectar o xa mínguado número de postos docentes. Se fora un lapsus illado, poderíamos atribuílo a un erro inocente, sen importancia, pero, como levamos demasiado tempo comprobando, os si-

lencios do Partido Popular responden a unha estratexia ben ponderada; tamén os seus eufemismos: revisión, reorganización, reordenación. Todas elas diferentes palabras que encobren un único concepto, o dos recortes.

O Partido Popular deste xeito é o máis grande expoñente da neolingua que temos na política galega: chamémoslle de calquera xeito ás cousas para ver se confundimos a alguén. Outra vez, o que o Partido Popular non di coas súas palabras, comunícao co silencio; non é desconfianza, é experiencia. Como aquí se dixo tamén, temos demasiado presente aínda o que sucedeu ao final do curso pasado e no comezo do presente. De novo, perda de unidades e de postos docentes na escola pública, ao mesmo tempo que se reforzan os colexios concertados, mesmo aqueles que manteñen esa práctica machista de segregar o alumnado por sexos, co seu beneplácito e co seu apoio.

Nada disto é froito dun erro ou dunha torpeza, ¡claro que non o é! É a aplicación rigorosa da ideoloxía reaccionaria do Partido Popular no ámbito educativo. Tememos, polo tanto, que unha vez máis o Partido Popular aproveite a revisión, reorganización ou reordenación, ou como teñan a ben chamarlle, para afondar aínda máis no desmantelamento da escola pública e, en particular, dos centros que se atopan no rural galego.

Ao Partido Popular écheselle a boca nesta lexislatura dicindo que é a do rural, pero todas as súas políticas parecen dirixidas precisamente ao contrario. Defender o rural consiste en defender o acceso a uns servizos públicos de calidade en todo o territorio, incluíndo, por suposto, o acceso a unha educación digna. Oxalá algún día os señores e señoras do Partido Popular poidan explicarnos como van garantir o acceso á educación no rural se seguen pechando todas as escolas.

Gustaríanos que responderan a esta pregunta e a moitas outras, pero non nos facemos ilusións. Sabemos que o diálogo non é o forte do Partido Popular. Como xa dixen, a súa fortaleza son os silencios elocuentes.

Comprendan, pese a todo, que temos a obriga de insistir. Sería ben que o Partido Popular comezara a falar con claridade —sobre todo, coa comunidade educativa—. E ten que facelo tomando en serio os seus interlocutores. O que sucedeu o ano pasado foi unha estratexia intolerable.

Agora gustaríame preguntar: ¿parécelles que comunicar aos centros educativos o seu peche inmediato un día antes do remate do curso escolar foi respectuoso coa comunidade docente? ¿De verdade que van insistir en que era o único que se podía facer para non xerar unha alarma innecesaria, como se escoitou aquí? ¿Pensan que se poden repetir telefonazos de última hora, como os que recibiron o ano pasado nos colexios das Pontes, en Outes ou no CPI Tomás de Lemos para comunicarlles cambios, peches, extincións, reorganizacións ou o que sexa? Nós pensamos que iso non pode volver repetirse, polo que cómpre mudar a política educativa que a Xunta de Galicia leva adoptando nos últimos anos.

Por iso —como dicía—, dende En Marea apoiaremos a proposta do Partido Socialista, porque trata de mudar e clarexar a estratexia, trata de poñer os parches para que cousas coma estas

non se repitan. Sería útil, en definitiva, para evitar o caos educativo que o Partido Popular provocou apenas hai uns meses. Sería útil, en definitiva, para poder consensuar con toda a comunidade educativa o xeito que temos de organizar os nosos centros.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Cando estaba revisando a iniciativa que traía o Grupo Socialista hoxe á Cámara, ao debate, pois estábame preguntando cal podería ser a motivación de traer esta iniciativa neste momento. E pensei por un momento que quizais sería volver traer ao debate o acontecido ao final de curso do ano pasado. Pero despois parei un momento a reflexionar e dixen: non creo, porque, se hoxe imos á realidade de cada un deses centros do ano pasado, efectivamente, temos que concluír que ese problema que se quixo plantexar como tal problema non existiu, porque a realidade hoxe nos centros afectados o ano pasado é absolutamente normal e nesas comunidades educativas, que eu saiba, non existe ningún problema coa decisión que tomou a Xunta de Galicia naquel momento. *(Aplausos.)* Entón, dixen eu: bueno, pois, vamos ver, continuemos pensando a ver cal é a motivación de traer esta iniciativa. E dixen: bueno, pois quizais o que ocorre é que neste caso o Partido Socialista pois cre no que está poñendo sobre este papel e ten un modelo, que xa aplicou cando gobernaba, de falar consensuadamente, comunicar con consenso á comunidade educativa e con tempo suficiente a toma de decisións sobre reorganización ou peche de centros. Polo tanto, haberá no pasado probablemente probas para determinar ou probar que ese é o interese ou esa é a política que quere facer o Partido Socialista, e a que fai e aplica cando goberna.

Entón, bueno, aquí aparecen unha serie de decretos, todos de gobernos do Partido Popular, decretos publicados no mes de xullo, nos que se fala de reorganización de centros. E dixen: vou mirar cara a atrás a ver se hai outros decretos. E, ¡home!, púxenme a mirar e atopei a Orde do 6 de xullo de 2007, e estaba firmada por Laura Sánchez Piñón. Despois tamén atopei a Orde do 18 de xuño de 2008, publicada o 4 de xullo de 2008. ¿Saben que entre a orde do 6 de xullo de 2007 e a orde do 18 de xuño de 2008 ese partido e ese goberno, que agora quere defender que hai que comunicar con antelación cousas á comunidade educativa, se cargou nada máis e nada menos que 43 centros educativos na comunidade autónoma? *(Protestas.)* ¡43 centros educativos!, 25 centros na orde do 2007 e 18 centros na orde de 2008. Ese é o modelo dos que hoxe traen aquí esta iniciativa. *(Aplausos.)*

A verdade é que —xa digo— resulta cando menos curioso, porque ao final eu creo que todos temos que ser coherentes co que pedimos e coherentes co que propoñemos. Vostedes piden que se explique en sede parlamentaria cales van ser os criterios que se van empregar para a toma de decisións. Evidentemente, eses criterios téñense explicado en máis dunha ocasión,

a última na comparecencia do conselleiro a finais do curso pasado, cando lles dixo que entre as competencias da Administración educativa, entre outras, estaba xestionar o sistema e avanzar na calidade educativa en Galicia. E, precisamente, no que ten que ver coa xestión do sistema educativo, vostedes saben perfectamente que lle corresponde á Consellería a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades. Polo que, ano a ano, tal e como dixo o conselleiro na súa comparecencia, a Consellería ten que organizar a actividade dos centros educativos tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable de recursos. Creo que os criterios están perfectamente determinados.

Pero é que, ademais, vostedes falan tamén do ensino rural. Galicia ten unha realidade demográfica que non se pode ignorar, evidentemente, e unha administración responsable ten que garantir os servizos básicos alí onde hai persoas para que reciban eses servizos básicos. Hai que axustar a oferta dos servizos ás demandas reais dos cidadáns. Pero, ademais, hai que facelo eliminando a arbitrariedade. E ¿por que digo isto de eliminar a arbitrariedade? Puña a señora Rodil un exemplo, un caso concreto dun CRA en Narón, que probablemente este ano non cumpra coas ratios de matrícula. E, evidentemente, existe un criterio claro, vostedes coñéceno: con seis alumnos permanece aberto; con cinco, péchase o centro. Vostede fáleme de que no ano seguinte habería nove crianzas dispostas, ou en disposición de matricularse, nese centro. E ¿saben que o seu goberno pechaba escolas unitarias con nove? Pois nese caso concreto nin tan sequera con nove poderían continuar cursando estudos nese centro. Polo tanto, o que hai que facer é ter criterios claros, precisamente, para eliminar a arbitrariedade.

Por outra banda, e para ir tocando todos os puntos que mencionaban, pedían adiantar a publicación das ordes coas modificacións que sexa preciso introducir. Xa llo dixen antes, vostedes facían as ordes exactamente no mesmo momento. ¿Por que? ¿Querían fastidiar a comunidade educativa? Pois, mire, eu vou presumir que non, vou presumir que, segundo os criterios técnicos, os que emanan dos técnicos da propia Consellería, que determinan as decisións que hai que tomar, vostedes o que facían era seguir eses criterios...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ GIL: ...—remato xa, presidente— e aplicar as decisións e tomalas cando as había que tomar. Polo tanto, vostedes saben perfectamente que os prazos no sistema e na Administración educativa son os que son.

Por último, vostedes piden que exista un consenso. Consenso e diálogo, por suposto, sempre; pero un goberno responsable —e sábeno perfectamente— ten que adoptar decisións e escoller os momentos que cre máis oportunos para o interese xeral e para a cidadanía. Un goberno responsable ten que comunicar decisións cando se poden concretar en feitos, e non antes. Polo tanto, nós, evidentemente, non imos apoiar a súa iniciativa.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Ten a palabra o grupo autor da proposición non de lei, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señora Rodríguez, señora Chao, grazas polo apoio dos seus grupos a esta iniciativa, abocada, unha vez máis, a esnafrarse contra a dura realidade, sempre obxectiva, sempre cargada de razón e sempre impecable do Partido Popular.

Señor Fernández Gil, agradézolle moitísimo o esforzo de arqueoloxía administrativa que fixo vostede buceando nos *Diarios Oficiais de Galicia* do Goberno bipartito. Supoño que dentro do seu grupo parlamentario existen varias bibliotecas destinadas exclusivamente a fornecer os seus febles argumentos recorrendo ao que pasaba durante o período de 2005 a 2007.

¿Como é posible que veña vostede aquí a dicir que se pecharon 43 centros? ¿Contou vostede cantos deses centros eran escolas unitarias que non tiñan ningún alumno? ¿Ou é o mesmo pechar un colexio enteiro, como fixeron vostedes... —¡ah!, perdón, que non o pecharon, que trasladaron as ensinanzas— que pechar unha unitaria na que non hai alumnos? ¿Iso é o que pode argumentar un portavoz serio de educación, como considero que é vostede, para vir aquí a tratar de deslexitimar esta proposición non de lei? ¿Quere que fagamos unha prospectiva para ver cantos deses centros que vostede dixo eran escolas unitarias ou xa ten vostede o listado e pode darme o dato cando remate esta intervención?

Falou vostede tamén de... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡ah! (*Risos.*) Decía vostede que se pecharan todos eses centros, falou vostede de modificacións na rede de centros. Lembro perfectamente aquelas manifestacións montadas por alcaldes do Partido Popular no ano 2007, cando se decidiron trasladar as ensinanzas da secundaria, do primeiro ciclo, que estaban transitoriamente *a divinis* —é dicir, para sempre— nos colexios. E resulta que, en setembro dese mesmo ano, as cousas funcionaron con normalidade, e, polo tanto, *mutatis mutandis*, o argumento que acaba vostede de empregar para dicir que non había tal problema nos catro concellos nos que se suprimiron ensinanzas é idénticamente válido para o pifostio —con perdón— que montaron vostedes no ano 2007 despois de facer determinadas modificacións que eran necesario facer. É idénticamente o mesmo argumento, señor Fernández Gil.

Pero mire, vostedes sigan imbuídos desa razón de orixe *quasi* divina que os caracteriza, non fagan do asunto da educación un asunto de país. Como se lles dixo aquí, sigan dicindo que esta é a lexislatura do rural, e cando remate no 2020 veremos cantas escolas non unitarias se pecharon por non ter a previsión, como lle dixo a señora Rodil, de analizar a natalidade e ver se esas escolas ou eses centros van recuperar nalgún momento o número mínimo de alumnos. Péchenas vostedes e despois digan que apoiaron o rural máis alá do que era razoable.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a pena de cadea permanente revisable introducida no ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, e para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, quero empezar a miña intervención cunha lembranza sentida para todas as vítimas de delitos atroces que inspiran esta iniciativa, e trasladando a nosa solidariedade e cariño ás súas familias, que, coa perda dos seus seres queridos, sofren unha condena permanente: a dor da súa ausencia. (*Aplausos.*)

Señorías, o Grupo Parlamentario Popular viuse obrigado a traer esta iniciativa para defender o mantemento da prisión permanente revisable no vixente Código penal, un debate que estaba pechado no ano 2015 cando foi aprobada, pola maioría do Partido Popular, a súa inclusión no Código penal. Pero houbo quen quixo abrir este debate, e non foi o Partido Popular.

Hai agora catro meses, o Partido Nacionalista Vasco, coa colaboración do PSOE, Podemos, En Marea e Ciudadanos facilitaron co seu voto o inicio dos trámites para a derogación da prisión permanente revisable, no debate que se produciu no Congreso dos Deputados o pasado 4 de outubro; un debate, señorías, que está na rúa, un debate que provocou a mobilización das familias rotas pola perda dos seus fillos e fillas a mans de asasinados sen escrúpulos. Refírome á iniciativa para impedir a derogación da prisión permanente revisable que puxo en marcha en *change.org* a galega Rocío Vieites, a nai de Candela e Amaia, de 9 e 4 anos, asasinadas cruelmente polo seu pai, que xa é coñecido como «o monstro de Moraña», e que foi o primeiro condenado á prisión permanente revisable en España.

Foi unha iniciativa á que se uniron familias, de nomes tristemente coñecidos, por compartir a peor das desgrazas: os familiares de Diana Quer, que pasaron máis de quíntos días de inimaxinable sufrimento pola desaparición da súa filla, e co peor dos desenlaces; a familia de Mari Luz Cortés, asasinada con 5 anos no ano 2008 por un home condenado por abusar da súa propia filla e que no momento en que asasinou a Mari Luz gozaba dun permiso penitenciario; a familia de Marta del Castillo, cuxos asasinados se negan a revelar onde está o cadáver da súa filla; e Ruth, a nai dos pequenos asasinados polo seu pai, José Bretón.

Nesa iniciativa levan acadadas máis de dous millóns de sinaturas. E xunto coas enquisas, que din que 8 de cada 10 españois están a favor de manter a prisión permanente revisable, deberíamos levar a unha reflexión, señorías, aos políticos sobre o que é o que quere a cidadanía, o que onte nos dicían algúns voceiros e voceiras da oposición, que nos pedían ao Partido Popular que escoitáramos a rúa. Hoxe pídolles eu aos membros da oposición que escoiten a cidadanía, que escoiten a sociedade, que escoiten a eses 8 de cada 10 cidadáns españois —que non son todos votantes do Partido Popular, que tamén hai votantes do Partido

Socialista, hai votantes do BNG, hai votantes de Podemos e de En Marea, de todas as cores políticas— que están pedindo que se manteña esta pena.

Pola contra, no Partido Popular apoiamos manter no Código penal esta figura, que está incluída no ordenamento xurídico doutros países de Europa para supostos de especial gravidade. De feito, cando se aprobou en España no ano 2015 só había dous países da Unión Europea que non a contemplaban na súa lexislación, que eramos España e Portugal.

A prisión permanente revisable nin é cadea nin é perpetua, é unha pena revisable. Se é constitucional ou non terá que dicilo o Tribunal Constitucional, e non ningún partido político nin tampouco o Partido Nacionalista Vasco, que é o primeiro que inicia este debate. Partido, por certo, moi sensible coas vítimas do terrorismo.

Mentres tanto, sabemos que a introdución desta pena no Código penal tivo todos os informes favorables; non é unha pena inhumana nin prohibida polo dereito internacional, téñena todos os países da Unión Europea. Tampouco é oportunismo político, levamos dez anos falando dela. Non xurdiu á calor dos crimes recentes ou de casos puntuais, é unha circunstancia que a sociedade española quere.

Hai catro meses que se iniciou con máis virulencia o debate, pola iniciativa do PNV para a súa derogación, e, na defensa do seu posicionamento no Congreso dos Deputados, dicían: *«En la iniciativa que presentamos se pretende poner de manifiesto el sentir político de esta Cámara respecto a la pena de prisión permanente revisable»*. Esquecía o señor Legarda Uriarte que unha cousa é o sentir político duns poucos e outra moi diferente é o sentir maioritario da cidadanía. Estamos ante unha demanda da sociedade para que o dereito penal responda ante certos feitos extremadamente atroces.

Dicía tamén o señor Legarda que esta pena non implica maiores cotas de seguridade nin unha maior confianza cidadá, nin que sexa o medio idóneo para iso. Pois, á vista dos últimos acontecementos que sucederon no noso país, teño que dicir que esta manifestación é absolutamente falsa. Que lles pregunten aos veciños e veciñas do «violador do estilete» se se encontraban máis seguros cando este señor saíu da cadea. Sentíranse máis seguros agora, que volveu a prisión despois de cometer outro delito de agresión sexual que se suma ás 56 violacións e a un intento de homicidio polo que fora condenado a 73 anos de cárcere nos anos 80; ao igual que co resto dos criminais que saíron do cárcere pola aplicación da doutrina Parot e que nin un só está en liberdade tras volver cometer delitos. Falo do violador do ascensor, do violador do portal ou de Antonio García Carbonell, con penas de 73, 1.721 e 250 anos de cárcere; ou dos que volveron cometer agresións sexuais nada máis saír de prisión, liberados só porque cumpriran un tempo de condena sen ningunha garantía de estar rehabilitados. Estes novos crimes poderían terse evitado, e para iso está esta condena, para evitar a reincidencia neste tipo de delitos cando o reo non está en condicións de reinserirse na sociedade.

A nosa obriga como políticos e representantes da cidadanía é dar respostas a estes crimes atroces e lexislar para dotar os xuíces de recursos legais que garantan a xustiza e a seguridade para toda a sociedade, que, por desgraza, non está libre nin de desaparicións nin de asasinatos nin de violacións nin da reincidencia como agravante de todo isto.

Señorías, non confundamos a xente. A prisión permanente revisable nin é cadea nin é perpetua nin é unha pena de aplicación xeral —por moita graza que lles faga a algúns— nin é inconstitucional. E, se así o fora, quen o ten que dicir é o Tribunal Constitucional e non un partido político ou un representante dun partido político, por moita formación xurídica que teña. É unha pena que está incluída en diversos ordenamentos xurídicos democráticos e que mesmo está avalada polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, precisamente por ese carácter de revisable, e cun obxectivo moi claro: previr a presenza na sociedade de persoas que non están adaptadas para deixar de cometer estes crimes especialmente atroces e que se introduzan estas persoas na sociedade sen estar debidamente rehabilitadas. Por tanto, é unha pena que pretende garantir a rehabilitación de individuos que fan crimes especialmente atroces.

É unha pena limitada a moi poucos delitos —en España, a oito—, diferentemente doutros países que a aprobaron —por certo, con gobernos socialistas, polo que non estamos falando dunha cuestión ideolóxica—. En Francia foi aprobada no ano 1994 por François Mitterrand —creo que non tiña ningunha sospeita de ser de dereitas— e para máis de 20 casos, concretamente, para 26 tipos de delito; ou en Alemaña, para 20.

É unha pena proporcionada ao delito ao que se aplica. É unha pena revisable por si mesma. Ao longo do cumprimento desa pena, se a evolución do delincente é positiva, pódese revisar e aplicar doutra maneira. É unha pena que está orientada á inserción social dos delincentes, tal e como establece a nosa Constitución, buscando a resocialización e a reinserción da persoa que cometeu un delito. É unha pena creada para protexer os cidadáns, protexelos de persoas que cometeron delitos gravísimos e que teñen que demostrar que están rehabilitadas para poder vivir en sociedade.

En Europa foron partidos de esquerdas os que crearon a prisión permanente revisable, ten todos os avais en Europa. Non é populismo punitivo, non é unha cuestión ideolóxica, é unha pena avalada polas institucións internacionais, como dicía. A Corte Internacional inclúe esta como unha posibilidade, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos ponlle condicións: que sexa revisable. E en España é revisable.

Aprobose en España co informe favorable de todos os organismos, o do Consello Xeral do Poder Xudicial —por certo, cun informe no que foi ponente a señora Margarita Robles, non sei se lles soa—, do Consello Fiscal, do Consello de Estado, e coa doutrina xurídica e todos os informes que tiña que pasar.

As enquisas din que o 80 % da cidadanía a avala, o 80 % de votantes do Partido Socialista e de Ciudadanos tamén. Ciudadanos está rectificando e o Partido Socialista —polo que vimos estes días— tamén. Concretamente, en Vigo —onde o seu secretario xeral é deputado nesta Cámara— abstivéronse ante unha moción exactamente igual á que estamos presentado hoxe aquí. Así que eu agardo, para que ese señor poida ir durmir hoxe a Vigo, que o Partido Socialista, polo menos, se absteña, se non quere votar a favor. Eu supoño, quero pensar, que o Partido Socialista está rectificando.

O conxunto da cidadanía en España quere que no noso dereito exista unha institución restrinxida, unha institución limitada, como a prisión permanente revisable.

Remato xa, señorías.

É unha demanda da sociedade que dende o Partido Popular seguiremos defendendo. Seguiremos defendendo a seguridade das nosas fillas, a seguridade das nosas nais, a seguridade das nosas compañeiras de escola, a seguridade dos nenos e nenas vulnerables a depredadores sexuais, a seguridade de calquera persoa que se poida ver exposta a un criminal de crimes atroces que non estea rehabilitado para vivir en sociedade. Eu supoño que vostedes terán a mesma sensibilidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ben, bo día de novo.

Desde o BNG non imos apoiar esta proposición non de lei que presenta e defende hoxe o Partido Popular, como tampouco apoiamos no ano 2015 a introdución da prisión permanente revisable no Código penal español. Foi un debate político e social que non se pechou naquel momento, senón que estaba aberto non só na academia, senón tamén —como a mesma portavoz do Partido Popular lembraba— porque hai un recurso de inconstitucionalidade interposto e aínda non resolto tres anos despois. Este está referido, entre outras cuestións, á posibilidade de que esa prisión permanente revisable supuxese unha vulneración do artigo 25.2 da Constitución española, no que se di que as penas privativas de liberdade e as medidas de seguridade estarán orientadas cara á reeducación e reinserción social. Iso determinarao o Tribunal Constitucional.

Desde o BNG entendemos e compartimos absolutamente o sufrimento e a dor de moitas familias vítimas —dalgunhas delas falaba a señora Prado— de graves crimes. Rexeitamos, pola contra, a instrumentalización que o Partido Popular está a facer dun estado de opinión enormemente marcado e enormemente condicionado por estes crimes (*Aplausos.*), cun comportamento político exemplo de populismo punitivo ou populismo penal rexeitado polo Consello Xeral da Avogacía, por catedráticas e catedráticos de dereito penal, por representantes da penitenciaría española, Xuízas e Xuíces pola Democracia, a Unión Progresista de Fiscais e distintas ONG, alén de todas as forzas políticas, coa excepción do Partido Popular e a marca branca do PP en Navarra, UPN, que aprobaron ademais recentemente —tamén o lembraba a señora Prado— unha iniciativa pola súa derogación.

Diante da súa iniciativa e do seu discurso —que ademais esta fin de semana en Córdoba reactualizaron—, desde o BNG cremos que cómpre sinalar distintas cuestións das que a señora Prado e o Partido Popular decidiron non falar. O Estado español é un dos territorios máis seguros non só da Unión Europea senón do mundo, sitúase nunha taxa de criminalidade substancialmente inferior á media europea —43,2 delitos por cada 1.000 habitantes— e en taxas de criminalidade das máis baixas do mundo, con 0,6 homicidios e asasinatos por cada 100.000 habitantes —case 300 no último ano rexistrado—. Non restamos nin a máis mínima

importancia a cada un destes casos, mais poñemos enriba da mesa estas cifras oficiais extraídas dos rexistros do Ministerio do Interior porque, malia ser o Estado español un dos territorios máis seguros e coa menor taxa de criminalidade, conta cun dos sistemas penais máis duros da Unión Europea, con maior poboación reclusa, cunha taxa de ocupación dos penais —segundo Eurostat— do 136 %, e con máis tempo medio de encarceramento a respecto dos países da súa contorna. De feito, o ordenamento penal español pune, desde antes da introdución da prisión permanente revisable, con penas de privación de liberdade das máis prolongadas da súa contorna, podendo chegar en determinados casos aos corenta anos. Para atopar algo semellante hai que ir a sistemas penais africanos, latinoamericanos, ou a Texas.

Desde o BNG non imos apoiar esta iniciativa, e ademais queremos dicilo con claridade: seguimos defendendo a necesidade de que sexa derogada polo seu carácter contrario aos principios de reinserción, de reeducación e de humanidade. E preocúpanos moito, sinceramente —dicímolo sinceramente—, que o Partido Popular use o Código penal e o seu endurecemento como arma electoral, aproveitando o estado de opinión enormemente sensibilizado e enormemente condicionado por crimes concretos e moi mediatizados.

Recentemente, nunha entrevista —que lles recomendo absolutamente— concedida ao *Diario de Mallorca*, Carmen Tomás y Valiente —filla do presidente do Tribunal Constitucional asasinado atrozmente por ETA— respondeu, cando lle preguntaban, que a ela —penalista— lle ía ben cando todo o dereito era penal. Decía Carmen Tomás y Valiente —abro aspas—: «Está pasando e non me vai ben. Utilízase un dereito penal simbólico mediante o cal o Estado dá a entender que actúa, mais é tecnicamente deficiente porque se pronuncia a golpe de caso mediático.» —pecho aspas—. Iso é populismo punitivo ou populismo penal, señorías; é dicir, usar o dereito penal para dar resposta inmediata a determinadas problemáticas sociais de gran repercusión mediática, procurando réditos electorais mentres se elude a análise dos factores estruturais e sistémicos que subxacen en todo acto criminal individual.

Eu non vou dar nomes, non vou poñer apelidos, non vou falar de familias, porque me parecería en todo caso unha falta de respecto. Remítome aos casos citados pola señora Prado na súa intervención. Fíxense que son todas mulleres, mulleres asasinadas e violadas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: E remítome... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio por favor!

E remate, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, xa estou rematando.

E convido a todas as persoas que están no hemiciclo a que lean a transcripción do señor Picatoste, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que estivo a semana pasada

na Comisión de Igualdade e que falaba de que non se podería resolver o problema da violencia machista a través do Código penal.

Insisto en que é lexítimo, é comprensible, é, ademais, moi humano que as familias das vítimas de crimes absolutamente atroces...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...exixan dureza nas penas, mesmo máis das que xa hai. Pero ao poder lexislativo, ao poder político, ás organizacións políticas, requíresenos, presupónsenos, máis razón ca emoción. Non sei se se lexisla contando manifestantes, mais do que estamos seguras é de que non se pode facer en quente nin a golpe de titular.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu tampouco vou dar nomes, salvo dous. Vou falar de Cesare Lombroso e de Cristina Cifuentes.

Cesare Lombroso ten a honra de ser o penalista máis ridículo da historia do dereito penal do século XIX. Estamos no século XXI. E dicía: «Para os criminais adultos non hai moitos remedios. É preciso ou ben encerralos para sempre, nos casos dos incorrixibles, ou suprimilos, cando a súa incorrixibilidade os volve demasiado perigosos. E Cristina Cifuentes, hai escasamente un mes, dicía: «Hai delitos que, pola súa crueldade, deberían ter un castigo superior, xa que a sociedade merece estar protexida deste tipo de delincuentes que son reincidentes».

Hoxe quizais Paula Prado, con algunha das frases que acaba de dicir aquí, podería incluírse nesta terna, con Cesare Lombroso e con Cristina Cifuentes. Reflicte o que vostedes hoxe traen a esta Cámara, que non é un dereito penal mellor —que é o que merece a sociedade—, senón outro dereito penal, o do século XIX de Lombroso. É unha maneira ruín de facer política, utilizando a dor das vítimas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista queremos manifestar o noso máis absoluto respecto ás vítimas e ás súas familias, pero tamén a nosa máis absoluta repulsa cara aos que sen ningún pudor pretenden converter o sufrimento e indignación da sociedade nunha arma política arroxadiza. *(Aplausos.)*

É mesquiño que o propio ministro de Xustiza manipule esa dor e que teña manifestado que «atender a asuntos sociais que realmente preocupan aos españois é o que distingue ao Partido Popular dos outros partidos políticos». Hai que ter moita cara para facer semellante

afirmación, un ministro dun partido que, segundo a Valedora do Pobo en Galicia, ten recordado tantos dereitos sociais que milleiros de galegos morreron esperando a que se lles recoñecese o dereito á dependencia. Revisen os informes da Valedora do Pobo. (*Murmurios.*) Para nós é unha absoluta indecencia. ¿Por que? Porque esta proposición de lei é un despropósito no seu propio enfoque. (*Murmurios.*) (*A señora Vilán Lorenzo fai unha pausa.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Porque esta proposición de lei é un despropósito no seu propio enfoque. Non é unha proposición de lei na que instemos o Goberno galego para que inste a ninguén. Instamos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado. Non entendemos como a Mesa foi capaz de aceptar esta proposición de lei. A partir de agora ábrese unha espita para que o resto poidamos facer o mesmo.

Tamén porque vostedes esquecen que a Constitución, ademais do dereito á resocialización, inclúe o dereito á liberdade e á seguridade, que está no artigo 17. E a liberdade está de primeira por algún motivo, por algún motivo, non de segunda. É moi difícil resocializar a alguén que teña que pasar como mínimo vinte e cinco anos en prisión. A reinserción social despois de vinte e cinco anos en prisión é ben complicada.

En terceiro lugar, porque vostedes critican que o Partido Socialista pretendamos a derrogación desta norma sen esperar a que o Tribunal Constitucional resolva o noso propio recurso de inconstitucionalidade. Miren para atrás e pensen o que fixeron vostedes coa Lei do aborto, a nosa lei do aborto, e a Lei de matrimonio homosexual. Exactamente o mesmo, e nós non criticamos a súa actitude.

En cuarto lugar, porque, cando en maio do ano 1995 o Código penal da democracia entrou en vigor —o que, por certo, fixo un goberno do Partido Socialista—, foi un dos máis duros, tal e como se dixo aquí. É verdade, é un dos máis duros o que existe en España, e sempre se cumpren os dous terzos da condena, obrigatoriamente. Xa non se redimen penas polo traballo nin ese tipo de cuestións que andan pola rúa. Vostedes, en trinta anos, en vinte anos escasos, subiron as penas e incluíron tamén esta pena privativa de... (*Murmurios.*) (*A señora Vilán Lorenzo fai unha pausa.*)

Presidente, a min gustaríame poder facer a miña intervención sen que ninguén me molestase cos seus comentarios, se é posible. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Prosiga, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Esta prisión permanente revisable, que non é máis ca unha cadea perpetua encuberta, din vostedes que está baseada na demanda social, o que non é unha xustificación democrática. Onte o señor Pedro Puy dicía literalmente: «Lexíslase no Parlamento e non a golpe de es-

coitar manifestantes». Efectivamente, léxíslase no Parlamento e non a golpe de escoitar o que supostamente di a rúa. Creo que vostedes non lles preguntaron a eses millóns de cidadáns españois.

Tamén, por certo, quizais pola tolemia do señor Ruíz Gallardón, que quería pasar á historia por moitas cousas, desgraciadamente tamén por isto. E, ademais, porque esta é unha das penas máis inhumanas que existen. A primeira máis inhumana é a pena de morte, sen ningunha dúbida. E ao que debe aspirar un Estado democrático é a unha política criminal baseada nun principio de humanidade. Iso é o que di precisamente o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, non di o que acaba de dicir vostede. Hai unha sentenza en relación co Reino Unido, do ano 2013, que marca claramente cal é a diferenza, e que establece un prazo límite, que son quince anos máximos en prisión, para poder volver reinserirse na sociedade; nunca vinte e cinco, que é o que trae a súa prisión permanente revisable. Non estivo aceptada nin polo Consello Xeral do Poder Xudicial nin tampouco polo Consello de Estado. ¡Non é certo, non é certo! Só houbo, do Consello Xeral do Poder Xudicial, dous conselleiros que dixeron que crían que para eles era conforme á Constitución. O resto dixo que non, que era dubidosamente constitucional. Margarita Robles tamén, que sabe disto moito máis que todos os que estamos aquí dentro.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora VILÁN LORENZO: Por certo —remato, presidente—, tamén debemos aspirar a unha política criminal que atenda as vítimas, as necesidades das vítimas, nunca co Código penal na man. Iso non é atender as vítimas. Hai moitas outras cousas. Por exemplo, non eliminar eses sete psicólogos dos xulgados de violencia de xénero, o que fixeron vostedes durante o ano pasado e en xaneiro. (*Aplausos.*) Iso si que é atender as vítimas.

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Vilán, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Remato xa.

É unha pena absolutamente innecesaria. Non se van deixar de cometer estes delitos aínda que exista esta pena. En América hai pena de morte e séguense cometendo delitos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: En España —remato, presidente— morren por homicidio...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...unhas trescentas persoas ao ano, o 30 % menos que hai tres décadas.

E o último que me gustaría dicir, ademais de, evidentemente, dicir que imos votar en contra, é que en España tivemos a valentía, o esforzo e moitos mortos para acabar coa organización terrorista ETA sen necesidade da cadea perpetua.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora VILÁN LORENZO: Esteamos á altura daquelas persoas que morreron xustamente por ese motivo.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Contra a lamentable intervención da señora Paula Prado, ben emuladora no século XXI das doutrinas de Cesare Lombroso, como recordou a deputada Vilán, eu recomendo outra lectura, a doutro César que veu combater a Lombroso, que era Beccaria, Cesare Beccaria, que falaba da humanización das penas e que foi un dos teóricos —xunto con outros ilustres penalistas e outras ilustres penalistas, como Concepción Arenal, por exemplo— que, humanizando as penas, conseguiron unha mellor sociedade para o conxunto da sociedade, tamén para aquelas persoas que inicialmente naquel tempo —a ese que vostede nos quere retrotraer— se encarceraba en conventos abandonados almacenándoos coma se fosen simple gando, non tratándoos coma persoas, non incidindo sobre eles de ningunha maneira. O compromiso da sociedade, unha vez que encarcera os delinquentes, é seguir actuando sobre eles para reeducalos e para resocializalos; algo que establece o artigo 25 da Constitución e que vostedes parece que ignoran.

Se imos ás enquisas, hai unha enquisa que non resistiría máis de cero por cento da poboación, porque o cen por cento da poboación —cando se lle pregunta— o que quere son políticas de igualdade que creen condicións materiais para a liberdade de todas as persoas. Cando se pregunta á poboación, o cen por cento dela quere medios de protección para as vítimas, medios para unha xustiza áxil. Recordaba precisamente Cesare Beccaria que era moito máis eficaz, no sistema de penas, unha pena áxil que non unha pena longa, na medida en que era mellor que as persoas que cometían delitos, unha vez que eran prendidas, fosen inmediatamente postas á disposición xudicial, e encarceradas se eran condenadas, que non despois dun longo proceso xudicial. Ben, algo que aínda non se acaba de producir no día de hoxe precisamente pola carencia de medios na Administración de xustiza.

O único delito que reconforta é o que non se comete. E para iso fai falta investimento en prevención, en prevención do delito en políticas de igualdade.

Falouse aquí moito de seguridade ignorándose varias cousas. En primeiro lugar, que o Código penal de 1995 xa incluía penas de prisión de ata trinta anos, que en 2003 esas penas chegaron a unha pena de prisión de ata corenta anos; cuns datos que xa foron ofrecidos aquí de taxas de criminalidade das máis baixas do mundo e, sen embargo, cunhas taxas de encarceramento das máis altas das democracias do noso entorno.

Vir aquí facer as afirmacións que fixo a señora Prado supón ignorar absolutamente, desde o punto de vista científico pero tamén democrático, cal é a función das penas de prisión

nunha sociedade democrática; como vostede non ignora, aínda que tivera que dicir hoxe o que veu dicir a esta tribuna, que as penas de prisión están estruturadas en fases, catro fases, que teñen por finalidade —dúas, principalmente—, en primeiro lugar, ordenar a vida en prisión, estimular dalgunha maneira o penado para que teña un bo comportamento dentro da prisión —porque, se non hai ningún tipo de aliciente para a progresión de grao, tampouco se vai comportar ben en prisión— e, en segundo lugar, poder dar estímulos para incidir no seu comportamento, estimulalo para que lea, para que se forme, para que se eduque, para que acuda a terapia, para que se deixe someter ao tratamento penitenciario que faga poder cumprir as finalidades democráticas da pena, que son a resocialización e a reeducación social. Tamén, evidentemente, hai unha función represiva, que consideramos que estaba perfectamente cuberta cunha pena máxima que ata agora estaba prevista en corenta anos de prisión.

¿Que introduce a prisión permanente revisable? Un horizonte superior aos corenta anos. Podería chegar, segundo a fórmula de cálculo de penas, ata os cincuenta anos. E, en segundo lugar, a segunda novidade, é a imposibilidade da progresión de grao definida por lei, non pola Xunta de Tratamento Penitenciario, que son os que seguen de cerca a evolución dos penados, senón cunha limitación por lei.

Falan vostedes de que esta pena non é inhumana ou degradante, cando realmente si o é na medida en que impón o cumprimento, nun máximo de segundo grao, dun período superior a trinta e cinco anos —e pode chegar máis alá de corenta—, o cal supón a negación absoluta dun horizonte de esperanza en liberdade en toda a vida das persoas. E isto non é dito por En Marea, dito por reputados penalistas, como Quintero Olivares ou Díez Ripollés, que estudaron este tema.

A pena é inhumana e degradante, nos termos do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, por unha razón que xa foi explicada aquí tamén. Se leran vostedes as propias sentenzas que citan na exposición de motivos —cousa que evidentemente non fixeron—, verán como no «affaire Bodein» ou no «caso Hutchinson» a xurisprudencia do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos condiciona a aceptación desas penas a unha revisión, que nun caso, como afirmaba a señora Vilán, se restrinxía a quince anos, e podía chegar a vinte e cinco, cun máximo de revisión no vixésimo sexto; algo que non sucede coa prisión permanente revisable, que pode chegar ata unha non revisión legal de grao ata pasados trinta e cinco anos. Polo tanto, hai unha perda absoluta do horizonte de liberdade, do horizonte vital de liberdade, tendo en conta, ademais, que a esperanza de vida da poboación reclusa é menor que a esperanza de vida da poboación en liberdade.

Con isto, o que queremos dicir é que non se vai facer nada con este mantemento desta pena. Primeiro, para evitar delitos, porque ninguén se vai ver disuadido de cometer un delito porque teña corenta anos de prisión ou teña cincuenta; polo tanto, a función de disuasión non vai suceder. En segundo lugar, para castigar ao delinciente cunha pena que xa na práctica establece a perda de horizonte vital, non se vai producir ningún tipo de consecuencia. Polo tanto —e deslízouno vostede ao final da súa intervención—, a única finalidade desta proposición non de lei era o enfrontamento partidario a custa da dor das vítimas. E iso parécenos especialmente ruín e execrable. (*Aplausos.*) Queremos condenalo aquí e denunciar o máis

burdo populismo punitivo ao que nos está sometendo o Partido Popular: xogar coa dor das vítimas en beneficio propio intentando vostedes buscar rédito nese enfrontamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que teñen, particularmente con Ciudadanos, para que non lles coman espazo. E cremos que é un mal consello, unha mala decisión, utilizar o Código penal para solucionar outra clase de problemas que nin teñen que ver co Código penal nin teñen que ver coas vítimas nin teñen que ver coa prevención dos delitos nin teñen que ver co tratamento dos delinquentes nin ten que ver coa Constitución nin ten que ver coa democracia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

Señora Vilán, o sufrimento e indignación da sociedade vén derivada de que vostedes, xunto co PNV, con Podemos, En Marea e Ciudadanos, hai catro meses aprobaron unha resolución para a derogación da prisión permanente revisable, e iso provocou a mobilización das familias. O oportunismo non é o do Partido Popular *(Aplausos.)*. E, cando fala de oportunismo, lémbrolle que no ano 2008, cando sucedeu o caso que eu acabo de citar aquí, o de Mari Luz Cortés, gobernaba o Partido Socialista, estaba de vicepresidenta a señora María Teresa de la Vega, e endureceron as penas do Código penal. E ¿sabe vostede cales foron as declaracións da vicepresidenta socialista?: «*Se debe, en gran parte, a los acontecimientos que conmocionaron a la opinión pública*». Vostedes si que o fan a golpe de oportunismo político e a golpe de vítimas. *(Aplausos.)*

Miren, eu entendo que os partidos que cambian de principios como quen cambia de calcetíns non entendan que o Partido Popular ten uns principios férreos que vai seguir defendendo. E cando no ano 2015 aprobamos a prisión permanente revisable foi por unha promesa electoral do ano 2011. Isto non vén de que agora haxa, por desgraza, uns acontecementos que a todos nos entristecen. Non, señorías, vostedes foron os que hai catro meses, o 4 de outubro, reabriron este debate, non foi o Partido Popular; noventa días antes, concretamente, da aparición, desgraciadamente, do corpo de Diana Quer. Non digan que é porque o Partido Popular está aproveitando a dor das vítimas. Non, señorías, foron vostedes, noventa días antes diso, cando reabriron este debate. *(Aplausos.)* Dicir que estamos utilizando as familias si que é oportunismo político. Digan vostedes a quen queren beneficiar coa supresión desta pena, [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Os que se sacan fotos con Otegi, señora Rodil. *(Aplausos.)* ¡Vostedes!, ¡os de En Marea de Podemos! A señora Presas ten fotos co señor Otegi. ¿Son eses os que vostedes están defendendo coa súa derogación da prisión...? *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: Miren, señorías, vostedes puxeron enriba da mesa este debate. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: E nós imos seguir mantendo os nosos principios. Nós imos seguir defendendo que se manteña esta pena. É unha demanda da sociedade, si. E nós escoitamos a sociedade. É unha mágoa que vostedes non a escoiten, que só a escoiten o domingo pola mañá cando saen coas pancartas e que non escoiten todos os días o clamor das familias para ver, cando menos, un pouco aliviada a súa dor vendo dentro da prisión aqueles que lles fixeron tanto dano e lles quitaron os seus seres máis queridos. Esa é a xente á que vostedes teñen que escoitar. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: Señorías, a nós non nos sorprende a postura do BNG, a marca branca da UPG, nin a das Mareas de Podemos, que se poñen sempre [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Proseguen as protestas.)

¡Silencio!

¡Señor Lago! ¡Señor Lago, silencio!

Eu falarei, cando teña que falar, coa señora Prado.

¡Por favor, silencio!

E remate, señora Prado. *(Fortes murmurios.)*

Por favor, silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Vou explicalo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, vou ter que chamalo á orde. Eu sei cando teño que falar, para iso son o presidente e sei cando teño que falar. *(Proseguen as protestas.)*

¡Silencio! ¡Silencio! Eu falarei coa señora Prado cando teña que falar. ¡Silencio, por favor! Se non, suspendo o pleno.

A señora PRADO DEL RÍO: Señor presidente, se digo isto...,

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: ...vouno explicar, porque alguén non o entendeu.

Cando digo isto é porque o señor Otegi é un condenado por terrorismo. É un señor que estivo no cárcere por pertencer a unha banda terrorista chamada ETA, e hai membros deses grupos que se sacan fotos co señor Otegi. Por iso digo que están ao lado [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)*, nas fotos ou nas manifestacións. *(Aplausos.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Señorías, nas manifestacións en Cataluña hai membros desta Cámara que se sacaron fotos ao lado do señor Otegi. [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.) (Aplausos.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Remate, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Remato, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Remate, remate xa.

(Proseguen as protestas.)

¡Silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio, por favor!

Vou suspender o pleno. Será mellor, porque non me parece que este debate estea sendo...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Remate, señora Prado, remate.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Eu remato pedindo a toda a Cámara que pensen nas familias, no que están pasando; e non agora senón que levan anos, anos, sufrindo que haxa delincuentes atroces nas rúas que non están reinseridos, que non están en condicións de vivir en sociedade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e que poñen en perigo as nosas fillas, as nosas nais, as nosas compañeiras de traballo, os nenos e nenas, que son vulnerables...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: ...ante depredadores sexuais que non están nin rehabilitados nin reinseridos. E ese é o fin da prisión permanente revisable.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Vou falar eu.

Señora Prado, eu pídolle que retire unha expresión. [...] Polo tanto, pídolle... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Non, non é o mesmo, non é o mesmo. Pídolle que retire esa expresión.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, pois cambio [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)* .

(Protestas.)

O señor PRESIDENTE: ¡Non, non, perdón!

Falando, entendémonos.

A frase era que vostede dixo que eles están «do lado...». Non, eu non creo que sexa esa unha frase oportuna. Por iso lle pido...

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio!, déanlle voz ao escano.

A señora PRADO DEL RÍO: Digo que nós estamos ao lado das vítimas, sacámonos fotos coas vítimas. E eles están ao lado [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)*, que é cos que se sacan as fotos.

(Fortes murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Queda retirada a expresión que utilizou vostede. Paréceme que é unha expresión, agora matizada, pero non é unha expresión adecuada.

Creo que está aclarado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora Pontón Mondelo e o señor Villares Naveira piden a palabra.)*

¿Para que queren agora a palabra? Creo que está aclarado. Eu dou a palabra, pero ¿con base en que? *(Fortes murmurios.)*

¡Silencio, por favor, estou moderando este debate eu!

Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Se é posible... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

A señora PONTÓN MONDELO: Con base no artigo 76, creo que, despois das gravísimas afirmacións que acaba de facer a señora Prado neste pleno, xustifícase por si propio que haxa un turno de resposta ante unhas acusacións que son gravísimas, gravísimas.

O señor PRESIDENTE: Matizadas.

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Gravísimas!

O señor PRESIDENTE: Perdón, corrixidas. *(Protestas.)*

A señora PONTÓN MONDELO: Non, non as corrixiu.

O señor PRESIDENTE: Si, si, señora...

Señora Pontón, isto está corrixido.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor presidente, de verdade, eu creo que hai liñas vermellas que non se poden cruzar.

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, non, non. Eu estiven no debate e estiven atento.

A señora PONTÓN MONDELO: Entre outras cousas porque eu formo parte dunha forza política onde houbo moitos militantes perseguidos polo franquismo que deron a súa cara en defensa da democracia... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou.

Señor Villares, ¿para que quere a palabra?

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Pontón, chámola á orde. *(Proseguen as protestas.)*

Chámoa á orde. ¡Silencio!

Chámoa á orde porque non me gusta o xesto... Non me gusta, e hai que ter un respecto neste Parlamento. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, non está no uso da palabra.

Quedou aclarado iso. Non é o mesmo.

Señor Villares, ¿para que quere a palabra?

O señor VILLARES NAVEIRA: Entendemos que non estivo rectificada convenientemente a alusión.

O señor PRESIDENTE: Entendo que si.

O señor VILLARES NAVEIRA: ¡Si, home!, porque deixar cambiar a expresión [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)* a nós parécenos manter unha acusación, manter un insulto, manter unha indignidade a esta Cámara por parte da señora deputada. E nós non podemos aceptar que se diga iso; polo tanto, non aceptamos ningunha substitución dunha por outra.

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Villares. Xa está.

O señor VILLARES NAVEIRA: O único que aceptamos é retirar completamente a expresión, que é obxectivamente ofensiva, obxectivamente calumniosa.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Señor Villares, terminou o seu tempo, por favor. Isto xa está rectificado.

¡Silencio!

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Prezas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débense engadir, ao final da parte resolutiva, dous novos puntos:

<<4. Ampliar a frecuencia horaria da liña Ourense-A Coruña.

5. Dirixirse ao Goberno central para que estableza políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio que rematen coas discriminacións sufridas por cidadás e cidadáns galegos debido ao seu lugar de residencia.>>)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada Marta Nóvoa Iglesias, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Esixir ao Goberno central una equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual evidente situación de discriminación que se dá en función do lugar de residencia de galegos e galegas.

2. Solicitar ao Goberno central una ampliación das frecuencias horarias desde Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Aínda que o corpo me pide outra cousa, voume cinxir ao asunto desta iniciativa, porque a verdade é que o Bloque Nacionalista Galego ten moito máis respecto pola función que teoricamente debería ter este Parlamento que o que se acaba de demostrar co que acabamos de vivir. *(Aplausos.)*

Señorías, se Galiza ten sido historicamente agraviada por parte do Goberno central, hai un servizo e unha parte do territorio que levan a palma, que é o tren e o interior deste país. Hoxe, en concreto, a nosa iniciativa versa sobre a liña que conecta Ourense con Santiago de Compostela e A Coruña.

Desde o BNG sempre apostamos por unha rede ferroviaria que fora moderna, compatible para o tráfico de persoas e mercadorías, que primara a mobilidade interior e que nos conectara entre o territorio e tamén coa Meseta e con Portugal. Porén, decisións alleas ao noso país primaron un deseño no que Madrid era o centro do mundo, e a conexión coa capital do Estado acaprou absolutamente todos os investimentos. E, sen dúbida, esa conexión é útil e é necesaria, pero tamén é certo que as necesidades das e dos ourensáns nin comezan nin rematan aí. ¿Cal é o problema? Pois o problema é que ese deseño e as súas

políticas foron en detrimento sempre tanto da conexión interna do país como da modernización da nosa rede. E o resultado é que Galiza, diferentemente do que acontece noutros territorios, como Andalucía, Asturias, Cantabria, País Vasco etc., pois non conta cun tren de cercanías. Non temos no noso país un tren de proximidade porque o Estado español e as políticas do Partido Popular sempre o vetaron. E mentres, mentres o resto do Estado avanzaba, pois vimos como Ourense tivo que ver como quedaba atrás no proceso de modernización do ferrocarril. Salvouse relativamente porque é un lugar de paso e de entrada para Madrid, e, polo tanto, hoxe a maioría dos trens que paran na cidade fano precisamente porque saen ou entran na nosa comunidade. Salvouse, como digo —diferentemente do que aconteceu por exemplo con Lugo, que quedou absolutamente illado—, pero a cambio de dous grandes agravios.

O primeiro foi a perda de liñas —en lugar de gañar conexións fomos perdéndoas progresivamente—. Chegou un tren máis rápido, si, pero a cambio dun gran recorte nas liñas intermedias. Hai só menos dunha década, o tren rexional conectaba Ourense con Santiago e, polo medio, moitas outras poboacións, como Maside, O Carballiño, O Irixo, Lalín, Bandeira ou A Susana, só por citar as máis recentes. As máis pequenas foron definitivamente pechadas no 2013. E algunhas delas, como O Carballiño ou O Irixo conservan esas paradas, conservan algún tren rexional ao longo do día, pero é absolutamente escaso e moi inferior ás potencialidades que terían estas liñas.

Esa liña de tren coñecida como «vella» está infrautilizada. E pensamos desde o BNG que é preciso fomentar o seu uso, xa que o tren conta con indubidables vantaxes que ninguén pode negar, tanto de respecto ao medio ambiente como en beneficios para a comodidade e a seguridade das persoas. Por iso hoxe propoñemos, entre outras cousas, non esquecer tamén esta liña de rexional e ampliar a súa oferta horaria para que realmente poida ser unha alternativa.

O segundo gran agravio que produciu a evolución histórica do ferrocarril para Ourense é a chegada do tren *Avant*, que a priori era unha boa noticia, a priori implicaba un acurtamento nos tempos. Efectivamente, cando eu estudaba nesta cidade, hai bastantes anos, empregaba o ferrocarril case dúas horas en chegar entre Santiago e Ourense. E a día de hoxe dura 38 minutos o traxecto. ¿Que acontece? Que o fixo cun prezo e cuns horarios absolutamente abusivos e insuficientes. En lugar de servir como servizo público, practicamente está converténdose nun artigo de luxo.

Por iso traemos hoxe propostas concretas e urxentes arredor da liña *Avant* Ourense-Santiago-A Coruña, para poñer fin a unha situación que é de auténtico agravio e discriminación con Ourense e a súa contorna, unha discriminación en prezos e en horarios.

A día de hoxe, un billete entre Santiago e Ourense vale 16,60 euros, moito máis do que custa viaxar entre Santiago de Compostela e Vigo, que está en 11,10, ou entre Santiago e A Coruña, que está en 7,35. Se analizamos as liñas que percorren o eixo atlántico e as comparamos con esta liña que conecta A Coruña e Santiago de Compostela con Ourense, a todas luces hai un agravio comparativo inexplicable.

Os prezos por quilómetro son moito máis caros. Podemos ver como viaxar de Ourense á Coruña custa ata 13 céntimos por quilómetro; de Ourense a Santiago, ata 15 céntimos por quilómetro. E, en cambio, a media no eixo atlántico é de 9 céntimos por quilómetro.

Se comparamos o prezo por minuto, Ourense-Santiago son 38 minutos e 0,43 céntimos por minuto; Santiago-A Coruña, con só 10 minutos menos, son 0,26 céntimos por minuto, case a metade.

Sen ningún motivo, sen ningún motivo explicable baixo parámetros obxectivos, a día de hoxe un ou unha ourensá que queira empregar este medio de transporte paga ata un 60 % máis polo prezo do seu billete que o que paga calquera persoa que se desprace polo eixo atlántico, un auténtico abuso que, ademais, non remata no prezo, que continúa tamén na oferta horaria, cunha frecuencia horaria moito menor e que imposibilita que moitas persoas que estudan ou traballan en Santiago de Compostela poidan empregar este medio de transporte. Por exemplo, un deses funcionarios da xustiza que hoxe están en folga, para vir de Ourense ten opcións moi cedo, ás oito da mañá. Pero se, por exemplo, ten que ir ao médico e desprazarse máis tarde, pois ata as doce da mañá non ten un tren. E pola tarde, para volver despois das tres da tarde, só pode vir nun tren ás cinco ou nun tren as oito e media, algo que a todas luces limita moito a mobilidade das persoas.

Pero isto non queda aquí, aínda hai máis. Tamén os bonos de transporte son absolutamente delirantes se os comparamos cos que unha persoa pode adquirir para outras frecuencias. A día de hoxe, por exemplo, co «abono plus 10» tes 10 billetes para gastar en oito días. É certo que hai un importante desconto, pero calquera estudante que teña un día á semana que non ten aulas, ou calquera traballador que a semana que vén, por exemplo, poida pedir o martes de entroido libre e non teña que desprazarse ata a capital do país, pois xa non poderían empregar esa semana o bono, porque ten que vir cinco días á semana para que lles sexa rendible, un absoluto disparate.

Polo tanto, desde o BNG hoxe demandamos tres cuestións clave: que se negocie co Estado e con Adif o abaratamento da liña, cando menos nun 30 %, para homologarse e achegarse aos prezos que se están pagando noutras partes; ampliar tamén a frecuencia horaria e reformular estes bonos para que realmente poidan ser útiles.

Sobran as razóns; primeiro, por xustiza social e equilibrio territorial —máis aínda cando Ourense ten unha situación socioeconómica e demográfica absolutamente crítica—, e tamén porque o tren é e debe de ser salvagardado coma un servizo público. Pagámolo todos e todas a través dos recursos que achegamos cos nosos impostos e, polo tanto, non se entende unha discriminación pola cal, segundo o lugar onde vivas, pagues máis ou menos. Máis aínda se temos en conta tres factores que nos parecen importantes.

Primeiro, se facemos unha análise das contas económicas de Renfe —aínda que as do 2017 completas aínda non están publicadas—, sabemos que, nos seis primeiros meses do ano, Renfe Viaxeiros tivo un beneficio de máis de 66 millóns de euros. Faltan os datos completos do ano, como digo, pero onte tiñamos a noticia de que vai haber un AVE *low cost* para outra parte do territorio mentres nós temos un *Avant* de alto custo.

En segundo lugar, pois tamén hai que dicir que esta liña que estou mencionando, a de Ourense-Santiago-A Coruña, pois é unha desas moitas que están consideradas polo Estado como obrigas de servizo público. Que unha liña sexa considerada obriga de servizo público quere dicir que entra na repartición de máis de 937 millóns de euros que Fomento achega a Renfe-Adif para axudar a desenvolvelas; máis de 937 millóns de euros que saen das arcas públicas e, polo tanto, dos que será lóxico que as e os ourensáns tamén nos poidamos beneficiar.

Tamén hai que ter en conta outra última e terceira cuestión. Na auditoría da memoria económica de Renfe de 2016 —como dicía, a de 2017 aínda non está— recóllese que esta liña experimentou tanto un aumento de viaxeiros como un aumento de venda de títulos e como un aumento do beneficio económico. Polo tanto, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que é importante que desde o Parlamento acordemos unha posición de país para poñer fin a esta absoluta discriminación. Non hai desculpas, e a Xunta de Galiza ten que saír da súa posición de absoluto inmovilismo e negociar esta cuestión agora que estamos, ademais, ás portas dunha nova negociación para os orzamentos de 2018.

Entendemos que non hai desculpas, e o que se vota hoxe é moi sinxelo: ou se está de acordo ou en contra de que haxa unha rebaixa de ata un 30 %, cando menos; ou se está a favor ou en contra de que haxa máis liñas; e ou se está a favor ou en contra de que haxa uns bonos útiles e razoables que poidan permitir que aquelas persoas de Ourense que o desexen e que se teñan que desprazar a Santiago de Compostela ou á Coruña con frecuencia poidan facelo en igualdade de condicións de calquera outro galego ou galega que viva na franxa atlántica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día a todas e a todos.

Eu si que non podo falar sen facer alusión ao que pasou antes, porque no ano e medio, ou no ano e dous meses, que levamos aquí nunca escoitei tal obscenidade e nunca vin unha actitude tan noxenta [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.*) e unha demagogia desta envergadura. Eu creo que, señor presidente, se vale todo, non vale nada. E isto é intolerable. Os argumentos que esgrimiron as forzas de oposición eran argumentos, señora, e se teñen tanto interese por que estas cousas non se produzan —e creo que todos os grupos manifestamos a solidariedade coas vítimas—, se teñen tanto interese, pois realmente poñan medidas, habiliten crédito e orzamento de urxencia para que se poña a andar o pacto de Estado. Ou, xa que levan todo o día de onte falando de Valencia, miren o pacto de Estado pola igualdade valenciano, seguro que lles interesa moito. Tomen medidas de prevención, non agochen a súa responsabilidade.

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Parece que estamos no entroido, pero aquí o que parece é que se están usando os disfraces da verdade. E isto é terrorífico.

Eu creo que intoxicar, contaminar, cizañar, non son niveis políticos de altura nin é seriedade. Eu pensei, cando cheguei aquí, que isto era serio, que realmente iamos abordar os temas da cidadanía. E, se están en campaña preelectoral, por favor, o que non deben é utilizar este tipo de cuestións para instrumentalizar a campaña. (*Aplausos.*) ¡Non é de recibo! Non é lóxico. Eu exixo e sigo exixindo rectificación.

Ben, respecto do tema, que é importante para Ourense, é un tema aparentemente obvio. Nos medios de transporte, como todo o que estamos falando aquí reiteradamente, o público e non o privado é o que nós defendemos, xunto con todas as forzas e todos os grupos, e por iso imos apoiar tamén a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego. E nós mesmas tamén presentamos unha iniciativa.

Os medios de transporte públicos deben garantir a cohesión social e territorial. Ese é un principio que non inventamos nós, ese é un principio que emana da propia sensibilidade de todos os documentos da Unión Europea, en concreto da ETE, que é a Estratexia territorial europea.

É evidente a desastrosa actuación do Executivo galego e do estatal a este respecto. Nós somos unha comunidade que vivimos na periferia, é unha *obviedade*... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*A señora Cuña Bóveda fai unha pausa.*). Non, non oín, perdón.

É periférica e por iso sufrimos unha dupla eiva: unha eiva exterior, pola falta de conectividade digna co resto do Estado, e unha eiva interna, que se manifestou nunha conectividade deficitaria en cidades e vilas. Ben, dende diferentes niveis e planos, sempre estamos necesitadas de artellar un transporte público que sexa iso, que sexa cohesionante. E, dende logo, o tren é un referente, porque ten unha capacidade colectiva... E ademais da eficacia ou non do medio de transporte, hai unha cuestión esencial: que tamén incida no medio ambiente, é dicir, que sexa sustentable. Nós pulamos por un ferrocarril de calidade, de altas prestacións e que, dende logo, incida na igualdade dos cidadáns e das cidadás galegas.

É obriga das administracións públicas optimizar os servizos dos que dispoñemos hoxe. E se realizamos unha comparativa, vemos que Ourense está duplamente marxinada, ou duplamente castigada: a nivel tarifario e a nivel económico, a nivel de horario e a nivel tarifario.

A nivel horario non é tanto que sexamos dende Ourense tratadas como unha poboación de longa distancia, senón que non temos unha franxa horaria digna. Hai un agravio comparativo con outras vilas e cidades e hai un agravio comparativo mesmo na ponderación. Se hai unha ponderación a nivel de frecuencia e hai un problema, tamén hai o problema de que temos un nivel especial 4 en Ourense e teñen unha tarifa 6 na Coruña. Isto é incongruente. Isto é un paradoxo e non se entende.

¿Por que ten que haber unha diferenza económica e unha diferenza de franxas dunha provincia a outra? Hai un exemplo gráfico: se unha cidadá ou un cidadán quere ir da Coruña a

Santiago cunha bicicleta, pode aparcala no espazo habilitado; se quere ir coa mesma bicicleta a Ourense, ten que empacetalas coma se fose unha maleta. Iso máis os bonos, máis a discriminación económica, sitúa a Ourense como a última da fila.

Estamos ben acostumadas a ser tratadas con desleixo, con discriminación, e entón o que se pide é algo que ten que ver con este principio de cohesión social e territorial. É unha petición absolutamente congruente. E nós simplemente fixemos unha pequena emenda respecto de ampliar a frecuencia horaria non só na liña Ourense-Santiago senón Ourense-Santiago-A Coruña, aínda que é certo que da Coruña a Compostela hai como 27 opcións, cousa que non acontece con Ourense-Santiago. E tamén para dirixirse ao Goberno central para que estabilidade políticas e modalidades tarifarias idénticas en todo o territorio.

Máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Antes de continuar co debate, e advertido un erro pola miña parte — todos podemos equivocarnos, é ben certo, e eu son o primeiro en recoñecelo —, porque eu retirei a expresión —falo do debate anterior— e estaba absolutamente convencido de que chamara á orde a señora Paula Prado. E non a chamei, segundo me indican agora. Por conseguinte, ten unha chamada á orde a señora Prado, e esa expresión está retirada. Aquí ninguén está dese lado. Quero deixar isto absolutamente claro. *(Aplausos.)* E queda retirada.

E agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Señora Cuña, xa vexo o que lle importa o tren ou as frecuencias de Ourense, que botou case toda a súa intervención —tres minutos— falando da proposta anterior. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa vexo a importancia que ten. *(Murmurios.)*

Señora Presas, hoxe trae aquí unha iniciativa moi similar á aprobada a pasada semana na Comisión 2ª. E unha vez máis, co seu discurso, reafirman a súa visión negativa e anquilosada no pasado no ámbito das conexións e das infraestruturas. Mire, España ten case 3.000 quilómetros de liña AVE, só por detrás de China. E somos a envexa de moitos países. De feito, como debería saber, empresas españolas, galegas —e incluso da nosa cidade, de Ourense—, fanse con importantes contratos de construción de liñas similares ao AVE por todo o mundo. Polo tanto, señora Presas, miren ao futuro e, por suposto, miren máis alá do seu nacionalismo. Entendemos que, se fora por vostedes e polos seus compañeiros das Mareas de Podemos, por suposto que Galicia non tería AVE. Pero, por sorte para todos, non depende de vostedes.

Señorías, o eixo atlántico e o corredor de alta velocidade entre Santiago de Compostela e Ourense son uns servizos que permiten achegar as nosas cidades. Son infraestruturas que reducen os tempos de viaxe e que lles aforran tempo todos os días aos galegos que precisan deste medio de transporte para traballar ou estudar.

En canto á oferta de servizos, cómpre recordar que, dentro do marco das súas competencias, as administracións públicas deben velar pola existencia dunha oferta de transporte público que poida atender as demandas de mobilidade dos cidadáns galegos. Con este fin, en Galicia temos determinados servizos ferroviarios de media distancia que son deficitarios pero que están declarados como obriga de servizo público e por iso se manteñen, aínda que non sexan rendibles. O que se fai, señorías, é dar unha compensación económica dende a Administración á operadora para poder seguir mantendo os ditos servizos e garantindo todas as súas paradas aínda que se produzan perdas; todo iso orientado a satisfacer as necesidades da mobilidade das persoas.

Polo tanto, señora Presas, non concordamos con vostede para nada na crónica negativa e de abandono que fai vostede destes servizos ferroviarios. Incrementar estes servizos e, polo tanto, o gasto público necesario soamente estaría xustificado pola existencia dunha demanda adecuada e que non estivese cuberta por outros servizos de transporte público. Mire, o número de trens diarios pode considerarse en xeral apropiado. Son 12 trens diarios por sentido entre Santiago e Ourense. Pero non debemos deixar de destacar que, dende a súa posta en marcha, tanto o eixe atlántico como o corredor a Ourense experimentaron un importante incremento de usuarios. Isto demostra, señorías, que a cidadanía galega está contenta e que quere o AVE.

Mire, señora Presas, non coñezo a ninguén da nosa provincia ou cidade que non apoie esta infraestrutura, polo que non comparten, para nada, a súa visión negativa e a que ten todo o seu grupo. Con todo, e a pesar de que se trata dunha competencia estatal, dende a Xunta de Galicia seguírase a traballar, no eido das súas competencias, para que se ofrezca o mellor servizo aos cidadáns e solicitando a Renfe que continúe coa mellora das tarifas e dos servizos ao ritmo que as demandas e as necesidades dos cidadáns o requiran, xa sexa aumentando as frecuencias ou atendéndoas con trens de maior capacidade.

Por todo isto, dende o Grupo Popular propoñémoslle unha emenda co texto acordado a semana pasada na Comisión 2ª —votado por unanimidade— e que consistía en harmonizar tarifas e aumentar frecuencias. Esperamos que vostede, por responsabilidade e coherencia, a teña en conta. Pero, ademais, para reforzar ese acordo, dende o Grupo Popular queremos ampliálo, e ofrecémoslle unha transacción coa nosa emenda; unha transacción que incorpore o punto número 2 da súa iniciativa, referente aos bonos de transporte. E incluso aceptaríamos incluír o punto número 3 da súa proposta, sempre e cando se modifique cun engadido, que quedaría da maneira que lle vou explicar: «Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense-Santiago para mellorar a mobilidade entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda».

E repito, señoría: pónanse do lado do grupo maioritario co fin da defensa desta infraestrutura, que é vital para a nosa comunidade, e moi especialmente para a nosa provincia de Ourense. Por iso, espero que acepte a nosa proposta, xa que amplía o que vostede solicita na súa proposición e que, de seguro, redundará nun maior beneficio para todos os galegos e, por suposto, para todos os ourensáns.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Nóvoa.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

A verdade é que a exposición previa de todos os grupos, á marxe das discrepancias dos textos para aprobar ou non aprobar, deixa ben claro o necesario da proposta. Pero tamén é certo que esta mesma iniciativa, efectivamente, xa foi apoiada por este grupo na comisión da pasada semana na que se aprobou un texto similar. Entendemos que esta nova petición vén fundamentada pola desconfianza tanto nos ritmos coma nos compromisos deste Goberno.

Lembremos hoxe esa cantiga de Andrés do Barro que falaba dese tren que ía pola beira do Miño, pasiño a pasiño. Dende o ano 1969, ano desa cantiga, ata o presente pasaron corenta e nove anos, pasiño a pasiño, e non só para os ourensáns senón para todos os galegos e galegas.

E como a realidade está na rúa e se amosa con feitos, vexamos a experiencia de dous deses galegos, de Rubén e de Adela. Ambos os dous son comerciais e teñen que achegarse a Santiago de Compostela varios días ao mes. Rubén reside en Ourense e Adela en Vigo, a distancia en quilometraxe entrambas as dúas cidades e a capital compostelá no tren é practicamente a mesma. O día que se despraza a traballar a Compostela, Rubén emprega 38 minutos dende Ourense, e Adela 50 minutos dende Vigo. Aínda que Rubén se despraza máis rápido que Adela nun tren que parte ás 7:55 horas, no caso de perdelo non ten opcións doutro tren ata catro horas máis tarde. Adela inviste algo máis de tempo en percorrer practicamente os mesmos quilómetros pero, pola contra, ten opción de coller outro tren; ten practicamente un a cada hora do día. Non é moito pero, polo menos, ten opcións. Ao ourensán cústalle 26,60 euros a viaxe de ida e volta a Compostela; e á viguesa, 16,30 euros. Ao ourensán sáelle, polo tanto, un 39 % máis caro o billete que a un usuario da liña Vigo-Compostela. E, con todo, nesta comparativa entre Rubén e Adela, ¿que é o que concluímos? Pois que a política ferroviaria galega é desigual nas tarifas, nos horarios e nos tempos para todos os galegos e galegas.

A directora xeral de Mobilidade aseguraba en decembro de 2016 que o incremento do 14 % de usuarios no eixo atlántico dende a súa posta en marcha avalaba a excelente aceptación —dixo «excelente»— deste servizo por parte da cidadanía galega. Dende o Grupo Socialista temos claro que o que a directora xeral cualificaba como de excelente aceptación para nós é un argumento ridículo, perigosamente autocompracente e que obvia as graves carencias. E, lonxe de conseguir achegar os galegos e galegas, provocou un alonxamento maior por non responder ás necesidades actuais de mobilidade.

De feito, o resumo da política ferroviaria galega é o enfrontamento continuo das vantaxes: a rapidez sempre rifada coas frecuencias horarias; as tarifas, coas distancias; e os tempos, cos prezos. Semella que, cando se consegue unha mellora dun servizo, é sempre á conta de provocar o empeoramento doutro. De feito, a comparativa de Rubén e Adela pon de relevo non só que os ourensáns sofren horarios e tarifas menos vantaxosas —que é totalmente certo—, senón que o servizo ferroviario ten grandes problemáticas en todas as liñas de Ga-

licia. Permitan que dubidemos da eficacia futura na coordinación dos horarios e servizos das liñas de autobuses e trens nas estacións intermodais cando apenas son capaces de conseguir a coordinación e eficacia dunha mesma rede de transporte.

Dende o Grupo Socialista, polo tanto, apoiamos esta iniciativa, como —repito— xa fixemos esta pasada semana. Pero cremos tamén que as negociacións e melloras de tarifas e bonos deberían ser estudadas de forma global para todos os galegos e galegas, e exixir o principio de igualdade na política de tarifas, horarios e frecuencias. E quen ten que responder a esta demanda é o Goberno, non os grupos da oposición. É o Goberno quen ten que ter presente que, ante todo, estamos a falar dun servizo público que como tal ten que comportarse e responder á estratexia de mobilidade xeral que este Goberno debería ter e traballar por mellorar.

Mentres tanto, é comprensible que os grupos da oposición se vexan obrigados a presentar este tipo de iniciativas que pulan pola mellora dos territorios con desigualdades máis manifestas e evidentes. Os ourensáns saben moito dos ritmos do Goberno: pasiño a pasiño coa chegada do AVE, pasiño a pasiño co transporte de pasaxeiros, pasiño a pasiño co servizo ferroviario actual. A ver se chegou o momento e, polo menos, os ourensáns xa poden pasar de estrofa e cantar aquilo de «o tren que me leva, camiña camiña; vai botando fume e corre pola vía».

Na actualidade os trens xa non van con carbón, pero permitan que o Partido Socialista hoxe contribúa a que ese tren de Do Barro cada día sexa máis competitivo, vaia máis lonxe e corra máis rápido.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Ben, eu, a verdade, é que non deixo de ficar abraiada nesta Cámara. O BNG vén aquí falar da estafa do tren a Ourense e a señora Nóvoa —que aínda por riba é deputada pola circunscrición electoral de Ourense— vén aquí falar do AVE de España. (*Risos.*) (*Aplausos.*) ¿Sabe vostede, señora Nóvoa, por que non puido falar do AVE en Galiza? ¡Porque non hai! ¡Porque non hai AVE en Galiza! (*Aplausos.*) Efectivamente, por iso ten que falar do AVE de España e das grandes redes que hai por aí adiante, polo Estado español. A min paréceme moi ben, ¡abenzoados eles! Pero é que en Galiza temos un agravio comparativo en desenvolvemento do tren; e, en concreto, en Ourense, tanto en desenvolvemento do tren como neses prezos e horarios.

Dime vostede que miremos ao futuro máis alá do noso nacionalismo. Eu sinceramente recoméndolle que mire vostede máis alá do seu nacionalismo español casoso que practican no Partido Popular, que fai que se primen os investimentos fóra de Galiza e cos recursos que achegamos galegos e galegas, en lugar de termos nós unha vía modernizada.

¡E paren de mentir! Porque non podemos computar 12 trens diarios por sentido. ¡Non podemos computalos! É que, para que o saiba quen non coñece o tema de cerca, por exemplo, cando vén un *Alvia* de Madrid, ti podes adquirir a un prezo *Avant* —que ás veces incluso non é menor— ese billete, pero se hai sitio. Non o podes computar absolutamente como unha liña segura. Non, claro, en período vacacional, por exemplo, ou en período de fin de semana —cando hai máis tráfico—, pois non podes moitas veces acceder a ese tren. Entón non podes computalo como unha oferta máis, coma se estivera sistematizada. ¡Claro que non!

Logo fascíname o argumento este da falta de confianza no país e de que estamos subsidiados sempre, eternamente, e demais. ¡Coma se eses 937 millóns de euros que destina Fomento a este tipo de liñas non saíra tamén dos petos dos galegos e galegas! Pero, mire, señora Nóvoa, voulle ler unha cousa que aparece na Memoria económica de Renfe de 2016. Di que en 2016 —insisto, faltan por coñecerse os datos de 2017— medraron un 16 % as viaxes entre Galiza e Madrid, que é a liña priorizada. Pero é que entre Ourense e outros puntos, a través desta liña, medraron nun 76 % —o 16 % fronte ao 76 %—. E a propia Memoria de Renfe di —e non o di o BNG—: «...destacando o crecemento de Ourense polo uso xeneralizado de billetes combinados con outros puntos de Galiza». E tamén di que houbo un beneficio nese ano de máis dun 51,7 %, unha ampliación de beneficios. Polo tanto, é obvio que ten potencialidade máis que suficiente este tren para que se demande un abaratamento. E iso é o que facemos nós nesta iniciativa, é o que propoñemos.

O grupo maioritario pídenos que nos poñamos do seu lado. ¡Home!, ata o momento non nos foi demasiado ben en canto ao tren. Se realmente o que quere dicir vostede é que van rectificar e que van estar do lado das demandas que estamos a facer desde a oposición, pois nós dámoslle a benvida e intentaremos buscar un consenso en canto a esa transacción.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as emendas?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, xa vou.

A emenda que presentaban orixinalmente non nos parecía suficiente, porque non recolle esa petición, e insistimos en que pensamos que deberían recapacitar e darlle o seu apoio a demandar unha rebaixa, cando menos, do 30 %. Iso implicaría que custaría cada billete un pouco máis de 10 euros e que se homologaría con outras partes do territorio. Na nosa iniciativa incluimos tamén —que na emenda orixinal non estaba— a cuestión dos bonos, e incluimos tamén a cuestión da ampliación das liñas. Entón, pois, convidámoslos novamente ao diálogo, imos ver a proposta de transacción con vostedes e, se é posible, chegaremos a un consenso. Agora ben, tamén lle digo que van uns cantos acordos plenarios incumpridos en materia de transporte ferroviario...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...algún deles que tamén compete a Ourense.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Polo tanto, ese intento de consenso pola nosa parte en ningún momento vai ser que deixemos de priorizar esta cuestión na nosa axenda política...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...ata que vostedes rectifiquen...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e fagan que esa sexa realmente unha prioridade nas súas negociacións co Estado. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da aplicación, nos casos de herdanzas ou doazóns con residentes en países terceiros (que non pertencen á UE nin ao EEE) nos que resida o causante, o herdeiro ou o donatario, ou no que se atope un inmovible obxecto de doazón, do mesmo criterio que para o caso de residentes na Unión Europea

O señor PRESIDENTE: Un pouco engorrosa esta lectura, pero supoño que agora explicará o ponente de que é isto.

Cando queira.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente é un pouco engorrosa a redacción da iniciativa. Por poñernos en situación, imos pensar nun pai que morre hoxe en Galicia deixando un patrimonio valorado en 500.000 euros. Se o seu fillo reside en Galicia ou reside nun país da Unión Europea, pagaría de imposto de sucesións 6.000 euros. Se ese mesmo fillo residira fóra da Unión Europea, por exemplo na Arxentina ou en Venezuela, pagaría 106.000 euros de imposto de sucesións. É dicir, 16 veces máis.

Estamos a falar, polo tanto, dunha situación normativa que non nos gusta, que é claramente discriminatoria para un conxunto de galegos e galegas que tiveron que emigrar e emigraron fóra dos países da Unión Europea, concretamente, moitos deles están afectados en Latinoamérica.

Eu, para efectos de sacar adiante esta iniciativa —e prégolles aquí o apoio aos grupos parlamentarios na oposición pola importancia que ten para moitos galegos—, vou tratar os argumentos, aínda que son cuestións técnicas, co maior rigor posible, estruturando a miña intervención, en primeiro lugar, en como funciona o imposto de sucesións nestes ámbitos; como se solucionou para os que residen na Unión Europea; e como pretendemos agora que se resolva para os que están fóra da Unión Europea.

Miren, o primeiro que temos que dicir é que o imposto de sucesións e doazóns é un imposto que grava as transmisións gratuítas; entre persoas vivas falaríamos de doazóns, e no caso de falecemento falaríamos de sucesións ou dereitos reais. É importante para esta iniciativa que todos entendamos que é un imposto cedido; é dicir, é un tributo propio do Estado pero que está cedido en competencias normativas ás comunidades autónomas. ¿Isto que permite? Que as comunidades autónomas poidan facer a súa política en relación con este imposto. Así, a Xunta de Galicia fixo unha importantísima reforma no ano 2016, aplicada a partir do 1 de xaneiro, que trouxo consigo a redución na tributación do imposto para os contribuíntes —atención a este dato— residentes en Galicia. Esta redución supuxo a supresión de facto do imposto para o 99 % dos galegos e das galegas. E non é unha cuestión de demagogia, é unha rebaixa fiscal que non busca beneficiar os ricos, porque é unha rebaixa fiscal que afecta á xente do común, á xente que ten un patrimonio máis baixo.

Vémolo entendendo como opera esta redución. Dende o 1 de xaneiro de 2016 eximimos do pago do imposto a todas as persoas que reciben unha herdanza dun ascendente, dun descendente ou dun cónxuxe cando a parte que recibe cada herdeiro non supera os 400.000 euros. É dicir, de 0 a 400.000 euros, dende o 1 de xaneiro do ano 2016 en Galicia, os residentes en Galicia, non pagan nin un euro de impostos.

Esta modificación, señorías, coloca á Comunidade Autónoma de Galicia como unha das que ten a mellor fiscalidade na transmisión por herdanza. Así, hoxe un fillo que resida aquí, na comunidade autónoma galega, por unha herdanza de 400.000 euros non paga nin un euro polo imposto de sucesións, mentres que en Asturias, e ata hai pouco en Andalucía, pagaría máis de 60.000 euros; é dicir, estamos a falar dunha diferenza considerable.

Ademais, esta reforma é especialmente beneficiosa nunha comunidade autónoma como a nosa, na que se permiten as herdanzas en vida, a través de figuras do noso dereito civil como son os pactos de mellora ou de apartación.

Tamén lles dou datos moi importantes. Ata o 2015, as herdanzas en vida estaban arredor dos 11.000 casos en Galicia. No 2016, xa coa aplicación da nova normativa, 21.000; e neste 2017, case 28.000.

Se facemos alusión a eses contribuíntes, a eses galegos e galegas aquí residentes, que se beneficiaron desta redución no ano 2016, case que 63.000 galegos se beneficiaron da redución por residir aquí en Galicia, ou en países da Unión Europea, cun aforro de 40 millóns de euros. Pero é que neste ano 2017 os beneficiados chegaron case aos 100.000, que antes pagaban o imposto de sucesións e que agora están pagando cero. E, repito, xente que ten patrimonios que non chegan aos 400.000 euros; é dicir, xente, polo tanto, do común.

Na nosa opinión, na opinión do meu grupo parlamentario, trátase dunha modificación importantísima e que ten un efecto tamén de moita consideración nas economías dos nosos cidadáns.

¿Que é o que sucede? Como dicía antes, o imposto de sucesións non está totalmente cedido, e hai certos casos nos que se aplica a normativa estatal, fundamentalmente cando están involucrados nas herdanzas ou nas doazóns non residentes.

Aquí temos que ver cal era a situación antes do 1 de xaneiro do 2015 e que pasa despois. ¿E por que o 1 de xaneiro de 2015? Porque miren —disto xa falamos nunha anterior proposición de lei—, o 3 de setembro de 2014 hai unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Comunidade Europea que vén dicir que é un trato discriminatorio non dar a mesma solución aos que residen —por iso falaba antes o presidente— na Unión Europea ou no Espazo Económico Europeo. A solución que se dá a partir do 1 de xaneiro de 2015 é que a partir dese momento a todos os que residen na Unión Europea ou no Espazo Económico Europeo, se están afectados por unha doazón ou por unha herdanza, se lles aplica a normativa da Comunidade Autónoma, que, como xa expliquei antes, é moito máis favorable pola reforma que fixo o Partido Popular.

Sen embargo, esta solución non se prevé para os que residen fóra da Comunidade Europea ou do Espazo Económico Europeo. Podemos pensar no caso dun pai que reside en Arxentina, cun patrimonio valorado en 500.000 euros. Se o seu fillo reside en Galicia ou reside nun país da Unión Europea, pagaría de imposto 6.000 euros; se ese fillo reside nun país Latinoamericano pagaría 106.000 euros. Podemos ver o contrario tamén. Pode ser un pai residente en Galicia e que os fillos residan un en Alemaña e outro en Arxentina. O de Alemaña pagaría 6.000 euros nun patrimonio de 500.000, se fora menos de 400.000 non pagaría nada, e o de Arxentina 106.000 euros. Digo Arxentina como podería dicir Venezuela, Ecuador ou calquera país que estea fóra da Unión Europea.

Estamos a falar dunha cuestión que afecta a un número importante de galegos e galegas, e ademais emigrantes, que se tiveron que ir e tiveron que facer un patrimonio, e agora estamos gravando boa parte dese patrimonio que se fixo con esforzo e sacrificio cun imposto que ademais non recada a comunidade autónoma, porque isto é unha normativa estatal e o recada a Axencia Estatal da Administración Tributaria. Podería falar de que, con datos da Axencia Tributaria, o recadado por estes temas nos últimos dous anos son 15 millóns de euros, é dicir, son cartos, e é importante, ademais, o número de persoas ás que afecta.

Pero é que ademais temos que ter en conta que, como na nosa comunidade autónoma se permiten as herdanzas en vida, se nós somos quen de sacar esta modificación normativa, o que imos permitir é que moita xente que non está facendo esas doazóns ou esas herdanzas en vida precisamente polo custo fiscal, que as poida facer, e axudará a moita xente en países que teñen dificultades económicas, moitos países de Latinoamérica.

Aínda que o lexislador estatal, para cumprir coa sentenza que dicía antes, do 3 de setembro de 2014, limitou a posibilidade de aplicar os beneficios fiscais autonómicos a residentes na Unión Europea ou no Espazo Económico Europeo, o meu grupo parlamentario, e penso que tamén todos os demais grupos, consideramos que o criterio —non estou presupoñendo nada, pero penso que é unha petición unánime ou debe de ser unánime, de todos nós— da sentenza debería de poder estenderse a herdanzas e doazóns con residentes en países terceiros, nos que resida o causante, o herdeiro ou o donatario, ou nos que se atope o inmovible obxecto de doazón. En definitiva, que todos estes casos que afecten a calquera galego, estea localizado ou resida onde resida, tributen conforme a normativa autonómica, que é moito máis favorable. Ademais, pedimos que non só tributen conforme a normativa autonómica, senón que tamén se ceda á Comunidade Autónoma a recadación deste imposto nos casos nos que a haxa, e todas as facultades que conleva esta cesión.

Remato xa, señorías, sinalando que esta é unha iniciativa do Grupo Parlamentario Popular que vai en favor dos galegos e galegas que tiveron que emigrar para facer un patrimonio, que non poden ser tratados de forma discriminatoria na tributación das súas herdanzas e doazóns. E pídolles por iso aos grupos parlamentarios o seu apoio, para que poidamos trasladar con máis forza a nosa petición ao Goberno central, porque isto non é unha cuestión da Xunta de Galicia, isto ten que saír de aquí como unha iniciativa dirixida ao Goberno central, que é quen ten que facer o cambio de lexislación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Facía referencia o propio voceiro do Partido Popular na súa iniciativa ao debate que tivemos en outubro, ao fío dunha proposición non de lei do seu grupo, na que se pedía tamén a cesión tanto da xestión como da recadación como do rendemento do imposto de sucesións e doazóns. E da mesma forma que daquela, en outubro, brindamos o noso apoio a esa iniciativa porque nos parecía razoable, imos facer o mesmo con esta cuestión.

Concordamos co que comentaba, que é unha proposición que debía ser unánime do Parlamento galego porque implica beneficiar a moitas persoas e ademais racionalizar tamén a xestión dun tributo que debera vir, tanto a súa xestión como a súa recadación, para o noso país. Que para alén de dar concreción ás sentenzas europeas, é o máis lóxico homoxeneizar eses criterios.

Porén, quixera tamén aproveitar para facer algunha reflexión máis profunda sobre a escandalosa falta de ambición que desde o grupo nacionalista pensamos que teñen vostedes, desde o Grupo Popular, habitualmente nesta cuestión, no referente á política fiscal.

Esta iniciativa e a anterior, que presentaron no pleno de outubro, son o máis parecido que vimos no que vai de lexislatura, pola súa banda, a reclamar unha competencia ou unha maior capacidade de autogoberno desde o noso país. Efectivamente, nós entendemos —como lle dicía— positiva esa iniciativa, pero a verdade é que non deixa de ser unha petición que tamén está avalada por sentenzas europeas que van nese sentido, e entón estou por apostar que non se terían atrevido a reclamar algo do Goberno central se non houbera ese tipo de precedentes en algo ademais tan evidente, como o imposto de sucesións e doazóns, que está cedido nunha parte moi importante ao noso país.

Nós entendemos que é unha anomalía clara que isto o xestione o Estado español, a parte das persoas non residentes, e que non lle sexan de aplicación as políticas emanadas da comunidade. Independentemente da nosa oposición respecto das políticas que decida nesta materia a Xunta de Galiza, o que si entendemos é que debera, efectivamente, pertencer á nosa soberanía, e que a cesión completa do imposto é o camiño, non só para aplicar homoxénea

e igualitariamente a norma, xa que así deben de ser as regulacións, senón que se podería lograr maior eficiencia na xestión, porque está centralizada; facilitar o cumprimento coas obrigas, o que tamén evita que haxa recargos e presións indirectas, moitas veces polas dificultades de contacto e de tramitación; e permitiría tamén aumentar a recadación en Galiza e, polo tanto, aumentar a súa autonomía financeira.

Se non escoitei mal, vostede falaba dun cálculo de 15 millóns. Aínda que se aplicasen os descontos autonómicos e fose menor, o certo é que seguramente estamos a falar de cantidades importantes. Precisamente porque avanzar en recadación e en autonomía financeira entendemos que é sempre avanzar no autogoberno e que permite mellorar a vida dos galegos e galegas porque trae máis recursos para o noso haber, pensamos que deberan coller esta vía para elevala á máxima potencia e plantexarse tamén a transferencia para o noso goberno de máis impostos, de máis xestións que teñen que ver cos impostos, e que sería máis positivo que xestionáramos desde o noso propio país, camiñando cara a fortalecer unha facenda netamente galega.

Polo tanto, pensamos que por que non solicitar do Goberno central que se ceda a Galiza tamén a cesión de máis impostos que soportamos as galegas e galegos, xunto coas correspondentes competencias sobre os mesmos. Máis aínda, cando —insisto— seguimos na antesala dese debate do sistema do financiamento —falabámolo tamén cando foi o pleno en outubro—, e, polo tanto, serán importante tamén as posicións que de cara a esa reforma do sistema de financiamento teñamos as comunidades en canto a este tipo de xestión de impostos. Porque incluso o documento de expertos que puidemos coñecer no verán sobre algún destes tributos avanzaba sobre a súa recentralización, e nós entendemos que ese non é o camiño.

Aínda que pouco sabemos tamén da posición que vai ter Galiza nesas diatribas, non nos cansamos de demandar que nese aspecto entendemos que nin debemos dar pasos atrás, que debemos dar pequenos pasos adiante coma este, aínda que a nós nos parece insuficiente, nin debemos conformarnos.

Pola nosa banda, xa que logo, aínda que na política fiscal de fondo consideramos que vostedes están a ser pouco ambiciosos, nesta cuestión concreta entendemos que beneficiaría a un número importante de persoas e, ademais, corríxírase unha anomalía que se está a dar ata o momento, e é importante —como dicía o voceiro do Partido Popular— que haxa unha posición unánime a respecto desta cuestión por parte do Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputados.

A verdade é que, lendo a iniciativa que trae hoxe o Partido Popular, nun primeiro momento pensei que se trataba dun erro, posto que entendiamos que esta iniciativa xa fora debatida hai tres meses, no mes de outubro, nesta mesma cámara. É verdade que comprobando unha e a outra non son exactamente idénticas. Neste caso, do que se trata é de ampliar os casos das herdanzas ou doazóns aos residentes en terceiros países que non pertencen nin a Unión Europea nin ao Espazo Económico Europeo, nos que resida o causante, o herdeiro ou donatario, ou no que se atope un inmovible obxecto de doazón, para que se apliquen os mesmos criterios que para os casos dos residentes na Unión Europea. E tamén se solicita que se ceda ás comunidades autónomas o rendemento do dito imposto, así como que se nos ceda a xestión, recadación, inspección e revisión.

Cabe recordar —como vostede acaba de expoñer e como xa nos expuxo no mes de outubro— que esta PNL vén dar cumprimento a unha sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que permitía que se estableceran diferenzas no trato fiscal das doazóns e as sucesións en determinados supostos.

O Estado aplicou o suposto contido nesta sentenza pero coa normativa da Comunidade Autónoma, e non cedeu nin o rendemento nin a xestión do dito tributo, e, polo tanto, segue a ser o Estado quen percibe e quen xestiona.

Polo tanto, o Partido Popular trae unha iniciativa en cumprimento dunha sentenza do tribunal da Unión Europea, que naquel momento se esqueceron das persoas residentes en terceiros países distintos da Unión Europea.

Eu xa sei que vostede lle dá a cabeza porque xa sei que nese momento se falaba só dos residentes nos outros países comunitarios, e neste caso vostedes o que traen é aplicar ese mesmo sistema ás persoas residentes fóra da Unión Europea. Creo que é así, ¿non?

Os socialistas imos votar a favor. Xa votamos en outubro a favor da iniciativa na que soamente correspondía ás persoas que viven na Comunidade Económica Europea. Estamos de acordo con que se cumpran as sentenzas, evidentemente, e estamos de acordo en que o Estado ten que cumprir as sentenzas, evidentemente. E estamos de acordo, evidentemente, en que se trate en condicións de igualdade os residentes en terceiros países, independentemente do lugar onde se viva. Polo tanto, estamos de acordo e imos votar a favor.

Pero nós preguntámoslle se o Estado está neste momento máis receptivo aos acordos adoptados por unanimidade neste Parlamento galego. ¿O Estado xa vos levantou o veto? ¿O PP de Galicia xa fixo ben os deberes e, polo tanto, os acordos que as galegas e os galegos adoptamos neste Parlamento galego por unanimidade van ser tidos en conta polo Estado en brevidade e vanse cumprir, como ten acontecido, como vostedes todos saben, co traspaso da AP-9, ou con conquistar aquel laboratorio comunitario de control bacteriolóxico dos bivalvos, que vostedes nin sequera sabían que non ía vir para España?

Os socialistas defendemos que o sistema impositivo é fundamental para conquistar unha redistribución da riqueza que favoreza as persoas máis vulnerables e que impida a súa exclusión social, e ademais que a redistribución da riqueza a través dos impostos é necesaria para

acadar os niveis de igualdade que durante os anos de Goberno do Partido Popular temos perdido.

Os socialistas defendemos un sistema impositivo que grave máis aos que máis teñen, porque non se pode tratar igual impositivamente a quen ten diferentes recursos, e porque a redistribución da riqueza é imprescindible para recuperar o Estado de benestar aos niveis que tiñamos no ano 2008.

A igualdade de dereitos e a igualdade de acceso a eses dereitos só se pode conquistar cun Estado forte que aposte por atender as persoas máis vulnerables, atender a sanidade pública, atender a educación pública, atender os equipamentos sociais, os equipamentos de loita contra incendios, a xustiza e as infraestruturas, entre outros. O mantemento e a calidade destes servizos públicos dependen dos ingresos da nosa Comunidade Autónoma, e a parte impositiva é o piar fundamental.

Polo tanto, se o Partido Popular do Estado e o PP da Xunta de Galicia tiveran aplicado este principio defendido polos socialistas, seguro que en datos como: «España, tercer país da Unión Europea onde máis creceu o risco de pobreza.» «Case 700.000 persoas seguen en risco de pobreza pese a recuperación económica.» «Segundo os últimos datos da EPA do cuarto trimestre, o 52,36 % dos fogares galegos chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes.» «En Galicia temos 66.600 fogares con todos os seus membros en paro ou 32.600 fogares sen ningún ingreso.», probablemente as cousas irían mellor e habería máis igualdade.

Polo tanto, aínda que votamos a favor e estamos a favor desta proposición non de lei que trae hoxe o Partido Popular, señores do Partido Popular, preocúpense de traer iniciativas que axuden a distribuír a riqueza e que permitan as persoas e os fogares saír da crise na que levan vivindo xa demasiado tempo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, cando vimos esta iniciativa, que é semellante a unha que se trouxo meses atrás, volvemos observar que o Goberno do Partido Popular tivo a posibilidade de negociar o contido desta proposición que agora presentan vostedes no Parlamento galego cando os seus homólogos en Madrid tiveron a ocasión de facelo mediante a modificación da lei, e non o fixeron. Gustaríanos, entón, entender por que non o fixeron, porque son conscientes de que este tributo xera unha gran riqueza e enche as arcas do Estado. Igual é por iso que vostedes, na súa posición de subordinación a Madrid, non teñen capacidade realmente, por moito que cheguen a acordos nesta Cámara, de facer forza para este tipo de cuestións, como xa se nomeou en famosos e tristemente casos coñecidos como a AP-9 ou o

laboratorio de bivalvos de análise de toxinas, que ata o seu grupo votou pola candidatura de Dinamarca en Europa.

Está mal regulado, beneficiaría as comunidades autónomas atraendo patrimonio, e pese a iso vostedes non fixeron nada para subsanar estas deficiencias. A modificación da lei que se fixo con respecto ao imposto de sucesións e doazóns fíxose cun Goberno do Partido Popular, curiosamente coa modificación da Lei 29/1987, do 18 de decembro, e coa Lei 26/2014. Igual somos mal pensadas e, en vista da obsesión compulsiva do PP de Galicia pola propaganda e o autobombo, máis que por gobernar, que é o seu xeito habitual e nos teñen acostumadas a iso, ir a golpe de ocorrencias e de mortadeladas e non facer nin unha soa proposta nin lei que realmente vaia ter calado, cando dependen do poder político dos seus homólogos do PP de M. Rajoy ou cando teñen que consensualas cos colectivos sociais ou movementos sociais e coas forzas sindicais aquí en Galicia.

Repito que nós nos remitimos soamente aos feitos dos últimos anos e meses, e semella máis unha proposta de propaganda para facer campaña en países onde viven emigrantes galegos e galegas que os voten. E vostedes saben disto porque son expertos en facer carreiras electorais de fondo e aplícanse a conciencia.

A nós isto pareceríanos ben, pese á súa obsesión pola propaganda, se realmente se trouxera unha competencia de maneira efectiva para Galicia e se realmente se beneficiasen os galegos emigrados, aínda que nós preferiríamos políticas para que a nosa xente puidese retornar ou que teñan que deixar de marchar, como todos os exiliados económicos que sufriron as políticas de mala xestión e os custos da corrupción, en Galicia e en todo o Estado, e 100.000 persoas que tiveron que marchar de Galicia.

E, ¿por que somos mal pensadas? Porque en realidade con isto non se vai recadar practicamente nada, xa que este imposto está case eliminado en Galicia, por iso é que para que os contribuíntes se puideran beneficiar da reforma do ISD da nosa comunidade dende o 1 de xaneiro de 2016 se eliminou de facto o imposto para o 98 % dos galegos, segundo o Decreto 1/2011, do 28 de xullo, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado. A Xunta levou a redución por parentesco ata 400.000 euros. Nas herdanzas inferiores, os herdeiros en liña directa non tributan. Así, a cidadanía no seu 98 % non ten que pagar, e o 2 % que queda vai pagar menos. ¡Vaia, vaia!, ¡que proposta máis axeitada! E a subida do ISD rexistrada en toda España é un dos puntos claves que negocia o Goberno e as comunidades autónomas para reformar o sistema de financiamento autonómico. ¡Tamén que casualidade!

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na sentenza do 3 de setembro de 2014, estableceu: non axustada ao ordenamento comunitario a norma española do ISD en canto produce situacións discriminatorias entre residentes e non residentes. Iso é algo que xa creo que algo contou o deputado que defendeu esta iniciativa. É contrario aos artigos 63 do Tribunal Europeo e 40 do Espazo Económico Europeo do 2 de maio de 1992, ao permitir diferenzas no trato fiscal das doazóns e das sucesións entre causahabentes e donatarios residentes e non residentes en España e entre os causantes residentes en doazóns e disposicións similares sobre bens inmoables sitos en territorio español ou fóra deste.

Así que se eliminou o réxime de tributación por obriga real de sucesións entre o causante residente en España e o causahabente residente comunitario en doazóns de inmobles en España a favor de donatarios residentes comunitarios. Considerouse conforme á normativa comunitaria a existencia de réximes fiscais no Estado español en materia de sucesións e doazóns.

Así, a tributación do ISD dos non residentes depende de diferentes factores.

Un, a residencia do causante e a residencia dos herdeiros. Na residencia do causante aplicamos a Lei estatal de falecemento e na residencia dos herdeiros pode determinar que lei española se aplica, leis autonómicas ou estatais.

Entón, posibilidades existentes —e xa remato—: unificar toda a lexislación a nivel español do ISD, modificación das normas de lexislación aplicable en sucesións e doazóns con suxeitos non residentes en España e regular todo o réxime estatal no tributo das doazóns.

A Lei 26/2014 esqueceuse deste suposto, que irá ao Tribunal Constitucional por provocar discriminación, igual que antes entre residentes e non residentes.

Polo tanto, nós ímonos abster de apoiar esta iniciativa porque nos atopamos cunha nova medida de cara á galería para a propaganda, para quedar ben, pero en realidade non vai a ningún lado. Cada vez se van superando na falla de seriedade no que é a súa política de marketing, porque traer iniciativas que non van cambiar absolutamente nada non nos parece serio. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo autor da proposición non de lei, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Grazas, señor presidente.

Eu pedía na miña primeira intervención... —xa viron que non ocupei todo o tempo, non sei por que os parlamentarios temos esa necesidade sempre de ocupar todo o tempo, explicamos as cousas, é unha boa iniciativa, tomamos as nosas decisións, e xa está— rigor técnico. Señora Santos, con todos os meus respectos, non se enterou de nada. Eu agora fálolle á xente do Grupo Parlamentario de En Marea que teña familiares en países latinoamericanos. No exemplo que eu lle puxen, ¿saben cal é a diferenza? Son 100.000 euros de impostos que non teñen que pagar. ¿E vanse abster con esta medida que non ten absolutamente ningunha viabilidade? Non sei do que está a falar. Se quere, comprométome a explicarllo con claridade. *(Interrupcións.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, con rigor técnico. E pídolles, por favor, que o consideren porque todos os que estamos aquí estamos a facer política...

O señor PRESIDENTE: Si, si, respecto técnico.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: ...—todos dixen, todos os que estamos aquí— en favor dos galegos e das galegas.

Hai unha parte dos galegos e das galegas que están prexudicados, que están claramente discriminados, que son os que viven —se me deixa que llo explique e que acabe a miña intervención— fóra da Unión Europea. Miren, non é certo, señora Presas, que isto fora unha anomalía clara e que xa ten unha sentenza —como dixo tamén a señora Rodríguez Rumbo—. A sentenza fala claramente de que se elimine a discriminación para residentes na Unión Europea e no Espazo Económico Europeo, e deixa fóra o resto de países.

A modificación que se fai coa disposición adicional segunda da Lei 29/1987 só se refire á aplicación da sentenza. Polo tanto, non se está a aplicar a todos eses emigrantes que viven en países en latinoamericanos e que están pagando 16 veces máis de imposto que os que residen na Unión Europea ou en Galicia. Por favor, ¿como podemos dicir que isto non ten transcendencia para galegos e galegas? ¿Ou é que os que están no exterior, en Latinoamérica, non son tamén galegos e galegas? *(Aplausos.)* ¡Digo eu, vamos!

Miren, ¿por que lles molesta tanto que esta iniciativa a traia o PP? Se era tan claro, ¿por que non trouxeron vostedes esta PNL? ¿Por que temos que ser nós os que esteamos rematando isto? ¿Por que? ¿Por que, digo eu? Fagan os seus deberes tamén, que é impulsar o labor do Goberno. Eu o único que lles traslado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por suposto, por suposto. Pero mire, hai unha diferenza clara, que o Grupo Parlamentario Popular está apoiando o Goberno da Xunta, que fai un magnífico traballo e saca moitas iniciativas sen necesidade de que nós lle teñamos que impulsar nada, máis ben é traballo da oposición.

Pero ao que vou, ao que vou claramente *(Murmurios.)* —e prégolles neste sentido que reconsideren a súa postura dende o punto de vista do Grupo Parlamentario de En Marea—, é que esta é unha iniciativa que ten transcendencia, que afecta fundamentalmente a galegos e galegas non residentes na Unión Europea, e o que fai no caso que eu lles comentaba antes, que é un patrimonio de 500.000 euros, pero poderíamos facer os números cun patrimonio moito menor, é aforrarlle 100.000 euros; pasan de pagar 106.000 euros agora mesmo a pagar 6.000, e, en moitos casos, non pagan nada. ¿E sabe que? O máis importante... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois dentro dese 2 % precisamente están estes galegos e galegas —non os ricos e toda esta historia—, que están moi maltratados fiscalmente. O máis importante é que moita desta xente non está recibir cartos de familiares de aquí, de Galicia, precisamente polo custo fiscal. E nós o que pedimos é eliminar ese custo fiscal para poder axudar a xente que está pasando dificultades nesas países. *(Murmurios.)*

Eu, de verdade, hoxe, neste sentido, con algunhas das exposicións que vostedes faláron aquí, en vez de recoller realmente isto, sinto que non esteamos trasladando á sociedade galega o que realmente temos que facer, e apéname un pouco por todos os rapaces que están aí arriba.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das proposicións non de lei.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Patricia Vilán.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, señor Moreira, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano do señor Moreira, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: Si, señor presidente.

É para solicitar a votación por separado da PNL coa redacción orixinal presentada pola parte proponente e por separado a emenda aceptada, a emenda presentada polo BNG e aceptada polo grupo proponente.

O señor PRESIDENTE: ¿Non o acepta a señora Vilán?

O señor MOREIRA FERRO: Non.

O señor PRESIDENTE: Entón hai que votala tal e como está.

Votamos tal como... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, perdón, ¿que pasou? *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. Entón, vótase coa emenda de engádegas aceptada do Bloque Nacionalista Galego. *(Murmurios.)*

Estamos votando. Estamos votando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións laborais dos representantes sindicais do persoal da Administración de xustiza de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa do señor Luís Bará.

Non se aceptou nada, nin as emendas nin tampouco a votación por puntos. Votamos. (*Próncianse palabras que non se perciben.*)

Si, ¿para que quere a palabra, señor Fernández Prado?

(*O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.*)

Déanlle voz ao escano. Grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Era para volver pedir a votación por puntos. Se é posible, a votación dos puntos 1, 2 e 3. E se é posible, incluso a primeira...

O señor PRESIDENTE: Xa negou onte a maior, que non podía ser. Grazas.

Votamos tal e como está. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia en relación coa xestión da AP-9 perante o Goberno de España, a defensa dos intereses das persoas usuarias dela e o cumprimento dos acordos parlamentarios.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 37; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, a través do seu deputado don Francisco Casal.

Non hai emendas, hai unha autoemenda. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Francisco Casal Vidal e dous deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coas sondaxes mineiras que se están a realizar nos concellos de Touro e o Pino en tanto non se garanta a viabilidade dos recursos hídricos que abastecen a zona e se obteña a correspondente autorización de Augas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea a través do seu deputado don David Rodríguez.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas na última campaña polas inclemencias meteorolóxicas e a avespiña do castiñeiro na produción, transformación e comercialización da castaña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista a través do seu deputado don Luís Manuel Álvarez Martínez.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da realización de eventuais modificacións na rede pública de centros de ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular a través da súa deputada dona Paula Prado.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a pena de cadea permanente revisable introducida no ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños.*

Chegaron a unha transacción. ¿Quere lela, señora Presas?

Lea, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a exixir do Goberno central unha equiparación das políticas e modalidades tarifarias en todo o territorio galego para evitar a actual e evidente situación de discriminación que se dá en función do lugar de residencia dos galegos e galegas.

2. Solicitar do Goberno central unha ampliación das frecuencias horarias dende Ourense para mellorar a comunicación con Compostela e A Coruña.

3. Reformular os termos e condicións dos bonos de transporte abono tarxeta plus, tarxeta plus 10 e tarxeta plus 10 estudantes, para aumentar o período de uso que rexe a partir da data da primeira formalización da reserva, de forma que se poida empregar en máis tempo que na actualidade.

4. Ampliar a frecuencia horaria da liña rexional Ourense-Santiago para mellorar a mobilidade entre as poboacións intermedias de acordo coa demanda.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos esta transacción. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas necesidades existentes e as melloras necesarias no transporte ferroviario entre Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 68.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado sobre esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa do seu deputado don José González Vázquez.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José González Vázquez e cinco deputados/as máis, sobre a solicitude pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da aplicación, nos casos de herdanzas ou doazóns con residentes en países terceiros (que non pertencen á UE nin ao EEE) nos que resida o causante, o herdeiro ou o donatario, ou no que se atope un inmovible obxecto de doazón, do mesmo criterio que para o caso de residentes na Unión Europea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 55; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Vou ler unha declaración institucional que me fan chegar, por acordo dos grupos, que consiste no seguinte:

«O Parlamento de Galicia súmase á celebración do Día dos Medios en Galego o 7 de febreiro, que lembra a saída á rúa do primeiro número de *O Tío Marcos d'A Portela* o 7 de febreiro de 1876. A histórica publicación ourensá foi a primeira escrita integramente en idioma galego. Subtitulada *Parrafeos co pobo galego*, e impulsada por Valentín Lamas Carvajal, conseguiu un notable éxito, chegando a vender 4.000 exemplares nunha comunidade que daquela contaba con altos niveis de analfabetismo.

O escritor e editor da cidade das Burgas recolleu na publicación a bandeira ergueita por Rosalía de Castro en *Cantares gallegos*, sumouse á defensa e reivindicación da cultura popular e expresou os sentimentos cotiáns da sociedade galega, especialmente da xente máis humilde.

Con moito humor, sentido crítico e ironía, Valentín Lamas soubo conectar á perfección coas principais preocupacións do mundo rural. Nas páxinas de *O Tío Marcos da Portela* protestábase contra temas candentes do momento como a sangría da emigración, a elevada carga impositiva —os denominados trabucos— o atraso da agricultura, os foros, o caciquismo, a corrupción, as malas comunicacións e a febleza da industrialización.

Ao *Tío Marcos* sucedéronlle nos anos inmediatos outras oito publicacións escritas tamén en galego: *A Foliada*, *O Galiciano*, *A gaita gallega*, *Galicia*, *A Tía Catuxa*, *As Burgas*, *O Labrego* e *A Monteira*. Todo este movemento xornalístico difundiu o Rexurdimento —que no terreo literario encabezaron Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal— no ámbito máis inmediato e popular.

Desde os poderes públicos debemos contribuír ao recoñecemento institucional daquelas iniciativas pioneiras que procuraban a toma de conciencia dos problemas do país e reflexionaban na busca de solucións.

Desde o coñecemento e a reivindicación desta longa tradición do xornalismo na nosa lingua, consideramos que o 7 de febreiro, Día dos Medios en Galego, é unha boa ocasión para visibilizar os medios de comunicación que utilizan a lingua galega e poñen o foco na realidade do país. Apoiándoos, estaremos avanzando no camiño de compromiso coa nosa realidade e orgullo polo propio iniciado no Rexurdimento.

Por todo isto, pedímoslle ao conxunto da sociedade civil que se sume a esta conmemoración.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2018».

Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Asentimento.*)

Continuamos coa orde do día, punto quinto, interpelacións.

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co acceso ao emprego público das persoas con discapacidade intelectual

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, xa case tarde, señorías.

Antes de comezar a miña intervención, teño que dar a benvida hoxe ás representantes de Fademga, de Autismo Galicia e de Down Galicia, que nos acompañan para seguir esta interpelación. E aproveitar, tamén, para darlles as grazas e parabenizalos polo traballo que estades facendo a prol da integración e da non-discriminación das persoas con discapacidade intelectual.

Benvido tamén, señor conselleiro.

E estou convencida de que estará vostede de acordo comigo en que a incorporación ao mundo laboral das persoas con discapacidade contribúe ao progreso social, que lles aporta unha enorme satisfacción persoal, que contribúe a mellorar a súa autoestima, tamén, e que, á fin e ao cabo, contribúe á integración de toda a sociedade. Pois, por desgraza, na actualidade hai enormes dificultades para acceder a calquera posto de traballo, pero é certo que para as persoas con discapacidade ese acceso se multiplica por dous. E se falamos de persoas con discapacidade intelectual, pois poderíamos dicir que se cuadruplica, incluso.

O Informe do emprego das persoas con discapacidade, publicado polo INE —o último—, a verdade é que nos parece, dende o Grupo Socialista, que os datos son moi preocupantes, que son incluso vergoñentos e non son propios dunha sociedade democrática do século XXI. Os datos o que nos din é que a taxa de actividade entre as persoas con discapacidade en Galicia é a máis baixa de todas as comunidades autónomas, temos un 27,8 %, un 21 % menos de activos que a media estatal. E se nos imos aos datos do Observatorio do Mercado de Traballo, da Fundación ONCE —por poñer outro informe—, atendendo ao nivel de estudos da poboación con discapacidade en Galicia, observamos que o 11,6 % alcanzou a formación superior, e son 3,7 puntos inferior á media do colectivo en España, e está a máis de 23 puntos da poboación que non ten discapacidade.

O salario medio bruto é, no caso das persoas con discapacidade, inferior en máis de 3.500 euros. E as cifras que se refiren, en concreto, á discapacidade intelectual, pois son aínda peores en canto a ocupación, salarios e taxa de actividade. Así pois, o acceso ao mercado de traballo —dende o Grupo Socialista, e estou convencida de que vostede coincide con nós tamén— é unha das principais vías de integración social, é unha das grandes e das maiores

aspiracións, quizais, deste colectivo, pero, ao mesmo tempo, tamén unha gran frustración que teñen.

Unha das dificultades constatadas nos últimos tempos é a inadecuada práctica posta en marcha da Lei 39/2006, da promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia. Aínda que nesta lei non se contempla como tal, é certo que se está primando a asistencia de servizos de atención á dependencia e que se está relegando ao fomento da autonomía persoal, e sobre todo nos casos que necesitan unha especial atención; neste caso, referímonos ás persoas con discapacidade intelectual.

Esta atención é un presuposto necesario para lograr o obxectivo de mellorar todos os aspectos da vida destas persoas, entre eles, por suposto, o acceso ao mercado de traballo. As restricións orzamentarias durante estes últimos anos incidiron, tamén, nesa insuficiencia de medidas de fomento do emprego, e inclúen a insuficiencia dos programas ou medios sociais, incluso determinados incumprimentos de dereitos subxectivos que están recollidos pola lexislación vixente.

Nós poñemos un exemplo, que é o que nos contan as entidades en moitas ocasións, que son comúns as negativas ou as restricións de asistentes persoais para o estudo universitario. Algo que consideramos que é importantísimo e que é unha orientación xa cara a discriminación que van sufrir despois no propio mercado de traballo.

Se partimos da obriga contemplada no artigo 17 do Estatuto dos traballadores, conforma que as empresas de máis de 50 traballadores teñen que reservar unha cota de polo menos un 2 % para as persoas con discapacidade. E se nos poñemos a analizar esta realidade, o certo é que esta medida non se está cumprindo, e o peor de todo é que dende o Grupo Socialista non vemos tampouco un esforzo por parte da Administración autonómica, que o debiera facer con vinculación coa propia Inspección de Traballo para corrixir este incumprimento. Non soamente para sancionar aqueles casos en que se estea incumprindo, senón tamén para facer un certo exercicio como medida exemplarizante para as contratacións que se fan a través da Administración pública, rexeitando contratar aquelas empresas que non cumpran con esta cota. E referímonos, cando falo de Administración pública, señor conselleiro, a toda a Administración pública; incluímos tamén sociedades públicas mercantís, entidades públicas empresariais, é dicir, toda a Administración pública galega.

As dificultades, pois, son moitas, e é certo que se deron pasos nestes últimos anos. Nós recoñecemos o papel dos centros especiais de emprego ou centros ocupacionais, pero é certo que consideramos que este é un emprego, ata certo punto, que está a segregarse, que non está a contribuir, tampouco, á incorporación ao propio mercado de traballo ordinario, e que, ademais, nestes centros as condicións das persoas con discapacidade que están traballando alí son bastante precarias, incluso o propio Convenio dos centros de emprego é moi inferior aos convenios sectoriais. E todos recoñecemos este papel, pero —repito— hai moito que facer e moito que controlar nestes centros especiais de emprego, que nestes últimos anos si que é certo que recibiron bastante apoio do Goberno galego.

En canto aos servizos públicos de emprego, o certo é que queda moitísimo por facer tamén, a súa participación na contratación das persoas con discapacidade é practicamente anecdó-

tica. Queda moito por facer, tamén, a respecto da formación; a escasa eficacia dos programas e cursos de formación laboral para as persoas con discapacidade intelectual non ten resultados nesa incorporación ao mercado de traballo nin na promoción.

Un aspecto distorsionador, tamén, é que hai moitas ocasións en que estas persoas teñen que escoller entre as prestacións económicas e o mercado de traballo. Fano pola precarización dos salarios, polo escasos que son os traballos e polas dúbidas e inseguridades que lles xorden ante o medo que hai a que unha vez que perdan ese posto de traballo deixen de percibir esas prestacións.

Señor conselleiro, estamos preocupados por unha nova que coñecemos hai unha semana do recorte de axudas da Xunta de Galicia á Asociación Down Galicia. Son máis de 176.000 euros, que van supoñer que se deixen de contratar 10 profesionais para servizos de inserción laboral e inclusión escolar. Eu entendo que isto non é da súa materia, é certo que é unha materia transversal, pero tamén que o Goberno responde solidariamente nestas cuestións. E gustaríanos unha explicación ao respecto.

Teño moi pouco tempo e estes últimos minutos vou dedicar ao emprego público, unha das principais reivindicacións en materia laboral destes colectivos para as persoas que teñen discapacidade intelectual. Na maioría dos casos hai dificultades para acceder a estas oposicións, e incluso para participar en procesos selectivos. É certo que hai unha lexislación vixente que marca ese 7 % de vacantes e que vén incorporada —teño que dicilo— a través da lei estatal desa modificación, que vén tamén da propia convención, que é unha incorporación á lexislación estatal que se desenvolveu aquí coa reforma da lei pública. Pero é certo tamén que quedan moitísimas cousas por facer e moitísimos avances lexislativos nesta materia, que Galicia non está á vangarda a pesar da publicidade e da propaganda desas oposicións, que eu sei que nos vai contar vostede, tamén, con esas cotas de reserva. É certo que houbo outras comunidades autónomas que xa o fixeron antes e tamén que as propias comunidades que están agora mesmo gobernadas polos socialistas —como, por exemplo, Estremadura ou Andalucía— pois están dando pasos máis aló.

Cando falamos de pasos máis aló, referímonos a que hai que incorporar, tamén, a contratación temporal. Non se inclúe agora mesmo nas ofertas de emprego público, e os postos non se contabilizan para efectos de establecer esas cantidades. Tampouco se prevén listas de contratación exclusivas para as persoas con discapacidade intelectual para cubrir os postos reservados para os que superan esas probas e non obteñen a praza. Así como os criterios —que tampouco están claros— para a elaboración e xestión das listas de interinidade e substitución, que tampouco hai, e que nós vimos solicitando, ao igual que as entidades, dende hai moito tempo.

Eu entendo, señor conselleiro, que aínda que unha parte da miña intervención fala do mercado laboral a nivel xeral —que estou convencida de que vostede me poderá respostar sen ningún tipo de problema—, pois tamén na parte de emprego público si que nos gustaría saber que avances ten previsto o Goberno galego para esta X lexislatura, máis aló —repito— desa convocatoria de oposicións, desas OPE e desa propia modificación da Lei de función pública, que, se non me equivoco, chegaba no ano 2015; e que outras cuestións ten previsto o Goberno galego poñer en marcha ao respecto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Benvida, tamén, aos representantes das distintas asociacións e entidades que traballan a favor das persoas con discapacidade en xeral, e con discapacidade intelectual en particular.

Pregúntame vostede... Voume cinguir un pouco na primeira intervención ao ámbito concreto de máis responsabilidade da miña persoa, como é do emprego público. A resposta creo que xa a teño dada, tamén, neste Parlamento en varias ocasións e que é coñecida, polo tanto, e moi clara.

O mesmo que a lanzaba vostede, nós si que queremos favorecer un emprego público inclusivo, porque non temos outro obxectivo que que as persoas con discapacidade intelectual teñan cada vez máis oportunidades de entrar a traballar, e neste caso na Administración autonómica; é dicir, nos importantes servizos públicos que prestamos aos nosos cidadáns. Xa demos o primeiro paso e imos continuar por este camiño.

Quero lembrarlle que o actual Goberno foi o primeiro que impulsou unha convocatoria de emprego público para este colectivo, é un feito do que nos sentimos particularmente moi orgullosos. Ademais, fixémoslo da man das asociacións e entidades que traballan a favor deste tipo de persoas.

De novo aproveito a oportunidade que teño nesta Cámara para reiterarlles o noso agradecemento pola súa colaboración. Dunha maneira taxativa, digo que son a nosa mellor compañía. Relatareilles os pasos dados: en febreiro do 2016 realizamos a convocatoria para a cobertura de 6 prazas de persoal laboral na categoría de ordenanza, do grupo V, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, reservadas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual. Tratouse dunha convocatoria independente, convencidos de que polas características específicas do colectivo ao que se dirixía sería o máis cómodo. Para o desenvolvemento do proceso —á marxe dos propios medios dos que dispón a Administración e dos contactos establecidos con outras administracións públicas que estaban a desenvolver proxectos similares— invitamos a participar os axentes sociais que traballan no ámbito da discapacidade intelectual. Asinamos un convenio tanto con Down Galicia como con Fademga para levar a cabo este proceso nas mellores condicións.

As actuacións e obrigas previstas nese texto inclúen dous eixes fundamentais que tamén foron adiantados por vostede, só que isto xa vén do 2015 e do 2016. Por un lado, a formación das persoas con discapacidade intelectual e, por outro, o apoio á inserción e adaptación ás súas contornas de traballo.

O ano pasado —como tamén é coñecido— realizáronse en Santiago os exames desta convocatoria e o sistema elixido foi o de concurso-oposición. Teño que dicirlle, con satisfacción,

que a resposta superou amplamente as nosas expectativas, polo que nos vimos desbordados cunha alta concorrencia e participación. Admitíronse 429 persoas, das que se presentaron ao primeiro exercicio 352, é dicir, o 82 %; moito máis elevado que a media dos procesos selectivos, que está aproximadamente uns 30 puntos por debaixo da porcentaxe que lle acabo de sinalar. Unha resposta, pois, excepcional que confirmou que existía esta demanda social. Das 352 persoas presentadas resultaron aptas un total de 309, o que supón un 88 % e demostra o alto nivel de preparación dos participantes neste proceso selectivo. Deles deberon presentarse ao segundo exercicio, que era o de galego, por non ter acreditado o Celga 2, un total de 120 persoas e, finalmente, presentáronse 106.

Unha vez finalizada a fase de oposición, resultaron aptas un total de 295 persoas, o que equivale a un 84 % do total de persoas presentadas ao primeiro exame.

En relación coa fase do concurso teranse en conta os méritos acreditados polas persoas aspirantes que superasen o que anteriormente comentaba, fase de oposición.

Os méritos poden ser obxecto de valoración tendo en conta a experiencia profesional, a titulación académica que acrediten e as actividades formativas cuxo contido, obviamente, estea relacionado e coincida coas tarefas e funcións propias do posto de traballo ao que se opte.

Nestes momentos a Xunta de Galicia dá resposta ao obxectivo na fase de concurso de premiar o esforzo laboral, pero tamén o formativo previo desenvolvido polas persoas aspirantes. Na actualidade xa temos publicado o baremo provisional e estase á espera de que o propio tribunal publique o baremo definitivo correspondente aos méritos alegados polas persoas aspirantes. E podo anunciarlles que prevemos que as persoas seleccionadas poidan tomar posesión das súas prazas como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia neste primeiro trimestre do ano. Serán as primeiras persoas que o fagan en Galicia.

Para aqueles que non acaden agora praza, convocaremos inmediatamente outro proceso selectivo no que terán unha nova oportunidade de acceder a un emprego público e facer valer o esforzo realizado. Así, a oferta de emprego público da Xunta dos anos 2016 e 2017 está pendente de convocar, e farémolo de xeito acumulado aos seguintes procesos selectivos por acceso libre para as persoas con discapacidade intelectual: no corpo auxiliar, subgrupo C2, un total de 10 prazas, e na agrupación profesional de persoal funcionario subalterno un total de 24 prazas, ás que haberá que sumar as prazas que se convocarán no Servizo Galego de Saúde.

Por outra banda, quixera salientar que o Goberno da Xunta non só cumpre a reserva legal de prazas de emprego para persoas con discapacidade en xeral, senón tamén con discapacidade intelectual, e tratamos —coma sempre— de mellorar esas reservas e precaucións que vos tede indicaba, tamén, bastante ben na súa primeira intervención.

Estes son os datos; na oferta de prazas para ingreso nos corpos, escalas e especialidades da Administración xeral especial, as categorías tamén de persoal laboral para o ano 2016 inclúen un total de 46 prazas para persoas con discapacidade xeral, e hai que engadir tamén 16 prazas de acceso libre a cubrir por persoas que acrediten a discapacidade intelectual.

En termos porcentuais, a cota de reserva de prazas de oferta pública de emprego para persoas con discapacidade acada unha porcentaxe na Xunta de Galicia do 8,68 %; 7 % do que se refería vostede era reserva legal, e tamén cando desagregamos esta porcentaxe o 2,24 % de prazas que se reservan a persoas que acrediten discapacidade intelectual. Polo tanto, tamén por riba do 2 % ao que se facía referencia.

Lémbrolle tamén —tamén adiantado por vostede, pero de novo creo que é unha cuestión tamén dun pequeno adianto temporal— que o apartado quinto da orde do 25 de febreiro de 2016 tamén habilita unhas listas de aspirantes á contratación temporal. Porque, perfectamente, o que temos é que pechar o círculo. Hai o acceso diferenciado en plan de igualdade, que non é o mesmo que identidade, ao que é unha praza no sector público autonómico neste caso e, por outra parte, o que é aproveitar todo ese esforzo e experiencia das persoas para conformar estas listas de aspirantes á contratación temporal.

Así, establecemos que a puntuación dos aspirantes que aproben o primeiro exercicio, pero non superen o proceso selectivo, terán a consideración de mérito e, polo tanto, poderán pasar a desempeñar transitoriamente postos na mesma categoría profesional. Nestes momentos confírmolle que se está a estudar o modelo de xestión das listas de contratación temporal. Estamos analizando os proxectos fixados por outras administracións e consultaremos —como sempre o fixemos dende antes de todo este proceso— as organizacións máis representativas do colectivo de discapacitados intelectuais para tratar de establecer un sistema que garanta tanto a cobertura de necesidades da Administración como, e sobre todo, as específicas do colectivo ao que se dirixe.

Señoría, insisto en que este é tan só o primeiro paso e imos continuar por este camiño para dar resposta a unha demanda social a través da creación dun emprego público inclusivo e estable. As persoas con discapacidade intelectual terán, pois, novas oportunidades de entrar a traballar con nós nos servizos públicos nos vindeiros meses.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, eu entendo que despois de toda a oposición a xente, as persoas que adquiren a condición de funcionario, neste caso toman posesión da súa praza. Vostede hoxe contouno aquí como se fora unha novidade. O certo é que o proceso a esta oposición, que nós recoñecemos —e dixémolo no seu momento— que é un avance significativo, vén vindo dende que se publicou paso por paso, e hoxe o que lle preguntaba este grupo, o Grupo Socialista, eran cuestións concretas.

Respóstame que están estudando o das listas de contratación. Pero é que hai comunidades autónomas que xa non é que o estean estudando, é que o están poñendo en marcha. A nós

parécenos correcto, parécenos positivo que estuden outras alternativas e outras normativas; eu remíto ao que están facendo os gobernos socialistas en Cantabria e en Andalucía, que creo que son modificacións lexislativas que si que son vangardistas nesta materia, e que o Goberno galego imite esas listas de interinos que van poñer en marcha. E a respecto de que esta é a primeira convocatoria exclusiva, iso é certo, pero tamén hai que dicir e poñer en valor que Galicia foi a última de todas as comunidades en tomar medidas ao respecto, é certo, e cando se tomaron, tomáronse, e nós estabamos a favor, pero que para entón xa en Castela-A Mancha en 2002, en Estremadura en 2003, en Andalucía en 2006, en Madrid en 2006 tamén, en Navarra en 2008 e en Cataluña en 2009 se tomaran medidas semellantes, sen ser —repito— oposicións exclusivas, pero si medidas para a integración na función pública das persoas con discapacidade intelectual.

É certo que Galicia chegou tarde. A respecto dos datos, dos malísimos datos de emprego e de ocupación das persoas con discapacidade, vostede non fixo ningún tipo de reflexión ao respecto, nin por que a taxa de actividade é en Galicia un 18 % menor en 2016, era menor en 2016 a respecto do 2009. Hai un problema, se nós temos, dende logo, unha taxa de actividade moito máis baixa que o resto de España, se a taxa de actividade leva diminuindo dende o ano 2009, a conclusión que sacamos é que as políticas en materia de discapacidade e de fomento de emprego están fallando, estará de acordo comigo nisto tamén. E a pregunta é que vai facer o Goberno galego ao respecto. ¿Vai permanecer de brazos cruzados ou vai facer algo e vai orzar políticas de emprego para as persoas con discapacidade que sexan realistas?

O certo é que vostedes sempre respostan que o están preparando, que están traballando niso, e a min recórdame un pouco aquilo que nos dicían aos que corriamos, iso de adestrar lento para correr rápido. É dicir, se fora así estaríamos de acordo, pero a realidade é que Galicia non está correndo rápido en materia de fomento de emprego para persoas con discapacidade e que se necesitan máis orzamentos e un goberno que tome consciencia —repito— dos datos do INE, que son moi graves.

Non fixo vostede ningunha referencia, ao respecto —entendo que o fará na segunda intervención—, do retallo das axudas ao colectivo Down. Os seus retallos, as súas reducións orzamentarias, teñen repercusión no día a día das persoas, e neste caso o que vai supoñer é que usuarios que estaban atendidos 2 días á semana agora van estar 1 día á semana. Isto o que vai provocar é que os propios programas sufran atrasos e que os obxectivos sexan moito máis difíciles de cumprir do que xa o son en realidade.

Nós o que lle pedimos, señor conselleiro, é que acelere, dende logo, estas listas de contratación que veñen prometendo dende hai moito tempo e, por dicilo coloquialmente, que se poñan as pilas, dunha vez por todas, para o fomento de emprego e o mercado laboral, e que, dende logo, aperten as empresas tamén e que, na medida do posible, a Administración autonómica sexa restritiva con aquelas empresas que non cumpren a normativa vixente.

E máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Blanco.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Particularmente, xa me teñen oído falar desde esta mesma tribuna que é unha temática que, incluso en termos persoais —se ben é certo que eu aquí non estou só como en termos persoais—, me alegra moito de falar. Baste con recordar que a miña primeira reunión como conselleiro foi co Consello Galego da Discapacidade, entre eles tamén cos da discapacidade intelectual, porque si que creo que hai que —á parte de predicar coas palabras— que predicar cos feitos. Desde aquela, en xeral, coincido con vostede en que ao mellor chegamos un pouco tarde, pero non con menos intensidade. É un proceso moi especial o que estamos levando a cabo de acceso ao emprego público e, polo tanto, debemos de fixarnos no que si está feito noutras comunidades, non en todas, ¡eh!, tampouco; non somos dos últimos nese aspecto. Pero si que debemos aprender rapidamente, con mellor aceleración, e aprender sempre da man de quen representa os intereses deste tipo de persoas con discapacidade intelectual, e así era tan importante o acordo que asinamos no seu momento, que ten que ver coa formación e tamén co acompañamento, pero tamén co deseño de todo o que é o sistema de listas.

Polo tanto, dende hai xa dous anos toda esta situación está contemplada, e créame cando lle digo que en non máis alá de mes e medio, dous meses, mirarán este tipo de realizacións que xa nos situarán á cabeza do que en España está sucedendo. ¿Por que? Porque en esencia nós cremos que este é un acto de normalidade. Esta toma de posesión no emprego público debía ser normal e habitual. É increíble que esteamos falando destes temas aquí, ¿non? Como hai cen anos, por desgraza, tamén se estaba falando do que podía ser o sufraxio universal para as mulleres no Reino Unido.

Eu creo que nestes temas de normalidade o que todos queremos —e coincido con vostede, e o seu grupo, ao que representa, supoño que estará de acordo— é a valía das persoas, que como realización persoal e realización social teñan un emprego de calidade, neste caso público. Polo tanto, o meu agradecemento, en primeiro lugar, como dicía ás organizacións que tanto nos teñen acompañado neste tipo de problemas. Pero tamén é dos poucos momentos en que un se sente orgulloso de estar aquí, porque estas mesmas asociacións son as que teñen escrito dando as grazas á propia Administración de tal e como estamos levando todo este tipo de procesos.

Polo tanto, para este que lles fala é moi alegre, como tamén é moi alegre que das persoas que me coñecen fóra dos ámbitos de San Caetano me paren pola calle unhas poucas veces para darme as grazas algunhas familias. Polo tanto, eu creo que imos na dirección correcta e é un acto de normalidade.

O que si me estraña é que do ton que vostede expuxo aquí —que coincido, de verdade, como creo que é bastante normal coa maioría da Cámara—, non manifestase algo similar no que foi o último debate do estado da Autonomía, cando houbo unha proposición que nese momento aprobamos, que si lle agradezo o posicionamento que tivo no seu momento o BNG, que o seu grupo non fixo seu. De verdade que non entendemos como naquel momento, que

se estaba falando do mesmo que vostede traslada, o BNG si que foi quen dar un voto positivo, incluso a este goberno do PP, mentres que vostedes non o fixeron.

O máis importante, o máis importante é que este proceso, que é un proceso moi peculiar, ten un fin dentro de moi pouco, que será completado coas listas. Polo tanto, traballo de calidade tanto estable como traballo de calidade no que poden ser as distintas substitucións ou interinidades. E o máis importante, inmediatamente, logo con base na nosa experiencia, temos a convocatoria, polo tanto, dos anos xuntos, da convocatoria do 2016 ao 2017, que nos dan estas trinta e tantas prazas do que é a Administración xeral, 34 máis as 50 no ámbito do Sergas.

Xa estamos falando, polo tanto, de 90 prazas dunha maneira directa e estable, tanto no grupo que pode ser identificado como persoal subalterno como para o grupo, por primeira vez, do que é, o comunmente, denominado auxiliar administrativo.

Obviamente, todo isto tamén quedou reflectido con carácter xeral, ao que se refería vostede, no noso plan estratéxico como un eixe fundamental cando falabamos da empregabilidade de todos os colectivos dentro da modernización da economía galega, pero sinaladamente tamén para os colectivos con discapacidade, e sinaladamente para as persoas que teñen discapacidade intelectual.

Non hai moito tempo, dous meses, tres meses, non creo máis, desde esta mesma tribuna eu invitaba a que as distintas administracións de Galicia —con base na nosa experiencia, a experiencia doutras administracións, para o cal eu tamén ofrecía colaboración e apoio, tendo en conta esta nosa experiencia recente—, todos, tomáramos conciencia deste acto de normalidade ata este emprego público inclusivo, pero xa existen as primeiras constatacións. Xa existe algún concello que non dunha maneira directa, pero...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ... que xa empeza a considerar este tipo de cuestións. E, sobre todo, hai unha primeira constatación e está aquí neste propio Parlamento de Galicia, que nas súas ofertas de emprego xa considera, polo tanto, este tipo de cuestións.

O meu agradecemento para as persoas que forman parte e que toman estas decisións nas ofertas de emprego significativo que faga este Parlamento de Galicia.

Creo que este é o camiño no que debemos de camiñar todas as administracións. Polo tanto, os primeiros pasos están rematando, creo que imos moi ben acompañados das mans das asociacións. Chegamos un pouco tarde e...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ... lástima que outros non o fixeron cando tiveron responsabilidades, pero seguiremos, creo que entre todos, no que temos máis de común que no que temos m de diferente.

Moitas grazas e noraboa, sobre todo para os que logo estean no traballo, tanto tempo oral como, sobre todo, efectivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Interpelación de D. Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coas listas de espera non estruturais do Sergas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro. Espero que hoxe faga uso da súa palabra para respostar a esta intervención, e non como aconteceu onte.

Hoxe traemos un problema bastante grave e evidente e que, dalgunha maneira, tamén ten relación co debate que onte demos aquí a respecto da contrarreforma da Lei de saúde de Galicia.

A situación das listas de agarda no noso país é, a verdade, bastante preocupante. Temos dous problemas evidentes en relación con este tema, vou intentar explicalos, aínda que é un tema que, evidentemente, temos debatido en moitas ocasións tanto na Comisión de Sanidade como neste Pleno.

Un está relacionado coa eliminación de profesionais da sanidade pública e coa Lei de garantías de prestación sanitarias.

E outro, evidentemente, que ten relación co anterior, é a opacidade en canto á proporción dos datos.

En primeiro lugar, sabe vostede que a situación do persoal non é, nin por asomo, a que vostede trasladou con ese incremento de profesionais, que, evidentemente, nas últimas datas se debe aos contratos lixo por horas e por días, que se fan para cubrir as necesidades dos servizos, pero que non implican na globalidade unha cobertura, un incremento de mellor calidade de traballo, un incremento de profesionais á disposición do sistema público de saúde, nin, dende logo, o absurdo da intervención —se se me permite— do presidente esta mañá dicindo que nos últimos anos se incrementaron os profesionais, cando o que acontece é precisamente o contrario, de aí os problemas derivados da situación, fundamentalmente, na atención primaria do noso país, pero tamén na especializada.

E eu teño que lembrar que só esta mañá, xente indignada cando escoitaba o señor presidente, escribía dicindo que tiña a agarda de dez días no seu centro de saúde, como pode ser en Salceda de Caselas, ou que esta mañá mesmo tiña unha cita programada para intervirse pero

resulta que non había cama e a mandaban para casa. Onte mesmo coñecín a outra persoa nesa situación, é unha realidade e deriva, evidentemente, da súa mala planificación e de ausencia de profesionais suficientes dende que decidiron aplicar as restricións indicadas polo Goberno central e por Europa e a amortización de prazas conseguinte no sistema público de saúde. Esa é unha realidade.

Temos traído en múltiples ocasións propostas para solventar a situación das urxencias, comentáboas onte pola tarde, tamén, e que se basean, ademais, en fortalecer tanto a atención especializada como a atención primaria no noso país.

Pero hai un problema bastante evidente, de opacidade e de xestión: un, de opacidade, evidentemente relacionado coa Lei de garantías de prestacións sanitarias, que non só —agora imos falar dese aspecto— vostedes aprobaron esa norma para traspasar pacientes da pública a privada, senón que existía un precepto —e ademais discutímolo, eu fun ponente desa lei— que reducía información que vostedes tiñan que proporcionar. Pasou de ser trimestral a ser semestral. E vostedes non fixeron calquera cousa, escolleron, precisamente, os meses nos que as listas de agarda sempre eran máis baixas, que eran os meses de decembro e de xuño. É dicir, os datos sempre eran peores en setembro, evidentemente, fanse menos atencións ou hai unha redución nos meses de verán, e, evidentemente, vostedes non escolleron eses meses. Polo tanto, afonda na opacidade, non proporcionan datos e ese é un problema que deriva da súa lei do ano 2013.

Pero hai un aspecto moi relevante e que temos denunciado, e eu volvo traelo hoxe aquí, e centraliza parte desta interpelación, señor conselleiro. Queremos que nos digan cando pensan facer públicas as listas de espera non estruturais, cando van cumprir o artigo 9 do Regulamento desta Cámara, señor conselleiro, e cando van cumprir a lei, estamos agardando.

Vostedes incumpren o Regulamento desta Cámara, incumpren o Estatuto de autonomía e denegán aos deputados e deputadas a información que vostedes solicitaban cando eran oposición.

Artigo 16, ademais, da Lei de saúde, garantías normativas e de organización, punto 5: As autoridades sanitarias proporcionarán información pública de cada área sobre indicadores de calidade de servizos, cobertura de programas, listas de espera e eficiencia dos procesos do sistema público de saúde de Galicia. Non hai ningún tipo de informe sobre a eficiencia das distintas EOXI, non temos datos financeiros —xa o lembraba onte—, non temos ningún tipo de informe sobre o funcionamento dos servizos e, por suposto, non proporcionan as listas de espera que estamos reclamando.

Ben é certo, porque vostedes enviaron o señor Aboal a contestarme a unha Comisión de Sanidade, que o decreto que regula a publicación das listas de espera por parte do Ministerio de Sanidade do Goberno central non os dota, non lles dá a obriga de publicar as listas de espera non estruturais, pero si teñen a obriga de contestar as peticións de información das deputadas e dos deputados.

E hai algo moi relevante, polo menos para min, que é a ética tamén na política. E o que non pode ser é que cando vostedes non gobernan soliciten uns datos que non proporcionan cando

vostedes gobernan. Isto é así, e vostedes poden trasladar o que consideren acerca do Goberno bipartito e dos gobernos, evidentemente, anteriores, que son da súa cor. Pero se a vostedes non lles parecía ben por aquel entón, agora deberían poder publicar esas listas. E, polo menos, se non as queren publicar, contesten ao artigo 9, ás peticións de información dos deputados e das deputadas desta Cámara. Lémbrolles que é a súa obriga, e gustaríame que respostase ás preguntas desta interpelación.

Quero os datos das listas de espera non estruturais, non que me expliquen o decreto, como sucedeu na Comisión de Sanidade, unha petición de información —lémbrolle, por se non ten moi fresco o artigo 9 do Regulamento— son os datos concretos que solicita o deputado ou a deputada en cuestión.

Hai outro problema evidente, relacionado coas listas de espera e coa xestión que vostedes fan da espera, e é precisamente esa Lei de garantías de prestacións sanitarias e ese transvasamento da pública á privada. Eu falaba onte dese decreto que vostedes publicaron e que facilita varios aspectos moi relevantes dentro do noso sistema público. O primeiro, a perda de garantía. Sabíámolo no 2013, agora vostedes póneno nun decreto; é dicir, se eu non quero irme operar á privada e vostedes me chaman para ofrecerme unha privada, eu perdo o dereito á asistencia sanitaria en tempo e forma, perdo a garantía. Así o pon o seu decreto e así o puña a lei de 2013. É moi grave.

É moi grave porque é unha privatización encuberta, é bastante obvio. Pero é que, ademais, había un aspecto, que xa criticamos nesa ponencia, que era precisamente que cando se rebasaban eses tempos máximos de espera que vostedes non cumpren —nin tan sequera maquiando os datos oficiais— se podía acudir a unha privada, e todas e todos —porque ao final o orzamento público é de todas e todos os galegos e galegas— tiñamos que pagar esa asistencia na privada. Pero é que ademais, agora, vostedes están facendo directamente unha cousa, e sabémolo porque temos compañeiras e compañeiros que traballan nas diferentes EOXI.

Cando se superan os 60 días para a intervención cirúrxica, os 45 días para a proba, en moitos lugares chaman directamente a persoa e recoméndanlle un privado ou recoméndanlle que vaian á privada porque o Servizo Galego de Saúde lles vai pagar esa atención. Iso é moi grave e está acontecendo, e vostedes acometen unha privatización encuberta do sistema sanitario público.

Trasladárono no debate do 2013 e é bastante indignante comprobar como o decreto que vostedes publicaron, e que entrou en vigor o día 10 de xaneiro deste mesmo ano, ratifica e implanta —aínda máis— esa privatización.

A vostedes non lles gusta falar deste tema, moléstalles, pero a realidade é así, e a realidade é que cada vez se está facilitando máis esa privatización. E a realidade é que hai que escoitar cousas, como as que dixo o señor presidente, que ante os colapsos e ante a necesidade de camas o mellor era poñer máis camas dentro das habitacións que xa había, mentres vostedes manteñen as plantas pechadas ou as salas pechadas dalgúns centros porque o deciden con base en non sei que criterio médico ou científico, evidentemente ausente, un criterio de xestión liberal. Iso si, na privada están todas as salas e as camas ocupadas.

Evidentemente, ese beneficio desas empresas privadas que xestionan a sanidade, que vostedes lles trasladan, faise tamén á custa dos traballadores e traballadoras, e seguramente moito tería que dicir vostede aquí desa folga que veñen de anunciar os sindicatos na provincia de Pontevedra pola precariedade deses traballadores e traballadoras que tamén sendo da sanidade privada pagan nas súas carnes a mala xestión da Consellería de Sanidade. Isto é absolutamente real.

Vou rematando xa.

E, polo tanto, señor conselleiro, gustaríanos que hoxe nos aclarase que ten pensado facer o Goberno para reducir as listas de espera. Non quero que me traslade os datos en si, xa os vin, pode comentalos, evidentemente, é a súa obriga, vexo como se incrementa nesa concertada na que vostedes blindaron por dez anos un contrato, como é o caso de Povisa, algo bastante lamentable, e vexo, tamén, como se incrementan algunhas áreas sanitarias.

Pero reitero, señor conselleiro, os datos non son a totalidade, os datos non son os reais, e, polo tanto, non serven para dar unha resposta real a como está a totalidade do Servizo Galego de Saúde. Sabe vostede que —polas cifras que manexan as centrais sindicais, evidentemente hai persoas traballando no Servizo de Admisión e na totalidade dos servizos de atención especializada— se calcula que os datos reais poderían duplicar, ou mesmo triplicar, os datos que vostedes publican na lista de espera. E aínda —e remato xa— coa súa maquillaxe das listas de espera nin tan sequera vostedes cumpren cos datos, cos prazos máximos da súa lei. E non os cumpren porque o obxectivo é trasladar doentes á privada.

Máis nada, polo de agora. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días, señor presidente.

Señores deputados.

Señora Solla, a min o que me molesta é que diga falsidades, iso é o que me molesta, non me molesta falar do tema sanitario, pero o que si me molesta son as falsidades que vostede —que fala de ética e fala de moitas cousas— di, fala de cousas sen ningunha proba de nada, absolutamente de nada.

E tamén me desgusta que faga unha interpelación e despois fale do que queira menos da interpelación. Entón, pasouse medio tempo falando de cousas que non están na interpelación. Eu vou ser rigoroso e vou falar da interpelación.

A Consellería de Sanidade facilita información sobre as listas de espera dando cumprimento ao que a normativa básica establece a través do Real decreto 605/2003, do 23 de maio, polo que se establecen as medidas para o tratamento homoxéneo da información sobre as listas

de espera no Sistema nacional de saúde, e da súa modificación parcial a través do Real decreto 1039/2011, polo que se establecen os criterios marco para garantir un tempo de acceso ás prestacións sanitarias do Sistema nacional de saúde.

Tamén damos cumprimento ao establecido na orde do 19 de maio de 2003, pola que se normaliza o sistema de información e control da demanda de actividade programada de hospitalización, cirurxía e salas da rede dos hospitais do Servizo Galego de Saúde, así como na orde do 13 de xullo de 2004, pola que se normaliza o sistema de información e control da demanda de actividade programada e consultas externas médicas na rede de hospitais do Sergas.

O real decreto e as ordes autonómicas definen o rexistro de pacientes en espera, así como a clasificación dos pacientes incluídos nel. Deste modo, o rexistro incluía a todos os pacientes pendentes de prestación dun servizo asistencial con prescrición non urxente, dunha atención médica indicada por un facultativo e aceptada polo paciente e para a que está prevista a utilización dun recurso pendente do hospital tanto propio como concertado.

O Servizo Galego de Saúde garante, a través dos seus sistemas de información e das súas actuacións, os requisitos establecidos polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Salud, que establece as características e contidos de información xeral sobre os tempos de espera dos pacientes, asegurando a comparabilidade dos datos con outros das comunidades autónomas establecida no artigo 4 do Real decreto 605/2003, no que se recolle que ha de facerse pública a información sobre as listas de espera estruturais con carácter semestral. E así o está a facer o Sergas, publicando a información no seu portal web. De feito, o Ministerio publicou hai escasas catro semanas os de xuño de 2017, cando nós o facemos, lóxicamente, en días posteriores, tanto en xuño como en decembro, para dar información transparente á poboación galega.

Ademais, tal e como tamén se establece no Real decreto 605/2003, os usuarios do Sergas dispoñen dun acceso ao sistema de información personalizado das citas e das listas de espera, que permite, garantindo a confidencialidade dos datos, acceder á consulta personalizada sobre os seus datos de espera en cirurxía, consultas e probas. Na páxina web, como digo, pero tamén desde hai xa bastantes meses a través a través da plataforma En saúde, na que cun DNI electrónico ou ben cunha clave chave pode acceder calquera persoa a toda a súa historia clínica, incluído —como digo— este tipo de datos.

No que respecta ás listas de espera non estruturais, débese ter en conta que inclúen os pacientes transitoriamente non programables; é dicir, pacientes que elixen voluntariamente pospoñer a súa intervención cirúrxica por circunstancias persoais, ou aqueles aos que non poden operar por motivos médicos que desaconsellan a súa intervención, como un paciente que está en lista de espera por unha patoloxía, por exemplo, de traumatoloxía, pero ten un proceso infeccioso que fai desaconsellable nese momento a intervención, e segue, lóxicamente, contando con todos os dereitos, á espera da resolución deste problema. Nestes doentes non hai medida ningunha de xestión que facer, e trátase dunha bolsa moi fluctuante; pódese chegar nalgúns centros a máis do 70 % desta lista de espera non estrutural.

Con respecto aos pacientes da lista de espera non estrutural aos que lles ofertaron a operación e o rexeitaron, porque preferiron elixir o hospital, por suposto, estes pacientes seguen tendo indicación cirúrxica e hai que operalos conforme o seu tempo de antigüidade. Non perden ningún dereito. Estamos operándoos tanto en programación de mañá como de tarde.

Pero, ademais, en Galicia temos o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantías de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas; curiosamente, algo que están atacando desde a oposición, cando é unha garantía máis, a maiores, que non teñen noutras comunidades autónomas. E o que busca precisamente é dicirlle por primeira vez unha certificación, unha garantía individual, a cada un dos pacientes destas patoloxías que figuran na súa lista.

Este texto normativo, que completa o desenvolvemento da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, súmase aos decretos que regulan o dereito á segunda opinión médica, á libre elección de profesionais e centro hospitalario e ao que regula o funcionamento do Rexistro Galego de Instrucións Previas. A través deste decreto, que entrou en vigor o 10 de xaneiro do 2018, poden beneficiarse anualmente entre 15.000 e 20.000 persoas. Quedan garantidos deste xeito os tempos máximos de atención sanitaria hospitalaria programada e non urxente, de 60 días naturais para intervencións cirúrxicas, 45 días para primeiras consultas externas e 45 días tamén para primeiras probas diagnósticas ou terapéuticas. Transcorridos todos estes prazos, o paciente poderá optar por ser atendido noutro centro hospitalario acreditado de Galicia, preferentemente —así consta— noutros hospitais da rede do Sergas. E en caso, desde logo, de que non se producise, podería recorrer, porque é unha garantía individual do sistema público de Galicia, a un centro concertado.

Recóllese así un novo compromiso do Servizo Galego de Saúde cos pacientes, xa que se pasa dunha xestión global de tempos de espera por prioridades para outras doenzas a un compromiso individual por patoloxía. A selección destes procedementos realízase tendo en conta a gravidade das patoloxías, a efectividade e a oportunidade da atención sanitaria e os protocolos de priorización, contrastados coas sociedades científicas. Neste momento están garantidas 108 patoloxías cirúrxicas, 7 vías rápidas de cancro e máis de 26 probas diagnósticas. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde, evidencia e pon énfase no carácter público do sistema e establece, ademais, o denominado Sistema de saúde de Galicia, onde ten lugar o encontro entre a complementariedade do sistema público e do sector privado de atención sanitaria; sector privado no que se inclúen os centros, establecendo os servizos de utilidade privada, tales como hospitais, clínicas, farmacias, transporte sanitario, laboratorios e demais provedores privados.

Señorías, levamos tempo traballando en políticas que nos permitan mellorar as listas de espera —por certo, entre as mellores de España— e priorizando en función da gravidade. Mantemos o firme compromiso de axilizar a asistencia de dotar de capacidade de decisión os usuarios e usuarias e, en definitiva, de mellorar o servizo que globalmente prestamos á nosa poboación, incrementando de xeito paralelo o seu nivel de satisfacción.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Señor conselleiro, toda a miña intervención ten que ver coa situación das listas de agarda, con por que se xeran as listas de agarda e con por que hai persoas que agardan anos —¡anos!— na miña área sanitaria, en Vigo, para ser intervidas de traumatoloxía; algo que vostedes non recoñecen en ningún tipo de dato oficial. Eu trasladáballe onte como había ese ano para unha ecografía simple, ese medio ano para unha resonancia magnética nalgunhas áreas... Iso, señor conselleiro, non figura nas súas listas de agarda; e, polo tanto, hai datos que faltan, datos reais, datos de persoas que sofren e que están agardando.

Sen embargo, para queixarse vostede tanto da miña intervención, non contestou vostede ás preguntas da interpelación. Así que, como as ten por escrito, dou por comprendido que vostede leu a interpelación e que, polo tanto, vai respostar na segunda quenda.

Mire, señor Almuíña, a realidade está escrita na súa propia norma, evidentemente, nese decreto. E queda moi claro, queda bastante claro, na redacción como se perde a garantía: artigo 9 do decreto, causas da perda de garantía, «...que non opten no prazo establecido por algunha das alternativas ofertadas polo Servizo Galego de Saúde, de conformidade co artigo 12.3 deste decreto», ou «...que rexeiten o centro ou centros alternativos ofertados para a realización da asistencia». Iso, na práctica, ¿que é? ¡É unha perversión! Cando vostedes poñen iso na norma vostedes din aquí que se deriva a un centro público. A realidade non é esa, a realidade é que chaman para ir a un concertado, ou en moitos casos para recomendarlles que vaian a un privado. ¡Paréceme unha barbaridade! ¡Está acontecendo! E están dándose xa datos de cantidade de persoas que se están trasladando a eses concertados. Gustaríame ter os datos oficiais, pero vostedes incumpren o Regulamento desta Cámara, e creo recordar que é unha obriga legal o cumprimento das normas para todas e todos; non só para as deputadas e deputados da oposición, tamén para vostedes.

Mire, señor Almuíña, non é baladí que saísen os seus amigos da patronal recomendándolle no mes de setembro que tiñan unha gran proposta, unha proposta fantástica, para rematar coas listas de agarda. Propuñan un modelo de cooperación público-privada que ía permitir acabar ao cabo do ano con esas listas de agarda e que soamente nos ía custar 88 millóns de euros. ¡Unha cousa fantástica!, ¡unha noticia do mes de setembro! Está moi ben, vostedes publicaron ese decreto para facer efectivos os desexos da patronal. Non só están blindados nos orzamentos sanitarios — cada ano máis orzamento adicado á privada, en contra do que vostedes din—, senón que queren máis e, evidentemente, vostedes regulan para facilitárllelo.

Mire, xa lle trasladei aquí os informes do Consello de Contas. ¿E que din sobre o incremento do orzamento que se vai á privada? É que a concertada é xa, no noso sistema público de saúde, un elemento estrutural; non conxuntural, ¡es-tru-tu-ral, señor Almuíña! Por iso fixeron o hospital de Vigo máis pequeno, porque había que seguir asegurando o negocio de Povisa.

Pero é que, mire, do ano 2016 ao 2017 incrementaron 4 millóns de euros só os concertos directos coa sanidade privada —coa concertada, que é privada; son empresas—. De 2017 ao

2018, neste exercicio —vimos de debatelo hai uns cantos meses—, 2 millóns de euros. Pero é que realmente a metade do orzamento sanitario do Servizo Galego de Saúde, da globalidade da Consellería de Sanidade, vai dedicada á empresa privada, xa llo trasladei onte. E hai un problema evidente: vostedes recortan en prevención e promoción da saúde un 24,23 % en termos nominais menos —dende o 2009 non pasou unha década—, e no 412B, o Programa de atención primaria —onde máis recortaron os profesionais—, un 28,41 % menos en termos reais. Se quere os nominais, se quere o papel, se quere facer a resta, un 19 %, señor conselleiro. E, polo tanto, de aí veñen os problemas, de aí vén a lista de atención primaria de agarda, porque 10 días é unha agarda. Unha semana para unha consulta ordinaria é unha agarda, é unha violación dos dereitos sanitarios e facilita os colapsos das urxencias.

En atención especializada, evidentemente, vostedes non proporcionan os datos; e está claro, é normal que nós os pidamos. Porque vostede pide datos, pide rigorosidade, ¡pois dea os datos!, e falaremos cos datos sobre a mesa e faremos unha valoración política de se a súa xestión está correcta ou non en función dos datos reais. Pero ten que proporcionalos. Pero para iso préggolle —porque xa non me queda máis tempo— que responda vostede dunha vez as preguntas da interpelación.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche desta interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Por moito que repita datos que non son verdade non van ser verdade, señora Solla.

Segue coa atención primaria, coas demoras na atención primaria. Mire, o outro día había unha entrevista; preguntábanlle ao presidente da Sociedade de Medicina de Familia de Galicia, o señor Sueiro, se había listas de espera en primaria. E, curiosamente, el dixo: «No meu centro, non». É curiosa a resposta, ¿non?, dunha persoa que é presidente dunha sociedade científica —que non é para nada dubidoso de adscrición política— e que diga que no seu centro non. Creo que está contestada a pregunta.

E di tamén o da diminución no custo económico no investimento da atención primaria. O capítulo I e o capítulo II —creo que son importantes dentro do funcionamento da atención primaria— incrementáronse. ¿Onde baixou o investimento, o gasto en atención primaria? En receitas de farmacia. Creo que iso non é malo porque conseguimos mellores prezos, conseguimos incrementar o número de xenéricos. Creo que é o que hai que facer, e así, ademais, a Unión Europea dános como unhas claves do que é a atención primaria e do que é a sanidade. Polo tanto, son datos collidos sen ningún fundamento.

Mire, a lista de espera conta con mecanismos e coa normativa reguladora para o seu funcionamento común para todo o Sistema nacional de saúde. E Galicia sempre estivo por diante, dando moita máis información que a que dan, a nivel nacional, todas as comunida-

des. O que non ten sentido é que nos lancemos cada unha das comunidades a dar datos de forma illada que non sexan comparables. O normal e o que debe ser é que debe haber un acceso á información de toda a poboación española con datos que sexan sempre comparables; e, como digo, Galicia dáos.

¿Que pasa? Que a vostede non lle gusta recoñecer que as listas de espera, que as demoras que temos en Galicia, sexan das mellores de España, porque están así. Están comparadas, e no último dato que se coñece de todo o Sistema nacional de saúde somos a cuarta comunidade. Polo tanto, creo que non lle gusta que digamos que é así, pero é así, e, entón, temos que dicilo.

E di, loxicamente, que do que se trata é de reducir sempre as listas de espera, e que, se somos a cuarta, quixeríamos facelo aínda mellor. ¿E como imos facelo? —porque é unha parte da pregunta que di vostede—, ¿como imos reducilas? Pois seguindo traballando como o estamos facendo. No 2017 melloramos os datos da actividade cirúrxica, pero tamén os de consultas e tamén os de probas diagnósticas. ¿E que estamos facendo con estes pacientes que en principio rexeitaron unha das posibilidades que digo que a normativa a nivel español permite, que é ofrecer un centro concertado? Pois, loxicamente, o que estamos facendo é revisando periodicamente esas demoras médicas para ver se xa poden ser operados, e incluílos xa no listado para programalos. E, desde logo, programar a todos aqueles que rechazaron o centro concertado. Estamos —como dicía— seguindo os criterios de antigüidade e operando en quirófanos de mañá e en quirófanos de tarde. Con iso creo que se están conseguindo resultados moi importantes. E, desde logo, o obxectivo noso non é derivar á privada, senón que é resolver o maior número de pacientes e no menor tempo posible, con, desde logo, criterios de calidade.

E di: ¿ten pensado darlle o negocio á sanidade privada, mentres efectúa recortes na pública? Sempre di que o noso obxectivo é que creza a privada. Pois non, para nós non. Nós non temos pensado aumentar o negocio. Os amigos, por certo, elíxoos eu, non me diga vostede quen son.

Pero, mire, a Lei de saúde que hai nestes momentos estamos reformándoa. Foi feita polo Bipartito, e nela, na páxina 137, artigo 89, di: «Mecanismo de relación co Sistema público de saúde de Galicia.» «A colaboración do sector privado á atención sanitaria co sistema público de Galicia instrumentarase a través de diferentes formas de contrato de servizos definidas no artigo 74.» E fala, como dicía anteriormente, de que é complementaria. Pero isto dicíao a esquerda cando gobernou e fixo esta lei. Nós non estamos cambiando absolutamente nada disto. (*Aplausos.*)

E, desde logo, nos centros concertados, temos menos presuposto que no Bipartito. Diminuímos —foi comentado esta mañá na pregunta ao presidente—, clarisimamente ese investimento, pero son centros todos acreditados, centros que loxicamente teñen os niveis de calidade necesarios. Para nós o importante, desde logo, con todas as medidas tomadas, é primar a liberdade de elección de centro no momento da intervención para aqueles pacientes que así o desexen. Dotar de máis dereitos os pacientes, pese a que a vostedes non lles guste que teñan máis dereitos que noutras comunidades autónomas; nós imos seguir por aí. E, desde logo, respectamos escrupulosamente o criterio médico. Cando decide que un paciente

non pode operarse, que considera que neste momento non debe operarse, nós ímolo respectar. E ímoslle dar liberdade tamén ao paciente; e, como digo, imos tomar todas as medidas necesarias para facelo.

Díxome onte que quería falar das tarifas dos servizos sanitarios que comentou. Creo que non sabe de que vai. Pero o que lle digo de que estamos valorando a modificación de tarifas, ¿sabe para que é? Pois para cobrarlles ás mutuas e aos seguros cando facemos a actividade nos nosos centros. Se vostede non quere e prefire que sigamos cobrando a un prezo inferior, pois é unha resposta que debe dar vostede. Desde logo, o que creo é que non coñece datos, fala por falar; e nós, mentres, imos seguir dando calidade aos nosos cidadáns cunha mellora nos servizos sanitarios día a día.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta.

Grazas.

Suspéndese a sesión ás tres e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión.

Interpelación de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración que realiza o Goberno galego do investimento en Galicia previsto no proxecto de orzamentos do Estado para 2017, os traballos e as conclusións da Comisión de Seguimento dos Orzamentos do Estado e a estratexia negociadora que vai seguir co Goberno central

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde, señorías.

Señora Vázquez, levamos ano e medio de lexislatura e, realmente, desde o Bloque Nacionalista Galego estamos preocupados e preocupadas xa non só pola xestión propia do Goberno galego, senón polo peso político que vimos que ten Galiza no Estado, que é cada vez menor. E por iso pensamos que é preocupante, porque, co modelo político e económico vixente, é o Estado quen acapara para si propio boa parte dos recursos, por non dicir a inmensa maioría.

Vimos ese pouco peso político hai menos dun ano cando se aprobaban os orzamentos do Estado de 2017, que vostedes desde Galiza aplaudiron coas orellas, cando en realidade viñan supoñer un gran recortazo para o noso país; unha discriminación para Galiza sen preceden-

tes que por vez primeira en máis dunha década tivo unha previsión de investimentos menor de 1.000 millóns de euros.

Cómpre recordar que o descenso do investimento territorializado en Galiza foi o segundo máis intenso de todo o Estado en termos absolutos e o terceiro máis intenso en termos relativos. E iso veu traducirse nunha perda de nada máis e nada menos que 442 millóns menos de euros en investimentos para o noso país. Un recortazo, baixo o noso punto de vista, absolutamente inxusto, e máis aínda nun momento de crecemento do cadro macroeconómico. Un recortazo inxusto tamén nun momento no que hai que recordar que viamos un aumento da recadación, que tamén aumentou porque as galegas e os galegos contribuímos, como calquera, cos nosos impostos. Pero a cambio vimos como iso non repercutía nunha igualdade na repartición dos orzamentos. Prevían uns ingresos tributarios de máis de 200.000 millóns de euros, similares xa ás recadacións do ano 2007, previas á crise, e en cuestións como esta é onde se ve realmente a fiscalidade e a política tributaria do Partido Popular e a súa escasa repercusión nas políticas sociais, pois ao tempo que aumentaban os tributos en xeral e as rendas medias, ao tempo que recortaron en servizos, en políticas sociais, pois vemos que, superada esa fase, non hai unha rectificación e que, polo tanto, non hai unha recuperación de políticas tan importantes para o noso país como as sociais.

Pola contra, si que vimos como as prioridades do Goberno de Madrid, do Goberno da Xunta de Galiza, que aplaudía coas orellas, eran outras, como ver como máis dun terzo dos investimentos os acaparaban ministerios como os de Defensa, en lugar doutros que entendemos que serían máis necesarios para o noso país. E a realidade é que se constatou que máis presión fiscal para as maiorías sociais non foi destinada á redistribución social, senón a pagar cuestións como unha débeda que non paraba de incrementarse, nomeadamente para o rescate bancario.

En resumo, un gran recortazo, inxusto, no que o noso país, aínda que vostedes sexan os maiores cumpridores do déficit e sempre estean presumindo diso, vemos que non lles reportou absolutamente nada a cambio, máis aínda cando agora estamos vendo como o señor Montoro vai perdoar as comunidades incumplidoras e vai haber unha quita. Xa entón, á vista dos orzamentos de 2017, desde o Bloque Nacionalista Galego, tentamos tenderlle a man ao Partido Popular neste Parlamento para que como parlamento nos rebeláramos contra ese gran recortazo para Galiza, pero vostedes, coma sempre, fixeron caso omiso e preferiron continuar na súa posición absolutamente servil de non molestar o señor M. Rajoy e conformarse con xestionar as migallas. A verdade é que ás veces dá a impresión de que vostedes en lugar de xestionar un país xa directamente queren xestionar unha deputación ou unha comunidade de veciños, porque denotan bastante pouca ambición.

Renunciaron, como digo, nestes orzamentos de 2017, a exercer de Goberno galego e a petar enriba da mesa para exixir o trato que merecía o noso país, e chegou un momento en que o agravio era tan evidente, a perda de posicións era tan evidente, que non tiveron mellor oportunidade que anunciar o pasado 6 de abril de 2017 a creación dun comité ou comisión de seguimento para fiscalizar a execución orzamentaria do Goberno central. E isto xa, permítame que lle diga, señora Vázquez, que nos resultou un pouco estrambótico xa de partida, porque, ¿que quere que lle diga? Eu atreveríame a dicir que o de fiscalizar a execución orzamentaria

e o grao de cumprimento do Estado con Galiza é algo que nós entendemos que xa lles vai no soldo, e que como Goberno galego xa deberían facer de por si con ou sen comisión.

En todo caso, supoño que temos que concluír que se tiveron que crear nese momento esa comisión ou comité debía ser porque, efectivamente, ata o momento non o estaban facendo. Iso explicaría moitas cousas. Vendo os grandes atrasos e incumprimentos que hai co noso país, sería unha boa explicación que vostedes certificaran que, efectivamente, non exercían de goberno.

Na altura, o seu argumento tamén para xustificar este gran recortazo era que desta volta, con esa comisión e con ese seguimento, si que se ían executar os orzamentos, non como o que é habitual, que vemos que os orzamentos na teoría din unha cousa pero que a súa liquidación di outra. Entón, o seu argumento era que desta volta, como ía haber unha maior execución, Galiza ía realmente estar a gañar máis investimentos que noutros momentos nos que había sobre o papel un maior compromiso pero unha baixa execución. E xa sen entrar en que ese argumento ten un nivel de elaboración case dunha aula de preescolar, teño que dicirlle que a estas alturas desde o Bloque Nacionalista Galego aínda non quedamos tranquilas con esa teórica comisión.

Onte fixéronse dez meses —dez meses xa desde o pasado mes de abril— de tal anuncio e, sinceramente, seguimos a pensar que foi unha cortina de fume simplemente para tapar ese gran recortazo dos orzamentos de 2017, para tapar que o Goberno da Xunta de Galiza, por moita maioría absoluta do Partido Popular que teña e por moi comunidade cumpridora no déficit e na débeda, non colleitaba os froitos que debera, porque pasaron dez meses e nada sabemos desa comisión, e entón traemos ao Goberno hoxe convidado nesta interpelación para facerlle varias preguntas sobre ela.

A primeira é que a verdade é que nos gustaría que nos aclararan se esa comisión existe, se non existe e demais, porque xa na altura esta formación política presentou varias preguntas con resposta escrita e nada recibiu a cambio, ningún tipo de información. Tamén na primeira semana de outubro de 2017, cando tivemos nesta Cámara o debate do estado da Nación, foi un dos puntos onde a nosa voceira, a señora Ana Pontón, insistiu no debate co señor presidente, pero tampouco nos informou de nada desa teórica comisión.

Aplicaron vostedes ata o momento unha política de silencio administrativo que non sabemos se debemos interpretar como que, efectivamente, esa comisión existe ou como que é unha cortina de fume máis que fan vostedes desde San Caetano pero que, efectivamente, non hai ningún froito.

Tampouco a Comisión 3ª deste Parlamento, encargada dos orzamentos e de asuntos relacionados coa economía, tivo ningún tipo de comunicación, e o máis sospeitoso é que nin sequera despois de incorporar esta interpelación á orde do día tampouco saíron vostedes a bombo e platillo anunciar os éxitos e resultados desa comisión. De feito, o único que soubemos polos medios de comunicación era —con tamén sorpresa— que un xornal dixital do noso país, *Praza pública*, lles pregunta, e o primeiro era a contestación do gabinete, que esa comisión non se reunira, e despois era que o señor Feijóo confirmaba que realmente o que

están facendo é facer ese seguimento nos consellos da Xunta; unha cousa un pouco estraña. Isto da Comisión de seguimento dos orzamentos xa nos empeza a parecer unha especie de *Expediente X* e, sinceramente, non sabemos que pensar.

E ninguén veu aínda comparecer voluntariamente a este Parlamento para explicar se existe esa comisión ou non e cales están a ser os seus froitos, porque esa comisión, que teoricamente anunciaron vostedes que se ía reunir cada tres meses, xa debería, a estas alturas do ano, levar varias reunións e entendemos que xa debería, a estas alturas do ano, ter bastantes cousas que aclararnos, e que debería informarnos sobre cal é a evolución deses orzamentos do Estado.

Neste momento temos a información do grao de execución do primeiro semestre, pero, lóxicamente, cunha aprobación tan tardía dos orzamentos do 2017, non nos serve para calibrar e para comparar con outros anos como vai a evolución. Pero, sen dúbida, os precedentes que temos non son positivos. Por iso queremos que hoxe nos explique como membro do goberno, señora Vázquez, se existe esa comisión, se non, con que data comezou a traballar, cantas reunións leva desenvolto, quen foron finalmente as e os seus membros, se teñen algún tipo de actas ou informes dese seguimento e se nolo van remitir á Cámara galega, etc. E tamén facer unha valoración de en que punto estamos, porque aseveraba o señor presidente da Xunta hai dez meses que, de non cumprirse co que aparecía no papel dos orzamentos, estaríamos diante dunha situación decepcionante.

Entón, desde o Bloque Nacionalista Galego, como non somos moito de ter fe cega, e moito menos fe cega cando iso implica algún goberno do Partido Popular, pois a verdade é que temos que un ano máis imos saír perdendo neses futuros datos de execución, e, polo tanto, agardamos que hoxe nos poida adiantar vostede algo sobre esta situación e sobre cal foi o resultado desa teórica política de seguimento que parece que decidiron iniciar este ano pasado 2017.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Presas, vostedes o certo é que queren compensar nesta Cámara o feito de ter perdido representación no Congreso, pero, en calquera caso, é un asunto moi interesante o que trae vostede hoxe aquí. Hai que ter un bo orzamento e, por suposto, hai que executalo, sen lugar a dúbidas; somos plenamente conscientes de que hai que executar o orzamento. Aínda sen acabar o orzamento do ano vixente, xa traballamos co orzamento do ano seguinte, e unha vez está aprobado o proxecto de orzamentos do ano seguinte, xa traballamos con el. Non sei

se lle soan os expedientes de anticipado de gasto, pois os aplicamos, e tamén solicitamos que os aplique o Estado, e traballamos por suposto arreo para que existan partidas orzamentarias específicas e concretas para o orzamento do Estado, para seguir avanzando, vertebrando Galicia e mellorando Galicia; orzamentos que queremos que se trasladen en investimentos e se convertan en investimentos. Eu creo que ninguén pode dicir e dubidar do que traballamos para garantir os investimentos do Estado en Galicia.

E, señora Presas, vexo que está vostede moi preocupada polo orzamento do Estado, que quere, como non ten representación no Congreso, tratar aquí. Nós temos sistematizado e organizado, por suposto, cun foro axeitado de seguimento dos orzamentos, a actividade da Administración xeral do Estado, por suposto que si. E semanalmente analizamos a evolución dos orzamentos e a actividade da Administración xeral do Estado. Tamén traballamos, con visos durante o ano 2017, polos orzamentos do ano 2018; orzamentos que teñen partidas importantes para garantir os investimentos tamén importantes e necesarios, como a alta velocidade ferroviaria a Galicia, e para que estean as obras rematadas no ano 2019, como a mellora ferroviaria A Coruña-Ferrol. Tamén temos traballado con iso, coas autovías pendentes, cos investimentos nos portos galegos, para que sexan máis competitivos, con actuacións en materia hidráulica, en innovación, etc.

Para iso precisamos que o peso do investimento sexa importante, e eu creo que compartiremos as dúas —vostede tamén— este tema. Sabe que o maior esforzo investidor en Galicia foi nesta época e nos gobernos do Partido Popular en Madrid. Eu creo que non ten que ter ningunha dúbida.

Dende logo que a satisfacción non é a mellor actitude recomendable para os que somos servidores públicos. Dende logo que a actitude debe ser de insatisfeitos para conseguir sempre máis e mellores servizos en beneficio das persoas.

Queremos máis investimentos, queremos máis execución do Estado, dos concellos, das deputacións, da propia Xunta de Galicia, por suposto que si, e traballamos por iso. Outros gobernos, dende logo, apoiados polos seus, señora Presas, pintaban intermodais faraónicas, pero, iso si, non pasaban do *power point*, pero iso é o que vimos cara atrás. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Agora o que fixemos, o que se fixo, foi un importante esforzo investidor cando era o peor momento económico. Sei que non o van recoñecer, pero é así. Está rematado o eixo atlántico, rematada a A-8, a circunvalación de Pontevedra en obras, a autovía Lugo-Santiago en obras, ou rematados todos os treitos, e as estacións intermodais viables e xa activadas. Polo tanto, estamos traballando para corrixir ese déficit histórico.

Ese era o orzamento en Galicia, cando o orzamento do Estado era a terceira parte dos anos de bonanza. En anos de bonanza, había esas críticas dos nacionalistas cataláns —que tanta pena lles dan agora—, que non querían que se investira en AVE a Galicia, pois esas críticas eran porque se investía no AVE a Galicia.

E fala vostede de pouco peso político, de recortazo, cando vostedes pedían o 8 % do investimento (*A señora conselleira de Infraestruturas e vivenda amosa un documento*): «*El BNG condiciona su apoyo al mantenimiento del 8 % de las inversiones de las infraestructuras en Galicia*».

¿Vostede non se dá conta de que no ano 2017 foi o 11 %? ¿Fala vostede de recortazo? O recortazo será o 8 %, que é o que pedían vostedes, e non o que se ten posto nos orzamentos do ano 2017. (*Aplausos.*) E non só no 2017, no 2016, no 2015, no 2014 e no 2013, máis do 10 por riba. Polo tanto, tres puntos máis do que exixían vostedes para Galicia. Galicia é a segunda comunidade autónoma en investimento per cápita e a cuarta comunidade autónoma por volume de investimento. Eu creo que vostede se esquece de cando ve como outras comunidades autónomas din que queren o mesmo trato nos orzamentos do Estado que Galicia, porque iso é o que din as outras comunidades autónomas.

En calquera caso, aínda que sabemos que *el «no es no»*, no 2016, no que o partido co que fan tamén vostedes comparsa tivo impacto, dende logo, na execución orzamentaria de 2017, e pode ter impacto tamén no orzamento do 2018 —un orzamento prorrogado pode ter impacto—, hai que recoñecer os moi importantes investimentos realizados no ano 2017: 100 millóns de euros en innovación galega, están iniciadas as obras pendentes de iniciar da autovía Santiago-Lugo, está licitada a conexión da Cidade da Cultura —non sei se me pode atender, ao mellor non lle interesa—, están iniciadas as obras de mellora ferroviaria no porto exterior de Ferrol, a PLISAN, na que deixaron vostedes unha desfeita xurídica tremenda, e agora coa Zona Franca e o Porto de Vigo está reactivada a PLISAN, están desbloqueados 17 treitos do AVE a Galicia da alta velocidade... E, por certo, derivados dun goberno en funcións. A vostedes, claro, ao mellor parécelles raro isto, porque vostedes en funcións asinaban contratos modificados, convenios. E, dende logo, iso saben vostedes que non pode ser. Outro exemplo é o parque ofimático, outro exemplo de ver como se adjudicou en funcións, e tamén... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, que vostedes tamén estaban no Concello da Coruña. E o resultado do ofimático aí está. Hoxe as obras do novo ferrocarril de Galicia a Madrid están en marcha, non hai ningunha razón para desconfiar do que nos din, e as obras xa a pleno rendemento de Zamora-Pedralba, para que se poña en servizo este ano.

E quere traer, ao mellor, porcentaxes da execución do orzamento do Estado aquí en Galicia supoño que porque non teñen representación no Congreso. Pero, xa que hai que falar de porcentaxes de execución dos orzamentos, voulle dar uns datos de porcentaxes, a ver se me pode dar algunha resposta. ¿Por que o Concello de Allariz, no orzamento completo do ano 2016, deixou de executar 4 de 10 euros de investimento? ¿Por que o Concello de Carballo —do BNG tamén— deixou de gastar 5 euros de 10 euros de investimento? ¿Por que o Concello de Pontevedra deixou de executar no ano 2016 —en ano completo— o 45 % do crédito vixente? Polo tanto, ¿vailles dicir a eses concellos do BNG que reinvidan o que deixaron de executar vostedes? (*Murmurios.*) ¡Coherencia! ¡Deberían de ter coherencia! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Supoño que verían que xestionar a realidade non é tan fácil como o que traslada vostede, para conseguir algún titular; para xestionar a realidade hai que xestionar e traballar. Pregúntelle aos compañeiros. Parécelle que a xestión pública é unha bendición do ceo, pero hai que xestionar para facer cousas e para solucionar o problema da xente.

En xestión pública por suposto que tamén. No concello de Pontevedra, baixou un 20 % a licitación no 2017; Fene, baixou un 25 % a licitación; Moaña, no 2017 baixou a licitación un 70 %; e Moeche, tamén do BNG, un 90 % menos. (*Murmurios.*) Bueno, non lles gustan estes

números pero, bueno, o certo é que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, veñen confirmar que son números moi malos do Bloque Nacionalista Galego.

Os responsables públicos temos que xestionar, temos que facer máis cousas que conseguir un titular ou *retweets*. Temos que xestionar e por iso estamos pendentes da execución, e, por suposto, dos ministerios e do resto das administracións.

Como lle dicía, semanalmente facemos seguimento. Decentemente pódolle trasladar o que lle propuxemos ao Estado, en concreto, do ferrocarril A Coruña-Ferrol. Involucrémonos, por suposto, para conseguir máis investimentos, porque cando un goberno que está no territorio se involucra hai mellores resultados. E eu pódolle poñer máis exemplos. Temos conseguido, por exemplo, que nos carrís exteriores de Rande sexa mellor o deseño. Se fora por vostedes, chegabamos mal, tarde e a rastro. Hai que buscar as cousas, pensar nas cousas a tempo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dálle igual o que pase na ponte de Rande.

Calendario razoable para o AVE a Galicia: constituímos unha comisión de seguimento para a AP-9. Por primeira vez temos voto na AP-9, na autoestrada principal. Consequimos coordinar, poñer en marcha e activar as estacións intermodais, con xa proxectos en licitación. E plantexamos moitas cousas ao Goberno central. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, cremos que hai que exixir, pero tamén cumprir; non só exixir, hai que exixir e cumprir. E facemos o noso traballo tamén cos orzamentos en políticas sociais, criterios de eficiencia, declive territorial. Os investimentos reais en Galicia foron por riba dos do País Vasco e Cataluña.

E, mire, a Consellería de Infraestruturas —xa que estou aquí, parece que non me pregunta pola Consellería de Infraestruturas— investimos no ano 2017 un 90 %, grazas a que hai un goberno estable. Na licitación, a Xunta de Galicia foi no 2017 o principal organismo en licitar. A Axencia Galega de Infraestruturas, 80 millóns de euros, que licitou no ano 2017. En total, 104 millóns de euros que licitou a Consellería de Infraestruturas no ano 2017 e, polo tanto, un 57 % máis que o ano anterior. Esa foi a Consellería de Infraestruturas.

Dálle igual Galicia, polo que vexo, porque a Consellería de Infraestruturas vertebrada Galicia e traballamos por Galicia. Polo tanto, hai que predicar co exemplo, señora Presas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

A verdade, señora Vázquez, estou un pouco abraiada. Por un momento pensei que era que xa definitivamente me acabara de subir a febre hoxe e que estaba nunha especie de delirio.

Primeiro, non sei, a min sorprendeume, a verdade, que viñera vostede e non o señor Martínez, porque a interpelación era bastante concreta sobre cuestións máis de facenda. Pero, de todos modos, como o Goberno é solidario, a min paréceme ben que veña contestar calquera membro do Goberno. Agora ben, que veña vostede falar de orzamentos do Estado, de execución e demais, cando vostede é a conselleira que anunciou posibles atrasos no tren e cando despois foi Adif quen a rectificou a vostede, pois, claro, xa me fai sospeitar un pouco de que, tal como era previsible, non tivo demasiada concreción nos seus datos. *(Aplausos.)*

A min o que me fascina é que o meu grupo veña á Cámara galega facer unha interpelación ao Goberno galego, despois de que sexa o Goberno galego quen anuncia unha comisión de seguimento dos orzamentos do Estado con preguntas como: ¿cales son as conclusións da Comisión de seguimento dos orzamentos do Estado anunciadas por Feijóo en abril de 2017?, etc., e que sexa a conselleira de Infraestruturas a que me interpele a min, deputada no Parlamento galego, polos orzamentos de Allariz. *(Aplausos.)* ¡Home!, mire, eu xa sei que están vostedes na barrena municipalista e demais. Cando queira, fóra desta Cámara, pois quedamos e falamos dos orzamentos do BNG municipais, pero teña un pouco de seriedade, non veña tomarnos o pelo. *(Aplausos.)* ¡Non veña tomarnos o pelo! *(Aplausos.)*

Efectivamente, o Bloque Nacionalista Galego non ten representación na Cámara do Estado. ¡Así nos vai! Efectivamente, xa se bota de menos esa voz en defensa dos intereses de Galiza. ¡Pero é que foron vostedes os que crearon e anunciaron a bombo e platillo unha comisión de seguimento dos orzamentos do Estado como Goberno galego! E, entón, ¿como non imos preguntar no Parlamento galego por esa comisión da Xunta de Galiza? *(Aplausos.)* ¿É que me está tomando vostede o pelo? ¡É que eu alucino! ¡Sinceramente, alucino! *(Aplausos.)*

Na cuestión que empezou a improvisar agora, ao final, da execución da súa consellería, non vou entrar, porque, un, nos interpelaba sobre a execución da Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galiza, e vimos de facelo xa recentemente no debate dos orzamentos da Xunta de Galiza.

Pero si que, xa que dixó que viñamos aquí buscar un titular, lle vou dar un titular, ou un resumo. Vostede dixó que tiñan —literalmente, e tomei nota— «un foro axeitado de seguimento». Foro axeitado de seguimento podemos traducilo en que a comisión que anunciaron a bombo e platillo non existe. Porque vostede, señora Vázquez, non me deu nin unha soa explicación das que se piden na interpelación por escrito, nin a ningunha das que formulamos aquí. Entón, en resumo, temos que concluír que non existe esa comisión, que non hai ningún tipo de seguimento rigoroso. Nin sequera vostede facilitou ningún dato actualizado sobre a execución dos orzamentos do Estado nin nada que nos poida avanzar diso. Limitouse a dicir xeneralidades, como estacións intermodais activadas, obras a pleno rendemento, etc., pero nin un só dato exacto. Entón, a conclusión é esa, que esa comisión de seguimento non existe. Entón, vostedes mentiron aos galegos e galegas. Entón, vostedes tomáronlle o pelo a este Parlamento tamén cando insistiron nesta mesma Cámara en que esa comisión ía traballar no seguimento deses orzamentos. E, xa lle digo, xa non insistimos en como é ou deixa de ser esa comisión, pero si en que vostedes non están facendo o seu traballo, non están facendo un seguimento deses orzamentos.

E tamén, como vostede se limitou a facer retrospectiva de oposición —debe ser que cando eran oposición nesta Cámara non quedaron tampouco moi contentos de como o facían que por iso insisten—..., pero, mire, a realidade é a que é. Voulle ensinar unha gráfica co investimento liquidado en infraestruturas produtivas, millóns de euros. (*A señora Presas Bergantiños ensina unha gráfica.*) Investimento liquidado, anos 2000, etc., vai incrementando, incrementando e incrementando, e do 2011 ata agora, unha caída en picado. O mesmo se vemos a evolución dos investimentos iniciais —en azul—e liquidados —en vermello—, vemos como desde o 2011 volve haber un baixón; orzamentos liquidados, executados; é dicir, de realidade e non de ficción.

Polo tanto, poden vir aquí dicir que, bueno, que cando Jorquera gobernaba en Madrid que non sei que, pero a realidade é que cando o Bloque Nacionalista Galego estaba en Madrid e facía o seu traballo —como tamén o facemos desde aquí mentres vostedes miran para o aire— a posición de Galiza era outra. (*Aplausos.*) En todo caso, quen ten que render contas sobre se fan seguimento ou non dos investimentos do Estado en Galiza son vostedes e non nós. Así que, por favor, teñan un pouco de decencia e na segunda quenda —teñen aí a interpelación, podo deixarlle o libriño aquí, se quere— contéstennos ás preguntas: se realmente existe esa comisión, se non, se existen actas desas reunións, cal é a valoración ata o momento, se é decepcionante ou non o volume de investimentos que se está executando, etc. Porque, a verdade, isto xa roza a tomadura de pelo.

E se inventaron que ían facer unha comisión por ter, efectivamente, un titular un par de días...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...pois, polo menos, asuman un pouco de responsabilidade política por unha vez na súa vida. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Peche desta interpelación, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señora Presas, esta Cámara é a que exerce o control ao Goberno. Pódese falar de orzamentos do Estado e máis aínda falar dos orzamentos dos concellos. Non sei por que se molesta. Eu, dende logo, que non lle quero tomar o pelo, dígolle datos reais de contas reais que temos en Galicia. (*Murmurios.*) En calquera caso, seguiremos defendendo os intereses dos galegos.

E sacar conclusións ao mellor dun orzamento do ano 2017, como pretende vostede, cando os datos oficiais da execución do ano 2017 do Estado son ata xuño... Dende logo que cando o orzamento se aprobou en xuño, parece que con medio ano só... Eu o que lle trasladei foron anos completos.

Dende logo que somos o Goberno de Galicia, sabe vostede que non somos delegados do Estado, do Goberno central. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Vázquez Mourelle, interrompe o seu discurso.)*

O señor PRESIDENTE: Ía buscar a campá porque é que xa estou cansado de... Claro, había moito murmurio na sala, efectivamente. *(Murmurios.)*

Silencio. *(Murmurios.)* Claro, hai demasiados murmurios.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): ¿Sigo, entón?

O señor PRESIDENTE: Comprendo que lle moleste á conselleira. É que, claro, comprendo que lle moleste.

Eu ía buscar a campá porque xa estou cansado de... *(Risos.)* Claro, a ver se, por favor, respectan o uso da palabra. Estou cansado hoxe de andar xa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Imos terminar agora o pleno tranquilamente.

Por favor, deixen rematar á conselleira. *(Murmurios.)*

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Por favor, hai outros sitios para falar.

¡Por favor!

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Pois traballamos e defendemos e defenderemos, por suposto, os intereses dos galegos, exixindo ao Goberno central maior implicación en todo o que consideremos necesario, e traballando, dende logo, coas nosas competencias.

Pero o seu particular modo de recoñecer os datos —vexo que non lle gusta que fale da execución orzamentaria da Xunta— é porque é un bo dato. E o seu modo particular de recoñecer estes datos, se vostede se enfada polos datos de Allariz, de Carballo e de Pontevedra, é tamén porque é un mal dato. Polo tanto, é o seu modo particular de recoñecer os bos datos da execución orzamentaria da Xunta de Galicia, do seu orzamento.

Por falar do orzamento do Estado, o Plan estatal de vivenda. O Plan estatal de vivenda sabe vostede que —se me escoita— se traslada aos concellos. Temos convenios de ARI con determinados concellos grazas a ese plan estatal de vivenda. Pois o Concello de Pontevedra, co ARI conxunto histórico, un 16 %, pero é que é do plan estatal, señora Presas, é do Plan estatal de vivenda, dos orzamentos do Estado; e Allariz un 0 %. Hai que ver todo en conxunto —

digo eu —, non cando me vén ben. Cada un vai ao seu, pero eu vou ao meu. Hai que ver todo en conxunto e falar co mesmo criterio.

Polo tanto, hai que facer política pero tamén hai que saber de xestión, señoría, e hai que xestionar. Xestionamos e exiximos que se xestione; aplicamos o conto tamén en nós mesmos. Todas as semanas facemos seguimento. Por suposto que existe esa comisión e facemos seguimento. Diríalle que incluso do Ministerio de Fomento a diario, practicamente, co presidente. Polo tanto, si que hai seguimento.

Hai moitos investimentos que non se poden executar e tamén forman parte diso, permítame que llo diga. Alfonso Molina e gran parte do concello da Coruña, que confunda seguridade viaria con pasos de fauna para anfibios... Pero o BNG votou a favor da parálise de Alfonso Molina. Polo tanto, ten consecuencias no orzamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, pidan vostedes o dato. O BNG tamén quixo paralizar a licitación do porto de Ferrol. Non sei como pide executar e paralizar a licitación. «O BNG de Ferrol pretende paralizar a licitación do tren Caneliñas.» Polo tanto, para executar hai que licitar, non se esquezade vostede.

E tamén enredou coa alta velocidade Coruña-Ferrol hai moito tempo o seu partido. Nós, por exemplo, no Foro de seguimento que estamos facendo, tratamos este tema especificamente e semanalmente, e nos temos dirixido recentemente ao Estado para facer unha actuación viable, técnica, ambiental e social, porque é un dos exemplos, porque traballamos, xestionamos. Mandeí a miña carta, hai uns días, ao secretario de Estado para facerlle conclusións da mellora ferroviaria da Coruña-Ferrol. Non fixen un retuit, pero mandeina. (*Aplausos.*)

Polo tanto, creo que teñen que cambiar de estratexia. El no es no, sabemos de quien es. Pero vostedes seguen sendo os do non. Polo tanto, eu... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, vostedes se apoiaron aquí. Non dicían nada cando no 2011, co Goberno Zapatero, deixaron sen gastar o 91 % dos fondos do tramo Lubián e aquí non pasaba nada, señorías. Isto eran vostedes... Pois unha vez comparsa para os orzamentos do Estado.

Outro exemplo, a navallada da AP-9 e a falta de compromiso do Concello de Pontevedra. Outro exemplo, non puidemos avanzar no saneamento do río dos Gafos cando estaba en Augas de Galicia porque non puxeron os ceros á disposición, e así non se executan os orzamentos.

Autovía do Morrazo, non era necesaria para o BNG.

E, permítame, o colmo dos colmos, a paralización —indo á Fiscalía— da autovía da Costa da Morte. Querían vostedes paralizar a Administración. Querían paralizar, dende logo, o progreso económico da Costa da Morte, e a Fiscalía pronunciouse unicamente en cinco días.

Polo tanto, eu voulle insistir. Non lle gustan os datos da Xunta pero eu voullos repetir porque son certos: 90 % de execución dos investimentos da consellería; incrementamos a licitación un 57 %, señoría. Polo tanto, exiximos aos demais pero tamén nos exiximos a nós mesmos porque somos coherentes. Coherencia, señoría. E, dende logo, traballar por non paralizar Galicia.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Volvemos ao punto sétimo da orde do día, preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a política da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de fomento e dinamización da lectura

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente. Boas tardes.

Boas tardes, conselleiro.

«Non se entende a capacidade de resistencia da edición en Galicia sen contar coas achegas que durante a última década recibiu Iniciativas de fomento da lectura. Non hai dúbida de que entre elas hai que citar o Plan de mellora das bibliotecas escolares, promovido pola Consellería de Cultura e Educación dende 2004, que cos seus clubs de lectura e as súas actividades de animación está transformando a dinámica lectora de varios centos de centros públicos do país.»

Este é o primeiro parágrafo dun artigo que escribía onte Manuel Bragado, un coñecido pedagogo e editor galego, e era un artigo dedicado a un plan de iniciativa de lectura en Gondomar, chamado El, e falaba da necesidade e do útiles que foron sempre as achegas que dende o ano 2004 —como di aquí— fixo a Consellería de Cultura e a Xunta de Galicia.

Polo tanto, a min ao ler este artigo precisamente onte, chamado «Unha década de espazo de lectura», publicado no *Faro de Vigo*, pareceume acaído comezar con este parágrafo para introducir esta pregunta que hoxe temos que facerlle o Grupo Parlamentario Popular aquí, nesta Cámara.

O fomento da lectura como vehículo fundamental para a adquisición de coñecementos e como fonte de lecer, así como a conformación de hábitos lectores sobre todo entre as xeracións máis novas, constitúen unha tarefa común de toda a sociedade, non só da Administración, pero teñen un papel fundamental todas as institucións educativas e culturais, así como tamén as propias familias, que deben construír tamén unha das áreas prioritarias no ámbito das políticas de acción cultural e fomentar o uso, a dinamización e a lectura en galego, sobre todo nos fogares.

Neste sentido, no que respecta ás competencias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a aposta realizada ao longo dos últimos anos por este departamento da Xunta de Galicia a prol do reforzo do papel da lectura en todos os estratos que conforman a nosa sociedade ten o seu claro reflexo en toda unha serie de programas e actividades destinadas a achegarlles ás persoas o libro galego dunha forma máis atractiva e lúdica, co fin de impulsar o hábito de lectura sobre todo entre os mozos e mozas e as xeracións máis novas, para ter futuros lectores e lectoras en galego, e, por suposto, consecuentemente, seguro, futuros escritores e escritoras en galego.

Polo tanto, por todo o exposto, e porque comezamos agora un plan de cultura no que tamén se vai fomentar a dinamización da lectura en galego, queremos saber cales son os eixes fundamentais que plantexa a Consellería de Cultura agora para apostar pola dinamización e polo fomento da lectura en galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, como vostede ben di, o fomento e a dinamización da lectura é unha tarefa común, e unha tarefa común que preocupa, e moito, a esta consellería, onde están depositadas as competencias tanto no ámbito da educación como no ámbito da cultura, que teñen moito que ver e están moi imbricadas, en todo caso, co mundo da lectura. Pero é unha tarefa común non só da Administración, senón que tamén o é da sociedade civil, das entidades asociativas, do mundo empresarial, dos editores, dos creadores...

En definitiva, dende a Xunta entendemos que fomentar unha sociedade lectora é fundamental para o presente e para o futuro do noso país. E temos iniciativas tanto no ámbito educativo como no ámbito cultural que, en certa medida, avalan esta aposta e esta estratexia por fomentar unha cultura da lectura entre os galegos.

Dende o punto de vista da educación, vostede nomeou a Rede de bibliotecas escolares, que é, sen dúbida, unha das grandes iniciativas que ten postas en marcha a Xunta de Galicia. Dende o ámbito da cultura temos tamén a xestión integral da Rede de bibliotecas públicas, xunto tamén cos concellos nalgúns casos, e tamén diferentes iniciativas que están orientadas a fomentar a lectura no noso país.

A lectura, o mundo do libro, é unha cadea de valor. Hai un eslabón primeiro que é a creación literaria; aí están os novelistas, os dramaturgos etc. Hai un mercado do libro, con editores, distribuidores, libreiros, novas plataformas etc. Hai un público, que é o consumidor final, o lector, o usuario final. E están as administracións, que facemos un dobre papel. Por unha parte, apostando polas bibliotecas, sexan bibliotecas públicas ou sexan bibliotecas escolares; e por outra, por diferentes iniciativas de fomento da lectura.

Temos iniciativas de interese en ambos ámbitos. Por exemplo, no ámbito cultural, todo o que ten que ver coas liñas de adquisición de novidades, ou para adquirir bibliotecas en rede, arredor de 550.000 euros. Axudas tamén para tradución para editoriais. O catálogo «Galicia le», de préstamo de libro electrónico, que este ano introduce como novidade o catálogo audiovisual, con moitísimos traballos xa na rede, ou outras actividades, como poden ser «O ler conta moito», en colaboración cos concellos, con máis de setecentas actividades conxuntamente Administración autonómica-concellos.

Desde o punto de vista da educación, temos o Plambe, unha das grandes iniciativas nacionais. Temos practicamente setecentos centros de Galicia involucrados. Isto favoreceu moito a comprensión lectora. Aí están programas que vostede citou como o Club de lectura, Mochilas viaxeiras etc. A comprensión lectora medrou moitísimo en PISA, de feito estamos por riba da media da Unión Europea en 30 puntos. Estamos en 590 puntos dentro dos parámetros PISA. Por suposto, é fundamental o traballo nas escolas para ter canteira futura de lectores.

En definitiva, dende a Xunta apostamos pola lectura como un hábito fundamental para...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...ser unha sociedade máis libre.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Ten outro tuno.

Réplica, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Conselleiro, a verdade é que os datos de mellora na comprensión lectora e os datos sempre positivos de PISA creo que son alento para seguir traballando por este camiño.

Eu creo que todos os deputados e deputadas desta Cámara concordamos en que é importante que dende a Administración e desde as institucións tamén se fomente a lectura en galego. Creo que é fundamental e resulta ademais importante que xa desde a infancia se fomente a lectura en galego. E, polo tanto, agardamos que todos estes plans sigan dando os seus froitos como xa viñeron dando dende que se vén impulsando anos atrás, como ben din tamén —ademais dos datos que trae vostede aquí—, como dixen antes, editores e persoas vencelladas ao sector do libro.

Precisamente, parece que a implicación de todos os estamentos culturais e vencellados ao sector do libro, de toda a sociedade, é importante e fundamental. E, polo tanto, ir da man será o máis exitoso e o máis axeitado para impulsar esa dinamización, tanto do fomento da lectura como do propio sector do libro.

Polo tanto, xa para rematar, conselleiro, gustaríanos saber como se van desenvolver estes plans, que medidas e que liñas de traballo teñen pensado realizar e como se están levando a cabo todos estes plans. Ademais dos que xa están implantados, as novidades que vostede está presentando hoxe aquí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Señora deputada, como lle estaba dicindo, o fomento da lectura é unha prioridade para a Xunta de Galicia, e en concreto para esta consellería, que ten a dobre faceta, educativa e cultural, que engarzan directamente co mundo do libro.

Proba deste compromiso é unha iniciativa que imos poñer en marcha, que é o Plan para a dinamización lectora de Galicia. Este é un plan que poñeremos en marcha neste ano 2018. Un plan que, obviamente, nin queremos nin podemos facer sós. Non o pode facer a Administración soa. Contamos, neste caso, cun Consello asesor do libro. Neste Consello Asesor do Libro, que está formado dunha parte pola Administración local e doutra pola Administración autonómica, tamén está representada a sociedade civil, por todo o organigrama que ten que ver con esa cadea de valor do mundo do libro que dixen antes: a Asociación Galega de Editores, Federación de Libreiros, Asociación de Escritores en Lingua Galega e outros, cos cales, obviamente, estamos colaborando e queremos ter unha estratexia común que posibilite potenciar o mundo do libro dende o convencemento de que é importante activar unha actitude de persuasión á sociedade para ter unha sociedade e unha cidadanía máis lectora, que sexa, por suposto, máis crítica, máis libre e que teña, en definitiva, unha maior aposta polos progresos colectivos.

Obviamente, como en todo plan, haberá unha diagnose, haberá unha análise, haberá un deseño de iniciativas con carácter propositivo, tanto dentro do eido público, falando do eido educativo e tamén de iniciativas culturais, como tamén dende o ámbito privado, dende a perspectiva privada, para potenciar a cadea de valor que en certa medida vai no mundo do libro e no mundo editorial.

Obviamente, eixes transversais imos ter: lingua galega, novas tecnoloxías, novos soportes para a lectura, e, por suposto, este plan para a dinamización da lectura tamén vai estar integrado nun paraugas máis amplo, que é a Estratexia da cultura de Galicia 2021; unha estratexia que neste momento estamos desenvolvendo. Vai ter un desenvolvemento específico porque, sen dúbida, a lectura, o mundo do libro e o mundo editorial é un eixo sectorial, é un dos piares fundamentais da cultura actual, por suposto, e tamén queremos que o siga sendo da cultura do futuro, porque o mundo do libro —como xa dixen— fai uns cidadáns máis libres e ten unhas implicacións moi importantes dende o punto de vista social, cultural e tamén educativo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto de se a proposta de zonificación para a admisión do alumnado, nos centros docentes sostidos con fondos públicos da cidade de Vigo, responde ás necesidades de escolarización existentes

O señor PRESIDENTE: Señor Álvarez Martínez, cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, moi boa tarde.

Señora Egerique, agradézolle profundamente que non fixese mención a que durante o Goberno do bipartito desaparecera o Plan de bibliotecas escolares, pero tampouco dixo que se potenciara, recentemente iniciado no ano anterior. (*Aplausos.*) En todo caso, moitas grazas polo recoñecemento explícito de que non nos cargamos todo o que é bo por sistema. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, recoñezo que é vostede un home afortunado porque viña preparado para todas as preguntas sorprendentes que lle formulou o seu propio grupo parlamentario. E, aínda así, esta tampouco vai ser ningunha novidade, sobre todo tendo en conta que vostedes reaccionaron a través dos medios de comunicación durante esta fin de semana pasada. Como vostede sabe —figura perfectamente na pregunta, que non era necesario que eu llo escribise—, os procesos de zonificación da nosa comunidade autónoma veñen regulados nun decreto do ano 2012, o Decreto 254, e por unha orde que se ditou no mes de marzo do ano seguinte, do ano 2013.

Segundo se ten trasladado e coñecemos, un grupo de traballo configurado na Xefatura Territorial de Pontevedra iniciou os estudos para unha nova zonificación da cidade de Vigo, pasando das 13 zonas que ten actualmente a soamente 4. Esta zonificación —que parece un tanto maximalista ou minimalista, segundo o enfoque que fagamos tendo en conta que estamos a falar da maior das cidades da comunidade autónoma— contou co rexeitamento unánime da Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (Foanpas), fundamentalmente por tres motivos. Como se sabe, presenta unha distribución manifestamente desequilibrada entre a demanda de postos escolares, tendo en conta a distribución na cidade de Vigo de alumnos en idade escolar e a oferta dos propios centros. Consolida unha reserva de feito —iso sabémolo todos os que nos dedicamos á educación—, toda vez que nunha boa parte dos centros públicos existe un número inferior de unidades de secundaria obrigatoria que de bacharelato. E, evidentemente, non fai falta pensar moito para darse conta de que é unha reserva de feito para alumnos do ensino concertado que abandonan as etapas gratuítas —ou sexa, secundaria— para incorporarse á rede de centros públicos no bacharelato.

E, por se todo isto fose pouco, prevé desprazamentos de ata 10 quilómetros para alumnos dentro dun núcleo urbano, dunha cidade como é Vigo. E isto é así porque despois de que a Xunta tivera anunciado para Navia o maior Plan de vivenda protexida, con máis de 1.600 vi-

vendas, parece que vostedes forman parte de gobernos distintos, posto que non hai a máis mínima planificación escolar que prevexa construír novos centros e, polo tanto, novas unidades escolares nesta zona da cidade de Vigo, neste barrio.

E, polo tanto, a pregunta é moi sinxela: ¿considera vostede que é axeitada esta zonificación?

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Bueno, señor Álvarez, como vostede entenderá, porque é a miña responsabilidade, eu teño que vir preparado para as preguntas do meu grupo e para as preguntas do seu. Entendo que iso o entenderá.

Eu non sei se a vostede o prepararon para a pregunta que fixo. Eu a verdade é que pensei que esta pregunta a ía formular outro deputado. E dígolle o porqué: porque, en primeiro lugar, entendo que vostede sabe que estamos ante a elaboración dun documento que non é elaborado por ningunha entidade política. É un documento de base que está encima da mesa e que foi elaborado polos equipos de inspección da cidade de Vigo. É dicir, estamos ante un traballo técnico elaborado polos equipos de inspección da cidade de Vigo que basicamente o que pretenden é mellorar a zonificación desta cidade por varios motivos que entendo que xa sobra explicar. É unha cidade que está medrando, na que hai desequilibrio entre o centro e a periferia e na que hai que buscar un equilibrio entre os novos barrios e as novas zonas escolares, etc. É un documento que se está falando, que está aberto. De feito, hoxe mesmo á mañá o xefe territorial tivo unha reunión neste caso cos equipos directivos vencellados a Beade.

Co cal, creo que estamos ante un documento feito desde unha perspectiva técnica. Non existe inxerencia política ningunha, salvo a que algúns pretenden poñer; baséase no que vostede di: diálogo, consenso, transparencia; non está pechado, é un documento absolutamente vivo; e pretende —o grupo técnico de inspección así nolo di—, primeiro, equilibrar a cidade con base en catro grandes áreas educativas onde haxa un equilibrio centro-periferia, onde non se perda nin unha soa unidade educativa e onde haxa unha baixada das ratios de ocupación das aulas.

Tamén pretende que haxa unha mellor implicación e un reforzamento dos servizos complementarios, léase transporte ou léase atención á diversidade. Vostede citou a zona de Navia, e eu pódolle dicir que en Navia estamos facendo, no Rodríguez Castelao, unha ampliación do colexio de primaria de preto de 3 millóns de euros —para que vostede diga que non hai planificación ou non hai interrelación—. Se a vostede lle parece pouco un investimento para a ampliación das unidades educativas en primaria de 3 millóns de euros, pois, certamente, é algo curioso.

Vostede cita aquí a Foanpas. A min cústame explicar o evidente, pero voulle dicir que este proxecto, tal como está —que non está pechado—, si posibilita a liberdade de elección de

centros, si favorece que haxa unha correlación entre os centros públicos e concertados, si posibilita que se acheguen, desde o punto de vista territorial, a periferia e o centro, buscando un equilibrio, e si dá garantías a que haxa unha cobertura de todas as prazas.

Eu creo que aquí, señoría, hai moitas interpretacións políticas, moitos cabreados políticos diferentes e creo, sinceramente, que a vostede o prepararon mal para facer esta pregunta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Señor conselleiro, evidentemente, como deputado deste grupo parlamentario, considérome lexitimado e incluso capacitado para formular calquera pregunta no ámbito da educación en calquera punto da comunidade autónoma. (*Aplausos.*) Non necesito a súa benevolencia cualificando a interpretación que se pode facer desta pregunta.

Pero, mire, di: non hai inxerencia política nun documento meramente técnico. ¿Como é posible, entón, que o xefe territorial mantivese reunións defendendo este documento? ¿Ou é que o encontrou tan sumamente grato e non merecente de ningún tipo de modificación nin de diálogo coas partes interesadas que foi alí defendelo a capa e espada? ¿Como é posible que nesa reunión se falase de aspectos que son de mera índole política como que o transporte escolar non se tocaba e que era un argumento que non se podía mover á hora de facer a zonificación? ¡Porque iso o dixo o xefe territorial de Pontevedra nesas reunións! Polo tanto, ¡algo de política habería detrás desta presentación pública!

Pero o certo e verdade —como diría o señor Feijóo e tamén algún que outro deputado do Partido Popular— é que desde que este grupo parlamentario presentou estas iniciativas se produciron certos movementos por parte da Xefatura Territorial, pode que de forma casual, pode que conscientes de que ese documento ía complicar profundamente a escolarización en Vigo. Porque o sábado 3 de febreiro aparece «*la nueva zonificación escolar no se pondrá en marcha el próximo curso*», «*Satisfacción entre padres de alumnos*». «*Arranca la matrícula en los centros públicos con la zonificación pendiente de concretar*». ¿En que quedamos? ¿É tan boa a zonificación? ¿Non necesita ningún tipo de modificación? ¿Xa tiña o consenso necesario? ¿Era un documento tecnicamente impecable, pulcro, desde o punto de vista político, e neutro socialmente? ¿Ou contén determinadas decisións que vinculan o futuro da zona escolar de todo o concello de Vigo?

Non teño tempo, pero si que me gustaría falar da zona periférica de Vigo...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Noutra ocasión.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...da zona rural do concello e do acercamento ao centro.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Déixeo para outro día.

Grazas.

Peche, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Bueno, señor deputado, mire, este é un documento técnico elaborado polos servizos de inspección, que está en proceso de diálogo coa asociación de pais e cos equipos directivos. Aquí hai unha intencionalidade clara de inxerencia política, non desta consellería nin moito menos, como vostede sabe. Hai un proceso de alegacións, hai un proceso de negociación e hai un proceso de consenso.

Vostede sabe perfectamente que o prazo de matriculación se abre agora para telo en marzo pechado. E vostede sabe que hai uns prazos para formalizar as matrículas e as reservas de prazos e que non se poden compensar. Co cal, isto non quere dicir que estea pechado nin que estea abandonado, senón que se está facendo de xeito consensuado.

E, mire, os obxectivos son moi claros. Fala deles o Servizo de Inspección: que o alumnado que se matricule nun centro saiba o percorrido que ten, as adscricións que ten; que haxa un equilibrio territorial entre o interior do concello e a zona céntrica; que haxa unha maior dotación de servizos; que se evite que non haxa adscrición aos centros de bacharelato; que haxa unha oferta suficiente; e que haxa máis e mellor transporte e que estea máis racionalizado. Iso é o que se pretende, simple e llanamente.

Pero, claro, vostede fala de diálogo. Hoxe mesmo o xefe territorial cos equipos de inspección están falando en Beade cos colexios dese espazo, cos centros clave dese espazo. Pero, claro, hai cuestións que son sorprendentes, non sei se llo contaron a vostede ou non. Mire que sorprendente é que, por exemplo, a zonificación se fixo o ano pasado en Pontevedra sen maior problema, pero é curioso que en Vigo, agora que se está facendo este proceso, se convoque nun modo extraordinario e urxente o Consello Escolar Municipal para rexeitar un documento técnico que nin tan sequera foi recibido. Imaxine vostede que nos xuntamos equis profesores e dicimos: a estes nenos, aínda que non fagan o exame, ímolos suspender, aínda que non saibamos o que van facer. O Consello Escolar Municipal rexeita nunha convocatoria urxente e extraordinaria un documento que non recibiu. ¡Sorprendente! Hai cousas que nunca deixan de sorprender.

Como tampouco deixa de sorprender o que se escribe nese consello escolar, e dise: «Un proceso con tempo suficiente de análise da realidade escolar de Vigo e as súas necesidades, con diálogo, transparencia e a participación de toda a comunidade educativa, de forma que se chegue a un documento que ordene a escolarización, facilite o acceso e a continuidade dos centros públicos e vele pola igualdade de oportunidades». Pero isto é o que se está facendo. Isto é o que nos din que fagamos, e é o que se está facendo.

Obviamente, como se posiciona, ou hai unha posición política previa a que teñamos o documento técnico e, sen máis, por un simple plantexamento, faise un rexeitamento sen coñecer

o documento, pois realmente verá que é sorprendente. Por iso lle dicía que ao mellor a vostede non o prepararon para esta pregunta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...porque realmente hai unha intencionalidade política detrás...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...absolutamente clara.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): E eu creo que aquí, señorías, o sentidiño é o máis importante.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

Pregunta de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D^a María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións da Xunta de Galicia encamiñadas a incluír na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como materia troncal, segundo o acordo adoptado polo Pleno do Parlamento do 18 de outubro de 2017

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Luís Manuel Álvarez Martínez, do Grupo Socialista.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas de novo, señor presidente.

Non o vou saudar, non porque estea enfadado con vostede, pese a algunha das afirmacións que fixo, senón porque xa o saudei na miña primeira pregunta.

E, dito isto, simplemente porque me vai levar moi pouco tempo, quero dicirlle que sabe vostede que os actos administrativos cos que non está de acordo poden ser susceptibles de impugnación. Xa teñen vostedes a vía aberta, ¡fágano e xa está! E deixemos o Consello Escolar de Vigo e do resto das cidades que exerza as súas competencias dentro da liberdade que lles ofrece o marco xurídico. Polo tanto, nada máis que dicir.

O motivo desta pregunta, como vostede sabe, é que o día 18 de outubro do ano pasado se aprobou de forma unánime neste Parlamento a inclusión da materia de Historia da Filosofía en segundo de bacharelato como materia obrigatoria para todos os alumnos. Esa obriga require necesariamente a modificación do marco normativo da organización do bacharelato, nomeadamente do artigo 31 —que fala da organización do segundo curso de bacharelato—

do Decreto 86, do ano 2015, así como das adecuacións que se deben producir —iso si é certo— a posteriori na estrutura das probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade.

A este grupo parlamentario tense dirixido tanto a plataforma que promoveu a proposición non de lei de iniciativa popular como algún que outro colectivo docente, entendo eu que sen ningún tipo de intencionalidade política perversa, senón simplemente pola preocupación que teñen, posto que estamos a falar dunhas ensinanzas que deben ser reorganizadas da maneira que se estableza no decreto para o curso 2018-2019. Polo tanto, esa organización —como sabe vostede perfectamente— debe producirse con tempo suficiente. E entendemos que a Consellería debiera ter trasladado a estas alturas do ano, a estas alturas do curso, cando menos, algunha idea sobre en que datas pensa publicar a normativa correspondente, mesmo borradores, como se fai noutras ocasións —e paréceme ben—, da normativa que vai aplicarse para que se coñeza con antelación suficiente.

Polo tanto, o que nos gustaría saber é: ¿que pasos teñen dado ata este momento para a modificación dese decreto? Como vostede sabe moito mellor ca min, a modificación dun decreto ten outro itínere distinto a unha orde e, polo tanto, require de máis tempo. E queremos saber simplemente que accións ten levado a cabo esa consellería para cumprir de forma efectiva o acordo deste Parlamento —repito— de xeito unánime do día 18 de outubro de 2017.

Nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Álvarez.

Para responder ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, o señor Román Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor deputado, alégrome de que fale vostede de competencias e de que cada organismo, cada nivel administrativo, faga o que ten que facer e que intente facelo ben. Creo que é importante facer iso, porque tamén ten que ver coa resposta que imos formular neste momento.

Obviamente, a Consellería, igual que o conxunto do Goberno, temos un mandato e damos cumprimento, sen dúbida, aos acordos parlamentarios, máxime cando é un acordo parlamentario unánime desta Cámara.

Así, en relación co que vostede plantexa, o primeiro que fixemos xa en novembro foi enviar e dar traslado oficial deste acordo, neste caso, ao Ministerio de Educación, en concreto á Secretaría de Estado de Educación. Dixémoslle que había un consenso acadado neste Parlamento e que se plantexasen debates do pacto educativo, se abordase a situación da filosofía

no sistema educativo e a necesidade de potenciar o seu coñecemento e a súa aprendizaxe. Obviamente, neste ámbito, o Ministerio xa nos respondeu. O Ministerio dinos que encantados de recibir esta petición e que, obviamente, a vai trasladar aos foros nos cales se está debatendo o Pacto educativo neste momento, que son tres: o Congreso —unha subcomisión—, o Senado e tamén a Conferencia Sectorial. Obviamente, aí é onde ten que avaliarse, onde teñen que tomarse as medidas pertinentes e necesarias para que esta asignatura e toda a filosofía sexa troncal ou non dentro da modificación da nova lei de educación, da nova lei orgánica de educación, que, presumiblemente —e esperemos que así sexa—, se poña en marcha como resultado dos acordos deste pacto educativo.

Obviamente, e no ámbito das nosas competencias, tamén a Consellería de Educación está traballando para dar cumprimento, neste caso, ao acordo parlamentario, e estao facendo cunha intención. A intención que ten a Consellería é que neste trimestre estea publicada xa a normativa para que dalgún xeito se poida dar cumprimento, dentro do ámbito competencial da Xunta de Galicia, ao mandato parlamentario.

Eu, obviamente, pídolle tranquilidade. Estamos en prazo, estamos en tempo, estamos traballando. Neste primeiro trimestre vaise publicar esta norma, e pódolle dicir que demos cumprimento e que estamos dando cumprimento aos dous mandatos, aos dous puntos que nos plantexaba neste caso a iniciativa parlamentaria, como lle acabo de dicir: unha no ámbito estatal, trasladando esta petición, neste caso, á Secretaría de Estado, e tamén no ámbito propio, elaborando unha normativa que se publicará ao longo deste trimestre. Creo que é unha forma moi correcta de dar cumprimento, e a verdade é que agradecemos que este acordo, que é un acordo unánime da Cámara, non nos sirva a ningún para intentar sacar rédito político dunha situación na cal estamos todos de acordo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

Para a réplica ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidenta.

Señor conselleiro, véxoo moi preocupado cos réditos políticos.

Mire, a súa resposta na primeira parte, no que se refire ao traslado á Secretaría de Estado de Educación, a trasladar un acordo parlamentario, paréceme normal; polo tanto, nada que dicir ao respecto. Celebro moito que a recibiran tan ben.

Pero mire, a súa resposta á segunda pregunta xérame máis incertezas que certezas e, polo tanto, si que lle agradecería que simplemente me confirmase se, efectivamente, para o curso 2018-2019, os alumnos que cursen 2º de bacharelato nesta comunidade autónoma van cursar obrigatoriamente Historia da Filosofía si ou non, porque ese era o acordo parlamentario, con independencia de que... ¿Ah, non? ¿Ou sexa que resulta que saímos de aquí, nos felicitamos todos, case imos de festa e nos manifestamos na Quintana os catro grupos parlamen-

tarios, xunto cos organizadores da mobilización para a Historia da Filosofía e todos concluímos que, efectivamente, os alumnos ían ter esa materia obrigatoria en 2º de bacharelato e agora é que non? Ou sexa, ¿que se lle pode trasladar á comunidade educativa que non van ter obrigatoriedade Filosofía?

Mire, sen ánimo de simplificar excesivamente este debate, isto ten unha resposta binaria: si ou non; 1 ou 0. ¿Hai filosofía para todos os alumnos de forma obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no curso 2018-2019 en 2º de bacharelato si ou non? E non vou empregar máis tempo, porque é tan doado responder a iso ou tan complicado segundo a postura de cadaquén e o sitio no que estea, que, ao mellor, require certa lóxica borrosa e nin 0 nin 1, senón 0,7.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señor Álvarez, acordo parlamentario: «...no marco das súas competencias, realizar as adaptacións necesarias para incluír na oferta educativa do bacharelato a obrigatoriedade da Historia da Filosofía como materia troncal».

Vostede debería saber que para que unha asignatura sexa ou non sexa troncal debe modificarse a lei orgánica que di que unha asignatura sexa ou non sexa troncal. E vostede debería saber —que estou seguro de que o sabe— que unha lei orgánica non se pode modificar por un decreto, sexa un decreto estatal ou un decreto autonómico.

Eu o que lle vou garantir e garántolle é que, coa proposta que estamos a facer dentro do noso ámbito competencial, todos os alumnos galegos de 2º de bacharelato van poder escoller a Historia da Filosofía como unha asignatura de 4 horas en 2º de bacharelato, no ámbito das nosas competencias. Se vostede quere ir máis alá do acordo e quere lanzar unha mensaxe que é falsa, que é errada, de que é posible facer unha asignatura obrigatoria, troncal, sen modificar a LOMCE, é dicir, a lei orgánica, vostede é consciente de que está lanzando unha mensaxe absolutamente falsa. Se non o é, eu creo que deixo aquí a miña resposta e seguimos falando.

Eu o que lle estou dicindo é que no ámbito das nosas competencias estamos traballando para que todos os alumnos de 2º de bacharelato poidan cursar, se así o desexan, en 2º de BAC, Historia da Filosofía, porque o outro é imposible, porque é necesario modificar a lei orgánica para que sexa troncal, obrigatoria, en todos os itinerarios que hai en bacharelato. Iso é exactamente o que se aprobou aquí. Outra cousa é o que vostede está dicindo, que non concorda nin co fondo nin coa forma do acordo parlamentario tido aquí no mes de outubro. Co cal, eu pódolle dicir e dígolle que no ámbito das nosas competencias organizativas estamos facendo a adaptación normativa para que todos os centros teñan que ofertar en 2º de bacharelato a asignatura de Historia da Filosofía. Por certo, de 4 horas, e, por certo, en 1º de bacharelato, Filosofía coa LOE eran 2 horas; coa LOMCE son 3 horas.

É dicir, estamos dando cumprimento ao mandato, estámolo facendo dentro do ámbito das nosas competencias e, en certa medida, garantimos que todos os alumnos que o desexen poidan ter Historia da Filosofía en 2º de bacharelato. Agora, no ámbito competencial, estatal, cando se modifique a nova lei, é cando vostede, dando un salto por encima do acordo parlamentario aquí acadado, plantexa ese binomio si/non, que é un binomio absolutamente falso, porque non se plantexa en ningún caso dentro do acordo parlamentario que se faga isto, xa que só o Estado, modificando a lei orgánica, o pode facer, e nós, no ámbito competencial e autonómico, estamos facendo o que temos que facer para que neste trimestre se publique a norma que vai posibilitar que todos os alumnos galegos de 2º de BAC poidan escoller Historia da Filosofía como unha asignatura de 4 horas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rodríguez.

Continuamos coa orde do día.

Pregunta de D^a Luca Chao Pérez e D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a normativa en que se basea a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de non incluír o alumnado repetidor no cómputo das ratios de alumnos por aula

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Luca Chao Pérez.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidenta.

Señora Prado, ten vostede o récord de [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)* feito á política, je mire que é difícil! ¡Mire que xa nos ten acostumados á súa falla absoluta de ética, ao populismo barato e sen escrúpulos do que fai ética aquí habitualmente..., *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia á cuestión, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: ...a que vostede non saiba... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Silencio, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: ...vir a outra cousa a este Parlamento que non sexa dar o espectáculo! Esperamos que rectifique canto antes. A súa falla de ética non só nos insulta a nós, insulta os seus votantes, insulta a toda a cidadanía. *(Murmurios.)* Fai falla unha obscena... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Señora Chao, vaia á cuestión. Quedou entendida a queixa.

Grazas. (*Aplausos.*)

A señora CHAO PÉREZ: Señor conselleiro, boa tarde.

Como sabe, hoxe vimos falar de ratios, malia que é difícil; co ambiente do seu grupo, é difícil, porque si, preocúpanos, a ética preocúpanos. A un conselleiro debería facerlle menos graza. Debería respectar tan sequera o grupo que está falando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Penso, tan sequera. (*Murmurios.*)

Imos falar de ratios e de nenas e de nenos invisibles, que de todo hai nas aulas..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de todo hai nos centros educativos pola súa actitude. De todo hai, porque vostedes insisten no erro, na tomadura de pelo, en virtude da cal deciden ignorar os alumnos e alumnas que repiten cada curso sen contalos para o número de aulas. Sabe ben que non é a primeira vez que falamos deste asunto no Parlamento; tanto é así que temos escoitado cousas tales como que non importa ter aulas de 20 ou de 30 porque a calidade non está en cuestión. Está claro que din vostedes calquera cousa sen ruborizarse, mesmo insultan a oposición unha e outra vez. Pode vir aquí e dun plumazo botar por terra todos os avances feitos na investigación educativa. Hai estudos —coñéceos seguramente— que avalan, precisamente, o contrario, que canto menor é a ratio, maior pode ser a atención que recibe o alumnado.

Pero é que é tamén unha cuestión de sentido común —que moitas veces tamén se bota en falla—, e vostede, que foi profesor, debería sabelo, imaxino que o sabe, malia que pretenda negar a evidencia. A cousa é que a necesidade de reducir as ratios nas aulas é un clamor habitual no inicio de cada curso, unha demanda habitual por parte dos sindicatos, unha demanda habitual por parte de toda a comunidade educativa, que entende que nas aulas ateigadas non se pode dispensar toda a atención que o alumnado precisa. Aulas con poucas nenas e nenos permitirían precisamente o contrario, unha atención máis personalizada, maior dedicación por parte dos docentes e, en definitiva, mellores resultados. Claro, xustamente a lóxica contraria dos recortes.

Sen embargo, as ratios non só aumentan. Un dos principais decretos dos recortes educativos que vostede coñece, o Real decreto lei 14/2012, prevé ampliar nun 10 % esa cifra. O Goberno do Partido Popular dixo que non o ampliaría, pero, claro, se logo non contamos os repetidores, podemos ampliar sen que conten; facer trampas, en definitiva. Un absurdo inexplicable, inxustificable. Bórranos dos datos, pero están; bórranos das estatísticas, pero están...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora CHAO PÉREZ: Poden pretender que sexan invisibles, pero, señor conselleiro, están.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

A señora CHAO PÉREZ: A pregunta é clara: ¿con base en que non están contando o alumnado repetidor nas aulas?

O señor PRESIDENTE: Xa coñece o conselleiro a pregunta. (*Aplausos.*)

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, verá vostede, o respecto nas aulas, igual que o respecto no Parlamento, non hai que pedilo, hai que gañalo. (*Aplausos.*) E creo que, despois de escoitala a vostede, vai ter que gañar moito respecto, porque mire, vostede formula unha pregunta e aproveita a pregunta para introducir cuestións que nada teñen que ver coa pregunta, que están fóra deste debate parlamentario. (*Murmurios.*) E eu tentarei, para responderlle a vostede, para que non pense que non a respectamos, para que vostede non pense que non lle imos responder ou para que vostede non pense que ten a razón —que non a ten—, ter a máxima capacidade didáctica que teño. Como vostede ben dixo, eu presumo e estou orgulloso de ser profesor, e estou na política —como case todos, ou así o espero— dun modo transitorio. Somos interinos todos da política, pero, en certa medida, intentarei ser o máis didáctico posible para dicirlle que o que vostede plantexa dá a sensación de que é algo coma se estivese facendo algo fóra da legalidade ou se estivésemos plantexando unha cuestión que fose irregular. E pode estar vostede segura de que, se isto fose así, os servizos de inspección nos alertarían e alertarían a sociedade e o conxunto da comunidade educativa de que estaban facendo as cousas mal.

Pero voulle dicir que hai unha lei orgánica, a LOE, aprobada por un goberno socialista no seu momento. Esa lei establece unhas ratios: 25 en primaria; 30 en secundaria. Posteriormente hai un real decreto. Ese real decreto do ano 2010 mantén os datos 25/30 e plantexa, a nivel estatal, 35 en bacharelato. Posteriormente, a normativa autonómica mantén as ratios en primaria e secundaria e reduce as de bacharelato a 33, as menores de España.

E tamén lle vou dicir que a propia LOE, no artigo 87.2 —vouno ler literalmente para non equivocarme, para que non nos equivoquemos—, di que é posible o incremento de ata un 10 % do número máximo de alumnos e alumnas por aula nos centros públicos e privados concertados dunha mesma área de escolarización, para atender necesidades inmediatas de escolarización do alumnado, de incorporación tardía por traslado da unidade familiar ou por acollemento familiar.

Neste caso, señoría, todos os ratios educativos que ten a Xunta de Galicia están dentro destes parámetros, porque se non estariamos cometendo unha ilegalidade, e eu entendo que vostede non quere dicir que os inspectores, os equipos directivos desta consellería ou desta Xunta, que non son deste goberno, desde o punto de vista político, posibilitan que haxa unha ilegalidade.

En todo caso —e xa remato—, Galicia durante a crise non incrementou os ratios, como si fixeron outras comunidades autónomas. Temos os mellores ratios de España e o que vostede plantexa en Galicia pode preguntar naquelas comunidades autónomas onde gobernan vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...e xa verán como fan absolutamente o mesmo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleiro.

Réplica, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Señor conselleiro, vostede podía aproveitar o seu turno —é máis: debería aproveitar o seu turno— para contestar as nosas preguntas, non para falar doutras cousas. Repítolle: ¿por que non contan o alumnado repetidor nas aulas? ¿Por que esta é a única comunidade do Estado na que non se conta o alumando repetidor nas aulas? ¿Por que pretenden dar visos de normalidade a unha manipulación tan burda, en base a que?

Non falamos das ratios convencionais, falamos do alumnado repetidor, que vostedes non contan nas aulas. ¿Por que non o están contando? ¿Por que tratan o alumnado repetidor como se non existira? ¿Acaso non ocupa o mesmo espazo nas aulas? ¿Acaso non ten as mesmas necesidades? A pregunta é simple. Se hai algún motivo, se hai algunha base legal que o xustifique, o alumnado repetidor —insisto—, por se acaso non o entendeu ben, por favor, explíqueo.

Podería dicirnos cales son os criterios que fan que non contemos os repetidores, porque podería darse o caso de que vostede se levantara un día e dixera: pois non imos contar o alumnado loiro —podería ser— ou non imos contar o alumnado que ten un nome que comeza por «s» —podería ser—. Se non hai outro criterio máis firme que o xustifique, pareceranos equivalente. Vostede non explicou por que o do repetidor, así que ánimoo a que, por favor, nos diga cal é a lóxica, porque a nós parécenos arbitrariedade e un xeito burdo de tratar de enganar a cidadanía.

Debería explicar tamén como é que mesmo se incumpren as ratios falseadas, estas ratios —xa digo— falseadas, porque non están contando o alumnado que repite curso. Véno de denunciar no xulgado o sindicato STEG, non o di En Marea, está nos xulgados.

Podería mesmo lerlle a listaxe de centros, pero isto debería facelo vostede. Estanse incumprindo no centro Castelao, no Barrié de la Maza, en Foz, en Pedrouzos, en Zalaeta, no Hío, no López Ferreiro, Pintor Laxeiro, Raíña Fabiola... Teño aquí a lista. Pódolla deixar despois, a ver se acaso a información que temos non é correcta. Pero —xa digo— ese era o seu traballo.

Sería o responsable, e se non quería, se o único que quería era deixar pasar o tempo, como acostuma a facer, podería telo aproveitado para outra cousa, para distanciarse das penosas palabras da súa compañeira de escano, cousa que vostede tampouco fixo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señora Chao, a vostede dálle todo igual. Vostede chega aquí, tira dos seus comentarios, de argumentario, élle absolutamente igual. Di que se cumpre a lei, que non se cumpre. Estou seguro de que, se gobernase a Marea —porque así ás veces o teñen dito—, éralle igual cumprir a lei ou non cumprir a lei, era absolutamente igual. Eu deille a base legal, ata lle puxen nome concreto ao artigo, pero dálle igual.

Vostede descoñece a situación, como funciona o sistema en Galicia, e tamén descoñece como funciona noutras comunidades autónomas, porque está dicindo: non, é aquí só en Galicia, este caso só se dá en Galicia. Pero isto dáse en todas as comunidades autónomas, señoría, dáse en todas as comunidades autónomas.

E mire, aquí hai un principio de xestión evidente. (*Murmurios.*) Como vostede queira. Se queda vostede tranquila así, perfecto.

E mire, aquí hai que aplicar simple e llanamente a sensatez. Vostede non pode dicir alegremente que a Consellería incumpre a lei, incumpre a lexislación vixente en materia de ratios, porque estaría acusando os inspectores, que son os que deben vixiar estas cuestións, de que están facendo mal o seu traballo, simple e llanamente.

Simple e llanamente, a situación que temos en Galicia respecto dos repetidores é idéntica á que fan unha inmensa maioría das comunidades autónomas deste país. Vostede négao. Realmente vostede —digamos— é unha persoa valente. Fai afirmacións gratuítas, pero debía ter un pouquiño máis de rigor cando cuestiona unha serie de aspectos que teñen moito que ver coa situación básica do sistema.

Mire, a admisión é moi complexa. Hai moitas cuestións que entran na admisión dos alumnos: os alumnos novos, os que se incorporan —digamos— ao centro, as necesidades específicas de apoio educativo, os que repiten, os que repiten curso, e tamén a situación demográfica de cada caso, pero sempre hai variacións de alumnos, e ao final os ratios educativos establécense en base aos criterios que establecen os centros educativos, cos seus equipos directivos e os equipos de inspección.

Vostede aquí cuestiona dende a lexislación que lle acabo de ler literalmente e introduce o principio de arbitrariedade. A min non me cabe a menor dúbida de que se gobernasen vostedes lles daría igual a lei, porque o están dicindo concretamente todos os días, dálles igual o cumprimento ou o incumprimento da lei.

Pero gustaríame dicirlle só unha cousa —e con isto remato xa—: Galicia, señorita —perdón—, señora deputada, ten o ratio profesores/alumnos máis baixo de España e ten o ratio alumnos/aula máis baixo de España, por debaixo das medias españolas en todos os casos (primaria, secundaria e tamén en bacharelato).

E mire, Galicia non subiu os ratios cando podía, non os subiu, porque velou pola calidade educativa, e aquí se demostrou e se está demostrando día a día, e tamén, en definitiva, o que fai Galicia cos seus repetidores é o que están facendo a inmensa... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Silencio. Remate.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...maioría das comunidades autónomas. Co cal eu agradezo moito a súa pregunta, pero, sinceramente, creo que está absolutamente fóra de lugar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Un momento. Vou facer unha consulta coa vicepresidenta.

(Pausa.)

En todo caso, eu pregunto, señora Chao, se vostede se dirixiu á señora Paula Prado chamándolle [...].

(A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

¿Si? Pois entón pídlle que o retire. Chámoo á orde.

(A señora Chao Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, perdoe, indubidablemente se retira. Non, non. Chámoo á orde e retírase. Imos ser consecuentes en todo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Perdón, non estaba no debate. Non, non, non me cambie nada. Non procede, que xa estamos noutro turno.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Imos á pregunta.

Silencio, por favor.

Non imos entrar nese tema. Silencio. Por favor. ¡Por favor! ¡Por favor! Ese tema está zanzado.

Silencio, por favor. Deixen a quen está no uso da palabra.

Pregunta de D. Daniel Vega Pérez e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia verbo das axudas a proxectos de transformación de produtos agrarios concedidas nos últimos anos

O señor PRESIDENTE: Señor Vega, formule a pregunta, por favor.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Imos aplicar un pouco de sentido común e mesura a este debate, (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) se lles interesa; se non, poden irse.

Imos falar do rural. ¿Coñecen esa palabra? Se a descoñecen, imos falar do rural. E imos falar dos sectores produtivos e imos falar da transformación. Eu xa sei que vostedes todo isto o descoñecen, pero nós, como grupo parlamentario, aplicamos o sentido e aplicamos o noso esforzo e o noso traballo por este eido rural, que é no que cremos.

Dende logo, señora conselleira, quéro lle agradecer a súa presenza, polo menos neste lado; non sei se nese, pero neste lado si que lle agradecemos a presenza para que veña render contas ao pobo de Galicia para explicar que medidas estamos adoptando no eido rural.

Sabe vostede —e sabémolo todos perfectamente— que a transformación é fundamental para o sector produtivo e para o sector en concreto, o sector agrario, e aquí saen dous temas, que é o sector lácteo e o sector cárnico e a horta tamén. A transformación é algo importantísimo, e nós temos un produto, que é o produto lácteo, o leite, que é dunha inmensa calidade. Iso sabémolo todos e sabemos que temos unhas explotacións que sufriron unha renovación total e absoluta, e a consecuencia desa renovación de mellora xenética, esa renovación na maquinaria de ordeño, ten unhas consecuencias: que se produce un leite de inmensa calidade.

Na carne pasa igual. Visitabamos como Comisión 7ª hai poucos días o Centro Tecnolóxico da Carne, e aí nos demostraban que a carne se está producindo máis e de mellor calidade.

E na horta, con esa marca tamén cen por cen galega, esa horta de calidade, esa horta que se produce nas nosas comarcas; é dicir, dentro do mapa galego somos a despensa de España.

Isto ten unhas consecuencias, e temos que traballar e incidir, e por iso esta reflexión previa á pregunta. ¿Que medidas está adoptando a Xunta de Galicia? Eu sei que hai moitas medidas que se están adoptando para camiñar, que os produtores están trazando novas liñas, e esas liñas de subvención a que se acollen eles están incidindo na transformación dos nosos produtos. A transformación ten que ser igual a beneficios. A transformación dos nosos produtos ten que ser igual a máis derivados lácteos e maior transformación tamén na carne.

Polo tanto, dita esta reflexión, nós, como grupo parlamentario, preguntabamos e preguntamos que balance fai a Xunta de Galicia das axudas e proxectos concretos en transformación dos produtos agrarios concedidas nos últimos anos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vega.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, é certo que o desenvolvemento agrario dun país non pode estar baseado única e exclusivamente na potenciación das súas producións agrícolas e gandeiras, senón que debe ter necesariamente en consideración o conxunto do sistema agroindustrial e en particular as industrias agrarias de transformación.

Hai que pechar o círculo, e nesa liña é na que estamos a traballar. De pouco serve ter a mellor materia prima se ao final non somos quen de sacarlle a maior rendibilidade. E aí é onde estamos traballando arreo.

As instalacións de transformación e comercialización de produtos agrarios son necesarias para facer viables, dar valor engadido a esas producións agrarias cuxa base está nas nosas zonas rurais galegas. O mantemento e potenciación da industria agroalimentaria favorece a pervivencia das explotacións agrarias e do tecido económico que rodea as nosas zonas rurais. Así mesmo, o apoio ás industrias existentes permite manter os postos de traballo e potenciar a creación de novo emprego no rural galego.

A industria agroalimentaria galega está formada por preto de 1.700 empresas. Esas 1.700 empresas teñen agora mesmo 17.000 persoas empregadas e facturan máis de 4.600 millóns de euros. Entre elas hai case 1.200 que corresponden a industrias que transforman única e exclusivamente materias primas agrarias galegas, así como industrias de elaboración de produtos de alimentación animal, sendo por iso todas elas de importancia estratéxica no noso sector agrario. Destacan pola súa importancia, sen dúbida, as industrias lácteas e cárnicas e as de alimentación animal, que facturan máis do 90 %. Son tamén moi relevantes as industrias vitivinícolas, que representan en número máis do 40 %.

Pero, ademais, o sector agroindustrial debe verse tamén como un sector clave no equilibrio territorial e no desenvolvemento das economías locais, como indica o feito de que o 60 % das empresas se sitúan en concellos de menos de 10.000 habitantes, e destas o 75 % delas teñen a categoría de microempresa.

Ademais, a industria alimentaria depende das materias primas que se producen no territorio e contribúe a incrementar o valor das producións. Pero tamén temos que poñer en valor os recursos naturais, a nosa paisaxe, a parte medioambiental. A importancia tanto actual como previsiblemente futura dos nosos recursos primarios fai que o sector industrial ligado ao seu proceso teña importantes expectativas de crecemento.

Esta é a razón, señorías, de que esteamos a ver un despegue da actividade agroindustrial que se está a producir na creación de novas industrias en Galicia, que aposten por vir a Galicia, que se amplíen en Galicia, que transformen e, polo tanto, que xeren novos empregos.

Por todo o anterior...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Ten outro turno despois.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Vale. Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Vega.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, presidente.

Grazas, conselleira, pola resposta.

Eu creo que é importante dicir con claridade que vostede dixo o de cerrar o círculo. Iso significa que estamos traballando no bo sentido. *(Risos.)*

É verdade que... Isto da risa non o entendo moi ben, pero si... *(Murmurios.)* Non necesito coro. O que si que é verdade é que estamos traballando nun camiño acertado —repito, para que lles quede claro—, e, en consecuencia, o círculo é iso de traballar nun sentido: que a explotación, que o gandeiro sexa empresario máis alá do tanque do leite.

Isto significa que a transformación entre nas granxas. Investir nunha queixería, investir en transformar o noso produto, ten unhas consecuencias duns beneficios para o gandeiro. Estamos falando dun empresario que establece o seu proxecto de vida nunha parroquia, nun rural, nun concello, como ben vostede poñía de relevo, que poñía os concellos de menos de 10.000 habitantes. Isto demostra con claridade que estamos apostando polos pequenos concellos, polo rural.

¿Cal é a consecuencia de seguir investindo na transformación, de seguir aportando ideas e proxectos ao noso rural? Que a xente se establece nun proxecto de vida no rural e non traza outras liñas para alonxarse do noso rural. É dicir, se temos un problema de demografía, se apostamos por un sector primario que aposta pola transformación, estámolle dicindo que si ao rural, porque lle estamos dicindo que si ao sector prioritario, a un sector prioritario na nosa terra, que é o sector lácteo, cárnico, e, en consecuencia, o sector agropecuario.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vega, moitas grazas.

Peche desta pregunta, señora conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Diciamos antes que queriamos acadar obxectivos, e os obxectivos eran pechar o círculo para que quede o maior valor engadido posible en Galicia. E para acadar estes obxectivos a Con-

sellería do Medio Rural ten actualmente abertas dúas liñas, dúas liñas fundamentais de apoio financeiro ás industrias do sector en forma de subvencións a fondo perdido.

Unha son as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios, cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, a través do PDR. E dentro do período do 2014-2020 teño que dicir que no ano 2018 se incrementa nun 22 % en relación co ano 2017.

Están as axudas tamén aos investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas, para o período 2019-2023, tamén financiados polo Fondo Europeo Agrícola de Garantía, é dicir, polo Feaga, e que ademais supón que é a primeira vez neste período que as quitamos, e supón un impulso fundamental para un sector tamén estratéxico dentro do ámbito rural galego, que son as adegas, a transformación dos nosos viños.

A primeira destas liñas está enmarcada no actual programa de desenvolvemento do rural, e a outra liña de apoio ao sector agroalimentario está dirixida especificamente, como dicía, ao sector do viño, e púxose en marcha nesta convocatoria, no ano 2018.

Polo que se refire ás subvencións concedidas, estas poden acadar ata un 50 % do investimento, no caso das axudas financiadas a través do PDR, e un 40 % no caso das axudas ao sector vitivinícola.

O maior ou menor nivel de apoio depende da avaliación técnica do proxecto de investimento, de acordo con criterios obxectivos, que, por suposto, son públicos e tamén competitivos.

Con carácter xeral, o que se financia é a construción, adquisición e mellora de bens inmobles, a adquisición de maquinaria, de novos equipamentos, ou o desenvolvemento de novos programas a través de algo fundamental, que é a creación de novos produtos, a innovación e a investigación.

A través destes instrumentos de apoio, no período de aplicación do actual PDR e nos anos 2016-2017, o número de proxectos aprobados foi dun total de 204, cun investimento de máis de 136 millóns de euros, dos cales a subvención recibida a través da Consellería do Medio Rural foi de 49 millóns de euros.

A cifra destes últimos dous anos indica que hai unha forte dinámica inversora no sector agroalimentario. Pero, á parte deste tipo de inversións financiadas ou cofinanciadas a través da Consellería do Medio Rural, hai outras inversións. E antes falabamos do ámbito lácteo, e quero poñelo aquí en valor, como é o caso de Goodleit, no concello de Curtis, para transformar máis de 460.000 toneladas anuais, e que está agora mesmo en marcha e que ademais propiciará postos de traballo que rondarán as 130 persoas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D José Luís Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns do Goberno galego para non adoptar medidas co fin de manter en uso, en réxime de arrendamento a través do Bantegal, as terras que están a abandonar a actividade agrogandeira

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Congratúlame que haxa xente con tanta fe, e recordo que fe é crer no que non se ve.

Os datos oficiais da Seguridade Social véñenos dicindo que diminuímos no Estado en 1.106 cotizantes á Seguridade Social agraria, e 1.006 corresponden a Galicia. Tamén as estatísticas din que, respecto ao pasado 2017, 424 explotacións lácteas pecharon por inviabilidade. Non obstante, vostede, señora conselleira, lanza aos catro ventos un «todo vai ben e aquí non pasa nada». É máis, dinos que aquí foi onde máis se incrementou o prezo do leite. E será certo. É máis, é o prezo máis baixo do Estado e nin nos achegamos de lonxe ao prezo medio europeo. E non é, señora, porque o noso leite sexa de máis baixa calidade; non, está na media do Estado; lembremos que nós somos a media desa media.

Porque *a nai do año* está na diferenza entre custo de produción e prezo de venda, e aí dóenos tremendamente. O noso sector lácteo é dependente dos insumos exógenos, e ten neles a súa maior debilidade, sumada á progresiva intensificación e a unha política de indefensión do sector por parte do Goberno da Xunta.

Tivemos un respiro —lembre—, relativo, dous anos, en que os prezos dos insumos non flutuaron lesivamente. A súa Consellería adormeceu arrolada pola mornura dun raiolo que non vai durar. Neste tempo vostedes deberan ter iniciado medidas correctoras que encamiñasen o fortalecemento do sector, preparándoo para futuras eventualidades. Non o fixeron. Nin saben nin queren.

O proceso de concentración de explotacións e de intensificación da actividade agrogandeira conduce o sector á súa autoliquidación paulatina... —perdinme por mirar a hora— como líder de produción do Estado e rexión europea preferente.

Un sector, señora conselleira, que hipoteca a súa existencia aos caprichos do mercado internacional do millo, soia e semente de algodón principalmente, e que non ten marxe suficiente como para sufrir estes embates, é un sector cheo de feblezas. Un sector que non incorpora as terras agrarias en abandono á actividade agrogandeira, vendo como parte delas se forestan impunemente, é un sector que ten o futuro no fío da coitela. Un sector que, usando unha base territorial privilexiada en Europa, non xoga nos mercados a estratexia de calidade, tendo sobradas condicións, é un sector que se suicida.

A dotación de medios do Bantegal é irrisoria; nútrese das doazóns das concentracións parcelarias, e nada máis. Por non ter, non ten nin orzamento —87.000 euros—, nada de equipos que apoien o traballo de campo, de falar coa xente, xestionar *in situ* os alugueiros das fincas.

Nada. As oficinas agrarias, desmanteladas. ¿Que vai ser desas máis de 150.000 hectáreas agrarias abandonadas? ¿Teñen previsto a súa forestación para o novo Plan forestal?

E, por tanto, esta é a pregunta: ¿cal é a razón para que, vistas as estatísticas de actividade e prezos do sector lácteo galego, non se teñan tomadas medidas co Bantegal, etc., etc.?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que, escoitando moitas veces as argumentacións, non me estraña que, cando eu me achegue ata o rural, digan que dou un pouco de alegría, porque para dar tristeza dende logo que están outros. (*Aplausos.*)

E dá a impresión de que, en vez de apoiar novas iniciativas, en vez de a eses 466 xoves que se incorporaron o pasado ano ao ámbito rural, que son 466 explotacións —dígase 466 empresas no rural—, darlles alento, ao final isto é como a gran lenda negra do rural galego, que vostedes queren pero que non van conquistar, porque xa estamos outros para traballar para que iso non sexa así. (*Aplausos.*)

Falamos do Banco de Terras, e ese Banco de Terras é o instrumento público que conta cun dos seus obxectivos fundamentais, que é dar base territorial ás nosas explotacións. Pero se tiveramos que facer unha comparativa do que é o Banco de Terras actual co Banco de Terras que intentaron crear outros, habería moito que dicir. E tanto habería que dicir que crean un Banco de Terras nun momento determinado, que ademais estaba rexentado por unha sociedade anónima, onde vostedes dicían que tiñan 8.000 parcelas dispoñibles, e despois de estudar e estudar, atopamos con que esas 8.000 parcelas —non hectáreas, que nin sequera serían iso— que vostedes nun momento determinado —dígase Bipartito, BNG-PSOE— lle dicían ao sector que estaban aí para alugalas nunca se alugaron.

Pero é que empezamos a mirar cada unha desas parcelas que hai, e atopámonos con que esas parcelas que vostedes lles querían ceder mediante arrendamento aos nosos gandeiros a gran maioría tiñan enriba un cemiterio, unha igrexa, e algunhas non valían para cultivar. Non se rían: 8.000 parcelas que tiñamos, que derivamos agora directamente aos concellos, porque dende logo eran todo menos agrarias, señor Rivas. Co cal, leccións, por favor, as mínimas.

Agora mesmo o Banco de Terras ten á disposición terras de alugueiro, un 17 %, máis de 4.000 metros cadrados, que poderían ser viables para os nosos gandeiros, que están á súa disposición, pero dáse a casualidade de que non todas están nas comarcas intimamente agrarias.

Pero, aínda así, puxemos instrumentos enriba da mesa, e agora estanse reestruturando máis terras ca nunca, e dispoñemos de 20 millóns de euros de aquí ao ano 2020, 20 millóns de euros cada ano, para facer as reestruturacións agrarias e poñer á disposición terreos.

Pero, á parte diso, temos outros sistemas, como pode ser o sistema Marcos; é dicir, facilitamos terras aos nosos gandeiros para que as explotacións que queden sexan viables.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, de alegría ficticia vívese no Entroido (*Aplausos.*), que estamos nel; non sei se se refire a iso. Non se soluciona con alento ao sector lácteo. Iso soluciona cando soben os ciclistas unha costa tremenda e van sudorosos, pero non máis.

Mire, nós intentamos crear o Banco de Terras, e creámolo. Vostedes rebentárono en pouco tempo. (*Aplausos.*) ¿Sabe por que? Porque vostedes non nos perdoan, ao BNG en concreto, termos un proxecto coherente co medio rural. Non nos deron tempo nin sequera a plantealo. ¿Por que? Porque sacaron as súas armas máis..., máis máis, jeh!, como aquelas octavillas que se repartiron en Dorneá, de mans de xente do Partido Popular —non levaban firma—, pero falaban de que o Banco de Terras non eran cemiterios nin terras baldías, ían expropiarlles as propiedades. Teño as octavillas e teño testemuñas de quen as repartiu, alí e en moitos sitios máis. Iso chámase sucio, xogar sucio. (*Aplausos.*) E cando se xoga sucio é porque se teme, se teme a continuidade de proxectos coherentes para algo que a vostedes non lles interesa que sexa coherente.

Por iso vostedes non utilizan o Banco de Terras, e si nos empezan a falar —o outro día deixáronnolo ben claro na Comisión dos lumes— de polígonos agrarios, e de algo que lle chaman «capitalismo popular», que non hai quen o entenda, pero que realmente vai facer do medio de repoboación forestal intensiva coas árbores que todos sabemos de tractor do medio rural.

Mire, siga vostede razoando desde esa alegría ficticia e déixenos a nós na realidade, aínda que sexa dura.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Peche desta pregunta, señora conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Créame que non minto, esquecinme incluso de campos de fútbol ou de supermercados. Iso era o que tiñan vostedes no seu Banco de Terras. Esa é a realidade. Pregúntenlles aos seus alcaldes, que tivemos que escriturar, escrituramos, rexistramos e entregámoslles, para que non teñan problemas, porque en realidade era o Banco de Terras o propietario cando en realidade non deberían estar alí. Iso é como traballaban vostedes.

Despois di que non lles demos tempo nós. Non, non lles deron tempo os galegos (*Risos.*) (*Aplausos.*), que viron o que fixeron durante catro anos e dixeron: «destes señores non queremos saber absolutamente nada».

A partir de aí, direilles: se queren falar de lácteo, falamos de lácteo, falamos de produción, falamos de como estamos neste momento, e direilles que seguimos sendo líderes —preto do 40 % nacional— en produción. En decembro pasado chegamos a bater un récord: 225.000 toneladas.

Miren, os gandeiros galegos facturaron no último ano, 2017, arredor de 815 millóns de euros, un 11 % máis que o ano anterior. Iso tradúcese en 81 millóns de euros máis que no ano 2016. Esta facturación é froito, entre outras causas, de que tamén se incrementou a produción. E incrementouse a produción en 60.000 toneladas máis do que se viña producindo. Iso quere dicir que os galegos seguen un camiño, e ese camiño é dimensionar as explotacións e que esas explotacións, polo tanto, sexan rendibles. A partir de aí podemos falar de prezos.

E se vostede me di se eu quero ir a máis, ¡por suposto!, e quero ir a máis con alegría, con fortaleza, con frescura, pero dicíndolles por onde temos que ir. E o xeito de traballar... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) ...menos pero que a rendibilidade sexa maior, por suposto, é ter base territorial, e nesa liña é na que estamos a traballar.

Estamos a traballar cunha distinción e cunha ordenación do territorio: por un lado, o eido forestal, e, por outro lado, por suposto, o eido agrario. E as dúas cousas —créanme— son compatibles. Nós temos un ámbito único e iso chámase Galicia. E aquí non se trata de enfrontar o ámbito agrario co ámbito forestal, aquí poden valer as dúas partes.

Falando de prezos, falamos do incremento do sector lácteo, do prezo do leite. E quero dicirlles que neste momento estamos en 32,2 céntimos de euro e, polo tanto, é nos últimos tres anos o maior prezo, e imos a máis. ¿Que por suposto nos gustaría chegar á media europea? Nesa liña estamos. Estamos nesa liña na cal moitas veces vostedes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...queren crear dúbidas, que é atraer a industria aquí para transformar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a realización pola Consellería do Mar dalgunha valoración da posible afección na ría de Arousa da reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, señora conselleira.

E moi boa tarde aos representantes da Plataforma en Defensa da Ría de Arousa, que nos acompañan hoxe desde a tribuna.

Vou preguntarlle —agardo que coa alegría e frescura que estea á altura da conselleira do Medio Rural, non sei se serei quen— pola posición de vostede, señora conselleira, e da súa Consellería a respecto da reapertura da explotación da mina de Touro para a extracción de cobre.

Trátase dun proxecto de megaminería a ceo aberto que ocupará unha extensión de 679 hectáreas, proxecto presentado por unha transnacional da minería participada por fondos de investimento e por fondos capitais voitres. Ten un claro obxectivo especulativo de sacar moitos beneficios en pouco tempo e furtar impostos. Minería a ceo aberto consistente en furar toneladas de terreo, coller o mineral, tirar o resto, sacar o cobre mediante un proceso químico e levalo fóra, nin sequera se vai transformar en Galiza. Podíamos resumilo en «colle o cobre e corre». Basicamente é o proxecto.

Esta explotación producirá millóns de toneladas de estériles con altas concentracións de metais pesados e perigosos. A súa ubicación, en plena conca do río Ulla, ten feito saltar todas as alarmas na ría de Arousa e no tecido socioproductivo por temor ás graves consecuencias medioambientais que pode ocasionar. ¿É unha alarma xustificada? Dende logo, no BNG cremos que si, que é máis que xustificada, porque para separar o cobre úsanse produtos químicos cun nivel de toxicidade moi alto, porque o material vai depositarse en enormes balsas altamente contaminadas e, polo tanto, con risco de ser contaminantes; balsas que van ocupar unha superficie equivalente a máis de cincocentos campos de fútbol, con valados que van sumar máis de dous quilómetros e medio e nalgúns puntos unha altura de oitenta metros de altura.

Os terreos e os cursos de auga da mina drenan cara ao río Ulla e, polo tanto, a contaminación que xere irá augas abaixo á ría de Arousa. É evidente que estamos diante dun altísimo risco tamén de que se rompan as balsas. O río Ulla é o principal afluente de auga doce da ría de Arousa. O impacto medioambiental no sector productivo pode ser altísimo, letal. A ría de Arousa, cunha altísima dependencia do mar, da actividade pesqueira e marisqueira; unha actividade fundamental na ría, da que viven máis de 30.000 familias. Actividades moi intensas e man de obra directa e indirecta, fixa poboación, é fundamental para o tecido socioeconómico da ría; en moitos dos concellos supón máis do 20 % do seu PIB.

Polo tanto, señora conselleira, preguntámoslle: ¿cal é a posición da Consellería do Mar respecto a este proxecto de mina? Se ten feito a consellería unha valoración de afectación á ría

de Arousa da mesma. Se ten realizado algún estudo sobre as posibles consecuencias na ría, nos bancos marisqueiros e na pesca; de ser así, ¿cal é o resultado? Se vai atender as demandas das confrarías, das asociacións de mexilloeiros, da Plataforma en Defensa da Ría, dos concellos, para que non se autorice este proxecto de mina.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: E ¿en que fase está —remato, presidente— o informe que ten que emitir a conselleira? Se llo vai trasladar ao sector.

O señor PRESIDENTE: Xa coñece a pregunta. Grazas.

A señora PRADO CORES: E se ese informe vai ser en sentido negativo ou positivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, tenme que permitir que non faga valoracións de futuro sobre algo que aínda se atopa en proceso decisorio e tamén que desde aquí reitere a mesma mensaxe que xa lle trasladai ao sector do mar de Arousa de prudencia, garantía e tranquilidade.

Neste goberno cremos e confiamos no desenvolvemento dunha minería segura e sostible, e entendemos que esta é posible coa normativa vixente. Queremos unha minería que cree máis valor e que cree máis empregos en Galicia. Por iso, a Xunta aplica un proceso garantista e rigoroso que nos leve a permitir só aquelas actividades sostibles e respectuosas cos medios e coas actividades preexistentes, por suposto coa actividade marítimo-pesqueira.

Pero tenme que permitir tamén que, dentro desa defensa a ultranza do sector marítimo-pesqueiro, non queira que entren apriorismos catastrofistas que non veñan avalados polo sustento dos datos reais da propia actividade. Por iso, seguindo ese carácter garantista e rigoroso, pódolle dicir que o proxecto de explotación, o plan de restauración e o estudo do impacto ambiental do xacemento de Touro están seguindo o procedemento de tramitación ordinario, de acordo co que establece a lexislación autonómica, que inclúe quince informes sectoriais e a declaración de impacto ambiental.

Por iso, será o estrito cumprimento da legalidade vixente —que ofrece todas as garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas— o único que determine se o novo proxecto mineiro se pode aprobar ou non. A veciñanza e o sector do mar de Arousa poden estar seguros

diso. Ademais, teña por seguro que o Intecmar actuará, como o está e como o vén facendo, como ferramenta de seguimento e control.

Pero se esta actividade nin sequera comezou, entenderá vostede que non sería nin serio empezar a falar da posible afectación. Polo tanto, remato coa mesma mensaxe que hai un intre: garantismo e rigor no procedemento e, sobre todo, respecto ao medio.

Ao sector pesqueiro de Arousa quérolle transmitir tranquilidade. Saben que contan cunha fórmula transparente de comunicación e información permanente neste asunto e así seguiremos traballando.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: O que quere o sector, señora conselleira, é que ese proxecto non vaia adiante. O resto do que vostede acaba de dicir é palabrería barata.

Mire, como conselleira do Mar a súa prioridade tiña que ser protexer e preservar os recursos mariños e protexer e preservar a xente do mar. E, lonxe de facer isto, vostede acaba de adicarse a minimizar riscos, a botar balóns fóra e agocharse detrás dun informe técnico.

Vostede sabe que un goberno ten a lei, e neste caso a lei pide informes sectoriais que vostede ten que emitir e que, se eses son contundentes coa lei pola que se está tramitando este expediente, que afortunadamente non é a lei chapodada que vostedes fixeron coa lei de depredación, o informe vinculante que vostede emita pode paralizar este proxecto. E, lonxe de facer isto, vostede agóchase detrás dun informe técnico.

Un goberno ten instrumentos legais, pero ten os instrumentos políticos. E vostede hoxe aquí, en vez de poñerse do lado do sector, o que fixo, unha vez máis, é poñerse de perfil, como se vostede non tivera que dicir nada. Mire, ¿que pasará se se rompe unha balsa? Non hai que ir moi lonxe, xa temos exemplos; temos o exemplo en Galiza da balsa de Carballo, da balsa de San Fins. ¿Sóalle de algo Aznalcóllar? ¿Corcoesto?, que eran os mesmos argumentos e diante da presión popular tiveron que botarse atrás.

Mire, vostede fai referencia a que teñen canles de comunicación coa Consellería. O 13 de decembro, coa representación do sector que vostedes escolleron —a que vostedes decidiron que podía ir—, tiveron unha reunión onde estaba presente vostede, o conselleiro de Industria e o director xeral de Minas. ¿Sabe que impresión quitaron? A impresión que quitaron foi que vostedes estaban totalmente de lado da empresa, a conclusión que quitaron foi que vostedes facían de intermediarios da empresa e que non ían mover nin unha palla para defender o sector do mar. E por iso o sector, que está hoxe aí arriba representado, o que quere saber é en que dirección vai ir o informe da Consellería do Mar, informe preceptivo e vinculante. ¡Contéstelles!

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Paz.

A señora PRADO CORES: Non se escude detrás dun informe técnico e teña a valentía... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado, grazas. Terminou o seu turno. Grazas, señora Prado.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Xa está. Terminou o seu turno.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)

Xa está. Terminou.

(Aplausos.)

Turno de peche da pregunta, señora conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, non se poña nerviosa, non se altere. Eu sei perfectamente que a miña responsabilidade é protexer a xente do mar e é protexer os recursos dos que vive a xente do mar. E non se preocupe, que estarei sempre atenta a manter o meu traballo nesa dirección. *(Aplausos.)*

Pero vostede o que non pode é vir hoxe aquí enganar a ninguén. Vostede non pode vir hoxe aquí dicir que a miña Consellería ten que facer un informe preceptivo e vinculante. Porque vostede sabe —e debe de coñecela moi ben— que a Lei de minería de Galicia, que se fixo durante o Goberno bipartito —e recórdolle que vostede algo tivo que ver nesa lei—, precisamente non pide ningún informe da Consellería nin de Pesca nin de Mar. Eu non teño que facer ningún informe vinculante.

Pero non se preocupe, que iso non é o importante. O importante é que os informes sectoriais todos que haxa que facer son os únicos que van ter peso para decidir se ese proxecto pode ou non saír adiante. Vostede non engane a xente, señora Prado, porque vostede aquí eu hoxe creo que vén demonizar unha actividade económica, a minería.

E vostede mesma, cando era delegada da Consellería de Industria e participou —supoño eu— na redacción da Lei de minería, recoñecía xa na primeira liña de xustificación da necesidade de facer a lei que a actividade mineira era unha actividade social e económica moi importante para esta terra. *(Murmurios.) (Aplausos.)* E vostede sabe que cando vostede era delegada da Consellería de Industria na provincia de Pontevedra aprobou, nin máis nin

menos, que catro proxectos de investigación mineira e aprobou, nin máis nin menos, que once proxectos de explotación mineira. *(Murmurios.)* Supoño eu que eses proxectos contaban con todos os informes técnicos precisos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): E non vou ser eu... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Señora Prado, se aquí nós... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Está no uso da palabra a conselleira. *(Murmurios.)*

¡Silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio!

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Señora Prado, señora Prado... *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ¡Non! Aquí a única que non mente son eu, ¡eh! A única que non mente son eu. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)* Nin teño que facer o informe vinculante, que vostede lle está dicindo á xente que teño que facer *(Aplausos.)*, cando pode ler a lei e verá que a Consellería de Pesca non ten que emitir ningún informe. A alguén lle está mentindo vostede. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* A min nunca me vai pillar nunha mentira, señora Prado. *(Murmurios.)*

Eu dígolle que vostede coñece moi ben a lei.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): A lei di que a actividade mineira é unha actividade económica importante e social para Galicia e que nese sentido, e co máximo respecto ao medio ambiente, é necesaria unha tramitación moi técnica da lei. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai que respectar a lei.

O proxecto está presentado, están pedidos todos os informes. O día 10 de xaneiro mantive-mos —como vostede ben di— unha reunión o conselleiro de Economía, Emprego e Industria e eu mesma cos representantes do sector do mar, onde estaban os presidentes e secretarios das federacións de confrarías afectadas, onde estaba a Comisión do Mexillón en pleno. Non houbo ningún veto para ninguén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E ofertóuselles manter todas as reunións posibles que eles quixeran para ir seguindo paso a paso...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...toda a información que se ía obtendo.

Así que —repito unha vez máis— tranquilidade e máximo respecto á lei.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*


O señor PRESIDENTE: Remata aquí un mal día, un mal día polo menos para min. E eu, desde logo, o que vou facer é pedir desculpas en nome de todos, porque a xente que nos está mirando non se merece isto.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Nada máis, moitas grazas.

Boa noite.

Remata a sesión ás seis e trinta minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25